



BALANCE DE ACTUACIONES

Patrimonio 1993 - 2006



SUMARIO

A) UNHA REHABILITACIÓN PARA A HISTORIA

1.- Rehabilitación de vivendas

- 1.1.- Ámbito de actuación
- 1.2.- Oficina de Conservación e Rehabilitación
- 1.3.- Programa Ponte de Rehabilitación
- 1.4.- Rehabilitación de Fachadas e pavimentos
 - 1.4.1.- Fachadas
 - 1.4.2.- Novos pavimentos

2.- Rehabilitación de locais comerciais

3.- Outras intervencións no Casco Histórico

- 3.1.- Parque de Bonaval
- 3.2.- Parque de Belvís
- 3.3.- Recuperación da Alameda
- 3.4.- Axardinamento da Finca Vista Alegre
- 3.5.- Pedroso, Sar e Sarela

- 3.6.- Xardín Botánico
- 3.7.- Mellora de equipamento urbano
- 3.8.- Mellora escena urbana Avda. de Lugo

4.- Intervencións en espazos públicos

- 4.1.- Reurbanización do entorno de San Domingos de Bonaval
- 4.2.- Reurbanización do entorno da Colexiata de Sar
- 4.3.- Reurbanización do entorno da Rúa de Rodas
- 4.4.- Reurbanización de entorno de S. Lourenzo e Poza de Bar
- 4.5.- Intervención en viais públicos do Casco Histórico
 - 4.5.1- Reurbanización da rúa de San Pedro
 - 4.5.2.- Reurbanización rúa de Santa Clara
 - 4.5.3.- Reurb. Peguntoiro, Caldereiría, Orfas e Bautizados
 - 4.5.4.- Reurbanización Rúa de Betanzos
 - 4.5.5.- Reurbanización rúas Home Santo e Angustia
 - 4.5.6.- Reurbanización Rúa Olvido con Avda. Lugo
 - 4.5.7.- Reurbanización Rúa Valle Inclán

5.- Intervencións en monumentos

- 5.1.- Limpeza de fachadas de monumentos
- 5.2.- Rehabilitación Casa do Deán
- 5.3.- Rehabilitación Casa de Vaamonde
- 5.4.- Rehabilitación do Pazo de Bendaña. Equipamentos F. Granell
- 5.5.- Rehabilitación do Teatro Principal

- 5.6.- Rehabilitación da Fundación Torrente. Equipamento
- 5.7.- Rehabilitación do Salón Teatro
- 5.8.- Inter. no conxunto monumental de S.Domingos Bonaval
 - 5.8.1.- Rest. Igrexa San Domingos de Bonaval
 - 5.8.2.- Museo de San Domingos de Bonaval
 - 5.8.3.- Escolas A Milagrosa e San Xosé de Boanval
 - 5.8.4.- Panteón de Galegos Ilustres
- 5.9.- Paraninfo da Universidade

6.- Rehabilitación de edificios relixiosos:

- 6.1.- Restauración da Igrexa das Ánimas
- 6.2.- Rest. da Igrexa do Carme de Abaixo
- 6.3.- Rest. da Colexiata do Sar
- 6.4.- Rest. Convento da Ensinanza
- 6.5.- Rest. Convento das Orfas
- 6.6.- Rest. Capela e Convento de Belvís
- 6.7.- Rest. Convento de San Francisco
- 6.8.- Rest. Convento de Santa Clara
- 6.9.- Rest. Convento do Carme
- 6.10.- Rest. Ermida da Virxe da Fonte
- 6.11.- Rest. Igrexa de César
- 6.12.- Rest. Igrexa de Figueiras
- 6.13.- Rest. Igrexa das Mercedarias
- 6.14.- Rest. Igrexa de Guadalupe
- 6.15.- Rest. Igrexa do Pilar
- 6.16.- Rest. Capela da Orde Terceira Franciscana
- 6.17.- Rest. da Torre Sur da Igrexa de San Agustín

- 6.18.- Rest. da Igrexa de San Bieito
- 6.19.- Rest. da Capela de San Caetano
- 6.20.- Rest. da Igrexa de San Fructuoso
- 6.21.- Rest. da Igrexa de San Lázaro
- 6.22.- Rest. da Igrexa de San Marcos
- 6.23.- Rest. da Igrexa de San Martin de Arins
- 6.24.- Rest. da Igrexa de San Martin de Laraño
- 6.25.- Rest. da Igrexa de San Martin de Eixo
- 6.26.- Rest. de San Martin Pinarío
- 6.27.- Rest. da Igrexa de San Miguel de Afora
- 6.28.- Rest. da Igrexa de San Miguel de Agros
- 6.29.- Rest. de San Paio de Antealtares
- 6.30.- Rest. da Igrexa de San Fiz de Salovio
- 6.31.- Rest. da Igrexa de San Pedro de Busto
- 6.32.- Rest. da Igrexa de San Roque
- 6.33.- Rest. da Igrexa de San Xoán de Fecha
- 6.34.- Rest. da Igrexa de San Xulián de Carballal
- 6.35.- Rest. da Igrexa de Santa María de Conxo
- 6.36.- Rest. da Igrexa de Santa María de Marrozos
- 6.37.- Rest. da Igrexa de Santa María do Camiño
- 6.38.- Rest. da Igrexa de Santa María de Salomé
- 6.39.- Rest. da Igrexa de Santa Susana
- 6.40.- Rest. da Igrexa da Pastoriza
- 6.41.- Rest. da Igrexa da Peregrina
- 6.42.- Rest. da Igrexa da Quinta Angustia
- 6.43.- Rest. da Igrexa da Compañía (Igrexa da Universidade)
- 6.44.- Rest. Da Igrexa de Santa Lucía de Sabugueira

7.- Rehabilitacións conxuntas de Igrexas

7.1.- Grixoa, Busto e Verdía

7.2.- Sar, Sabugueira e Bando

7.3.- Santa Cristina, S. Pedro e S. Cristobo

7.4.- San Paio, Guadalupe e Agualada

7.5.- San Xián, San Cristobo e San Andrés

8.- Outras intervencións

8.1.- Restauración de campás

B) NOVAS INFRAESTRUCTURAS

1.- Ampliación da Avenida de Lugo

2.- Parking e remodelación Avda. Xoán XXIII

2.1.- Parque de San Xoán de Vista Alegre

2.2.- Polideportivo Lorenzo de la Torre

3.- Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia

4.- Pavillón Multiusos Fontes do Sar

5.- Piscinas do Sar

6.- Reurbanización da Finca Vista Alegre

6.1.- Casa de Europa

6.2.- Centro de Estudos Avanzados

6.3.- Escola de Altos Estudos Musicais e equipamento

7.- Albergue de Peregrinos de San Lázaro e equipamento

1.- Rehabilitación de Vivendas

Santiago de Compostela é unha cidade única. Unha cidade que ten un centro histórico vivido e habitado onde o feito urbano maniféstase, como no resto da cidade, de maneira continuada. As súas vivendas non son o pasado senón o último estado dunha arquitectura popular en constante evolución, intelixentemente renovada con técnicas adaptadas.

A xestión que recolle o programa de rehabilitación de vivendas comprende o período 1994-2001, que é o que vai desde a creación da Oficina de Conservación e Rehabilitación da Cidade Histórica en xuño de 1994 e primeiros anos de aplicación da nova “Ordenanza Municipal de axudas á Rehabilitación de Edificios e Vivendas” que, en execución do Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Cidade Histórica toma o relevo do primeiro programa, o “Plan Ponte de Rehabilitación Interior de Vivendas”.

A partir de aí, o proceso de renovación continuou existindo baixo os mesmos principios e criterios de intervención, se ben a nova ordenanza aprobada en marzo de 2000 introduciu factores na aplicación das axudas, que, como a catalogación ou nivel de protección dos edificios, supoñen un maior axuste e equidade no reparto dos orzamentos dispoñibles.

Así pois, os criterios cos que se realizan as intervencións de rehabilitación en Santiago procuraron satisfacer as necesidades actuais de confort sen romper o equilibrio da cidade e sen variar os sistemas que aseguran a transformación destes edificios ás futuras xeracións.

Deste xeito, a planificación urbanística da cidade histórica prevía unha inversión en rehabilitación preto de 72.000.000 euros (12.000 millóns de pesetas) ó longo dun período de doce anos que comezaba coa aprobación do Plan Especial. A súa finalidade está estreitamente ligada o proxecto da cidade, tanto desde o punto de vista social como funcional e económico.

Nun momento no que a acción política española caracterizábase pola falta de coordinación entre as diferentes administracións, desenvolve un papel transcendental a xestión deste proxecto realizada desde o Consorcio de Santiago, organismo que financian e no que cooperan e se coordinan tres administracións: o Concello de Santiago, a Xunta de Galicia e o Estado.

A planificación foi concebida como o primeiro dos mecanismos capaces de impulsa-lo desenvolvemento da cidade en tódolos frontes, un proceso de base urbana no que a sucesión de fitos, eventos e conmemoracións serviron de acicate e estímulo para o desencadenamento dos efectos dinamizadores dun complexo e ambicioso proxecto urbano. É así como a celebración do Ano Santo de 1993, a conmemoración do V Centenario da creación da Universidade de Santiago en 1995, a celebración do Ano Santo de 1999, e a compartida Capital Cultural Europea no ano 2000 vanse encadeando como ocasión para unha transformación urbanística, pero tamén económica e social, con implicacións que transcenden o ámbito local dunha cidade da dimensión de Copostela.

Según os directores do Plan Especial e da revisión do Plan Xeral, *“as propostas do sistema xeral de comunicacións, a localización dos grandes usos, a previsión das áreas de crecemento, o deseño do sistema de dotacións públicas e a regulación da ordenación do territorio municipal*

obedecen ó criterio xeral de propiciar unha estrutura urbana compacta, cunha organización de usos que alivie a conxestión das zonas centrais e dimensionada proporcionalmente en relación á cidade histórica, nunha escala aínda peatonal, de modo que permita a esta parte da cidade preservar e reforza-las funcións urbanas que a manteñen viva”.

Este concepto do territorio histórico, unido á expansión da cidade coas súas novas infraestructuras e servicios como capital de Galicia, como Capital Europea da Cultura no ano 2000, é o que convertiu a Santiago de Compostela nunha das cidades máis atractivas e visitadas de Europa. Esta actividade colectiva mereceu en 1996 o *Premio da Asociación Europa Nostra*, e o *Premio Gubbio da Asociación de Centros Histórico-Artísticos* de Italia; o *Premio Europeo de Urbanismo* na modalidade de Planificación Local outorgado pola Comisión Europea e o Consello Europeo de Urbanistas concedido en 1997, e o *Premio U.N. Habitat 2002* da Organización de Nacións Unidas supoñen os máis altos recoñecementos do valor e cualidade do Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Cidade Histórica e da xestións do seu programa de rehabilitación.

1.1.- Ámbito de actuación

O ámbito de actuación do programa de rehabilitación comprende as 180 Has. da cidade histórica, definido no Plan Xeral de Ordenación Urbana e con lixeiras modificacións no Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Cidade Histórica.

- A cidade histórica está formada por 2.829 edificios dos que 169 son dotacionais.

- Contén 6.717 vivendas, das que 960 (14,3%) permanecían valeiras en 1990.
- Neste ámbito viven 17.400 persoas, sendo 4.834 transeúntes e principalmente estudantes.
- A distribución media é de catro vivendas por edificio. Os dunha soa vivenda representan o 44,4% sobre o total e reúnen o 18% das vivendas.
- O 91% dos edificios non superan as 6 vivendas e un 44,2% alberga entre 2 e 4 vivendas.

Os edificios da cidade histórica de Santiago están en condicións aceptables de conservación se os comparamos co estado de edificación histórica en boa parte do país. Segundo datos da etapa de información do Plan Especial (1990), o 38,5% dos edificios en estado regular poderían incrementar, a medio prazo, o 10,7% dos edificios que se atopan en mal estado. O alcance da valoración de regular e mal estado analizouse a partires da consideración de cinco elementos: muros, entramados de piso, cubertas, baixantes e instalación eléctrica. As deficiencias con maior presenza no parque de edificios son o mal estado das cubertas (9,8%), instalacións obsoletas ou deterioradas (10,9%), e o mal estado dos entramados de piso, presente no 8,6% dos edificios. Os problemas estruturais nos muros portantes apenas son relevantes, pois so un 2,6% dos edificios presentan problemas de verticalidade nos seus muros. Dado que varias deficiencias coinciden nun mesmo edificio, confírmase a cifra duns 278 edificios en malas condicións. Nestes edificios, a deficiencia máis xeneralizada é o mal estado da cuberta (61%) e dos entramados de piso (52,3%).

O estado dos edificios relaciónanse directamente cos usos que alberga e co seu réxime de propiedade. Atópanse en peor estado os edificios con uso residencial que os edificios con outros usos. Entre os edificios con uso residencial, están en peor estado os que albergan unha soa vivenda.

Réxime de tenencia da edificación (*)

- Edificios de propiedade única..... 83,1 %
- Edificios en réxime de comunidade... 14,9 %
- Edificios institucionais..... 2,0 %

(*) Segundo datos Avance Plan Especial, 1990

Réxime de tenencia das vivendas (*)

- Vivendas en réxime de alugamento... 38,0 %
- Vivendas con renda antiga..... 24,0 % das alugadas

(*) Segundo datos Avance Plan Especial, 1990

Polo réxime de tenencia, atópanse en mellor estado os edificios en propiedade que os arrendados, e entre estes, lévanse a peor parte os edificios alugados antes de 1964. O grao de extensión do réxime de alugamento repercute nas condicións dos edificios, e léxicamente, un maior número de vivendas alugadas no edificio corresponde cun mellor estado do mesmo.

Tamén incide no seu estado o grao de ocupación dos edificios: case unha terceira parte dos edificios que albergan vivendas baleiras atópanse en mal estado (29 %) e máis do 36 % en estado regular. Un 55,8 % dos edificios en mal estado teñen unha soa vivenda.

Tamaño das vivendas (*)

<i>Superficie</i>	<i>Nº de vivendas</i>	<i>Porcentaxe</i>
0 - 40 m2	1.290	20,0
41 – 70 m2	2.341	36,2
71 – 100 m2	1.337	20,7
101 – 150 m2	888	13,7
Máis de 150 m2	610	9,4

(*) Segundo datos Avance Plan Especial, 1990

Os edificios con vivendas de superficie media están en peor estado que os das vivendas máis amplas, e entres os edificios con vivendas de superficie útil de 41 a 100 m2 máis do 51 % atópanse en malas ou regulares condicións. Os edificios en mellor estado son os que albergan vivendas de máis de 150 m2, dos que só un 6,1 % se atopan en mal estado e o 56,4 % están en boas condicións. Os edificios con vivendas entre 100 e 150 m2 encóntranse en bo estado nun 50,5 % dos casos. Existe un elevado 10,2 %

de edificios con vivendas pequenas que se atopan en mal estado e que son edificios unifamiliares de reducido tamaño.

1.2.- Oficina de Conservación e Rehabilitación

Desde 1992, o Consorcio da cidade promove a través do Concello un conxunto de medidas de fomento e axudas tendentes a garanti-la mellora das condicións de vida dos habitantes da cidade histórica e o mantemento do conxunto edificado recoñecido como Patrimonio da Humanidade.

Por convenio asinado o 24 de abril de 1994, o Consorcio de Santiago encomenda ó Concello o establecemento das medidas oportunas para a execución das actuacións de rehabilitación da cidade histórica, que continúen o labor emprendido en 1992 e no que, coa colaboración dos cidadáns, se adecentaron os exteriores do 60 % dos edificios mellorando a súa imaxe urbana e recalificando o seu entorno.

Dous meses despois créase a Oficina de Conservación e Rehabilitación da cidade histórica, que se ocupará desde entón do deseño e xestión técnica dos programas municipais de rehabilitación. A Oficina ocupa parte do Pazo de Vaamonde, sede do Consorcio de Santiago, unha vez rehabilitado o seu interior e dotada cos medios técnicos necesarios para estimular e asesorar ós cidadáns no proceso da rehabilitación das súas vivendas, así como diagnosticar correctamente as súas necesidades de intervención.

A súa xestión fundaméntase en dous pilares básicos:

- A atención directa, persoal e cualificada ós habitantes da Cidade histórica e ós axentes que interveñen nas obras, prestando a asistencia técnica necesaria para a definición e execución das intervencións.
- A axuda integral na xestión dos procesos administrativos e na tramitación dos permisos e licencias, aspecto que non se pode desvincular do anterior e que, en xeral, supuxera unha gran barreira ó normal proceso de renovación controlada do casarío.

As intervencións, recollidas no Avance do Plan Especial, contan cos seguintes obxectivos:

- Mante-lo tecido residencial mediante intervencións lixeiras e dispersas, fixando a poboación residente, mellorando as condicións de habitabilidade das súas vivendas e promovendo a ocupación daquelas que nos últimos anos foran abandonadas.
- Promover socialmente a cultura da rehabilitación e o mantemento coherente das edificacións da cidade histórica.
- Estructurar na cidade unha rede de operadores da rehabilitación, fomentando unha praxe constructiva axeitada e suficientemente experimentada para conservar e mellorar estes edificios.

1.3.- Programa Ponte de Rehabilitación

Concebido como un instrumento de intervención inmediata, o Programa Ponte ía dirixido a actuar sobre a xeneralidade dos inmobles da cidade histórica con intervencións lixeiras e de baixo custo, encamiñadas a frear ou contrarresta-los efectos máis perniciosos daqueles procesos detectados no Avance do Plan Especial, e co obxectivo prioritario de fixar á poboación residente mediante a mellora das condicións de habitabilidade e confort das súas vivendas. Desde a orixe e polo seu carácter temporal tivo vocación de transitoriedade, á espera de establecer un marco de axudas á rehabilitación programado no Plan Especial, cúa aprobación definitiva tivo lugar no mes de marzo de 1997.

O Programa Ponte instrumentouse a través da “Ordenanza de axudas á rehabilitación interior de vivendas da cidade histórica”, deseñada pola Oficina de Rehabilitación. As axudas do Programa Ponte están orientadas a resolve-los problemas das vivendas que carecen dos servizos sanitarios básicos, presentan instalacións eléctricas ou de fontanería en mal estado, ou teñen serias deficiencias nos elementos comúns da edificación, harmonizando a súa renovación co respecto e a conservación dos elementos da arquitectura histórica presentes na edificación.

Para favorecer-las situacións economicamente máis débiles e incentivar-la realización de obras convenientes para a conservación do edificio, as subvencións deste programa establecéronse sobre un orzamento protexible máximo de 12.000 euros + IVE (2.000.000 ptas + IVE), en función dos ingresos familiares e da contía da obra a realizar.

Este orzamento foi fixado na consideración de que con el era posible mellora-lo estado dos servicios sanitarios básicos da vivenda (cociñas e baños), substituí-la instalación eléctrica ou as conduccións de fontanería e efectúa-la renovación dalgúns acabados. A Ordenanza foi aprobada polo Pleno Municipal en sesión celebrada o día 3 de outubro de 1994 e publicada no Boletín Oficial da Provincia o día 29 do mesmo mes. O programa está vixente desde o día 1 de novembro de 1994.

A Oficina de Rehabilitación obtivo a colaboración de 38 empresas homologadas, que se ofreceron ós particulares para a realización das súas obras. En tódolos casos os cidadáns podían elixir libremente a empresa que realizaría as súas obras, fora homologada ou non, pero as empresas homologadas, que aceptaron como condición para a súa homologación respecta-lo “cadro de prezos da Rehabilitación”, aceptaban como máximos os orzamentos calculados pola Oficina para cada intervención. Ademais, se a obra era realizada por unha empresa homologada, a subvención aboábase directamente á empresa ó finaliza-las obras, co que o particular só pagaba ó contratista a parte que lle corresponde aboar, unha vez descontado o importe da subvención do importe global da obra.

Tódolos proxectos realizáronse na Oficina de Rehabilitación, agás os que na primeira visita xa foran considerados como obra de maior complexidade, e que serían encargados polos particulares a un arquitecto da súa libre elección.

O promedio de orzamento de intervención nunha vivenda foi, para estas intervencións, de 21.134,76 euros (3.516.529 ptas) e nun edificio, o custo medio das obras realizadas sobre os elementos comúns da edificación foi de 17.588 euros (2.926.356 ptas.).

A idade media dos beneficiarios das subvencións que habitan as vivendas rehabilitadas é de 67 anos; o 55% dos mesmos teñen unha idade superior ós 70 anos. Polo tanto, da análise das condicións económicas dos solicitantes das axudas do Programa de Rehabilitación pódese concluir que:

- O 91 % dos beneficiarios das axudas do programa están por debaixo do nivel de ingresos requerido para acceder ás axudas do Plan de Vivenda estatal, e o 70 % poderían acceder a vivendas sociais.
- Os beneficiarios con ingresos familiares inferiores a 5,5 veces o Salario Mínimo Interprofesional absorben o 95,7 % das subvencións concedidas. O 70 % das subvencións corresponden a familias con ingresos inferiores a 2,5 veces o Salario Mínimo Interprofesional.
- O nivel medio de subvención é tanto máis alto canto máis baixo é o nivel de ingresos familiares (17,8 % para ingresos superiores a 5,5 do Salario Mínimo Interprofesional, 44,8 % para ingresos inferiores a 2,5 do Salario Mínimo Interprofesional).

Desde o 1 de novembro de 1994 ata o 30 de maio de 2006, os datos do seguimento do Programa Ponte de Rehabilitación arrojan os seguintes datos:

- Solicitudes de visita técnica previa..... 1.314
- Visitas técnicas realizadas..... 1.314
- Solicitudes oficiais de rehabilitación..... 959
- Memorias valoradas ou proxectos realizados..... 742
- Licencias solicitadas neste Programa..... 679
- Licencias concedidas..... 687

- Contratos de obra formalizados..... 531
- Obras rematadas..... 613
- Obras en execución..... 19
- Solicitudes oficiais realizadas por: Comunidade..... 120
- Solicitudes oficiais realizadas por: Inquilino..... 32
- Solicitudes oficiais realizadas por: Propietario..... 807
- Solicitaron a súa rehabilitación: Edificio..... 297
- Solicitaron a súa rehabilitación: Vivenda..... 652
- Solicitaron a súa rehabilitación: Vivenda unifam. 9
- Inmobles valeiros que solicitan rehabilitación: Edificio 51
- Inmobles valeiros que solicitan rehabilitación: Vivenda 155

- **Orzamentos realizados ata a data**

- Total previsto de obra en memorias valoradas 14.948.889,06 euros
- Total previsto de subvencións nestas memorias valoradas: 4.932.609,67 euros
- Total previsto de obras non subvencionadas: 10.016.279,39 euros.

- **Orzamentos de obras xa rematadas**

- Total de obra rematada 13.218.241,71 euros
- Total de obras non subvencionadas..... 8.977.141,39 euros
- Total subvencionado..... 4.241.100,32 euros
- Obras rematadas..... 613
- Importe medio das obras rematadas..... 21.563,20 euros
- Subvención media concedida..... 6.918,60 euros

- **Orzamentos xerais do Programa**

- Total previsión obras oficialmente solicitadas: 7.460.867,26 euros
- Total previsión subvencións comprometidas: 2.393.834,77 euros.

1.4.- Rehabilitación de Fachadas e pavimentos

1.4.1.- Fachadas

A través desta intervención incidiuse na envolvente exterior dos edificios coa finalidade de mellorar a imaxe da cidade ao tempo que se evitaba o posible deterioro das vivendas, previndo o abandono das mesmas. Deste xeito, a rehabilitación exterior deixaba preparados os edificios para acomete-la reforma dos interiores, segundo o previsto no Plan Especial do Casco Histórico.

No que atinxe á rehabilitación das fachadas o balance foi un auténtico éxito á vista dos resultados obtidos. Concretamente, ata o 24 de setembro de 1993, das 1.771 solicitudes de arranxo de fachadas, que supuñan un total de 1.440 edificios, rehabilitáronse 1.375, cun investimento nas obras duns 450 millóns de pesetas. Así pois, dezaseis meses despois do asinado do convenio, o 95% das previsións, en canto á rehabilitación de exteriores, xa se cumprira. A resposta dos veciños fora, polo tanto, auténticamente masiva, e a actuación da Empresa TEXSA, executora deste Plan, excelente.

Os datos falan por sí mesmos: 160.472 metros cadrados de andamios colocados; 111.148 metros cadrados de superficie de fachadas limpas; e

131.936 metros cadrados pintados; 34.683 de carpintería e 19.363 de cerrallería.

O presuposto desta intervención, iniciada no 1993 e rematada no 1996, foi de 544.992.634 pts. das que 81.638.312 pts. foron pagadas no ano 1995 e 66.834.238 pts no ano 1996.

1.4.2.- Novos pavimentos

A reparación de pavimentos, iniciada en outubro de 1992 pola Empresa Pedra Vila, supuxo a reparación e reposición de empedrado nas rúas, calzadas, e berarrúas do casco histórico, ata un total que supera as 80, mediante técnicas tradicionais de cantería. Nalgunhas rúas, como nas de Home Santo e Angustias, se emparellou esta actuación coa substitución da rede de abastecemento de auga.

Segundo as características da superficie sobre as que se actuou, distínguense dous tipos de rúas: aquelas donde as intervencións consistiron fundamentalmente na reposición e reparación de calzadas e das beirarrúas nas que predominaron o enlousado e aquelas onde a obra consistiu no remate de chapacuña e adoquín.

No primeiro grupo, as actuacións consistiron principalmente na reparación de asentos do enlousado e limpeza das xuntas. En todas esas actuacións mantéronse as lousas existentes, reutilizándoas e asentándoas con morteiro de cemento sobre a base actual, debidamente acondicionada. No caso de substitución de lousas, as novas axustáronse ás características das que se manteñen, tanto na calidade do seu material –en tódolos casos

pedra granítica de grao fino- como nas súas dimensións e acabado superficial.

A limpeza do enlousado realizouse aburxardándoa mediante chorro de area ou de auga. Tamén se utilizaron solucións de funxicidas ou herbicidas para a eliminación de musgos e líquens.

No segundo grupo, as actuacións consistiron básicamente na reparación de fundamentos e asentos do pavimento do adoquín e desprendimentos de chapas de pedra de base, así como a limpeza e recomposición de carácter eventual realizadas con anterioridade, como rebacheos que se fixeron con asfaltado ou cemento.

As obras de enlousado realizáronse nas rúas Hortas, Carretas, Raíña, Nova, Praterías, as dúas Algalias, Trinidad, San Clemente, Fonseca, Franco, Pexigo, San Pedro e prazas de Mazarelos e Obradoiro.

Igualmente aplicouse chapacuña nas rúas Hortas, Trinidad, Carretas, Pexigos, Laureles, Penas, San Domingos de Bonaval e praza de Mazarelos.

O presuposto total da reparación da pavimentación referida, a 24 de setembro de 1993, foi de 221.985.521 pesetas. Este presuposto incluíu a substitución da rede de abastecemento de auga nalgunhas rúas.

2.- Rehabilitación de locais comerciais

Na cidade histórica atópanse 1.857 locais comerciais, dos que 1.605 encontrábanse ocupados no ano 1990. O 40,60 % ten un uso comercial e o 26 % uso hosteleiro. O resto repártese entre oficinas e servicios (13,5 %) e outras actividades (19,9 %). O réxime de propiedade dos locais alcanza o 50,50 %, mentres que manteñen rendas antigas o 38 % do resto.

A comezos de 1996 abriuse un novo programa dedicado á mellora das condicións dos locais comerciais existentes na cidade histórica. A potenciación e desenvolvemento da actividade económica e comercial na cidade histórica é tan importante como o mantemento do tecido residencial e un dos soportes de que a actividade residencial conserve e mellore os actuais índices de ocupación.

As obras que podían ser obxecto de subvención definíronse nunha ordenanza que regulaba as axudas do programa de forma similar ás establecidas para a vivenda: a adecuación dos elementos de fachada ou a súa adaptación ás condicións do entorno, a instalación de sistemas de detección de incendios e a mellora das instalacións e servicios sanitarios básicos. A rendibilidade social deste programa é clara, xa que a proliferación de locais dos que a imaxe sexa atractiva axuda a crear unha identidade como área comercial e atrae outros tipos de comercio que revitalizarán a actividade económica no tecido histórico.

Este programa atendeu 250 solicitudes desde a súa orixe, pero as intervencións en locais comerciais ofrecen maior complexidade que sobre o tecido residencial: por un lado, o propietario dun local con renda antiga

móstrase en xeral remiso a autoriza-las obras requeridas polo inquilino, pois a alta cotización dos locais na cidade hitórica alimenta o seu interese por desprenderse do “pouco rendible” inquilino e activa tódalas opcións o seu alcance para logralo no menor tempo posible.

O programa supuxo un novo impulso ó atractivo comercial da cidade histórica e tamén un aliciente para a realización de obras no entorno do local rehabilitado. A maior demanda concentrouse no cambio de escaparates, na instalación de sistemas de seguridade e na renovación dos servicios sanitarios nos locais de uso público.

3.- Outras intervencións no Casco Histórico

3.1.- Parque de Bonaval

O Parque de San Domingos de Bonaval é unha peza fundamental dentro do proceso de transformación de Santiago. A recuperación de 40.000 metros cadrados para uso público, transformados en zona verde e contenedores culturais, contribuíron á consolidación de Compostela como unha das cidades con máis espazos públicos de lecer. Pois a recuperación das hortas, do vello cemiterio romántico e de tódolos espazos que circundan o convento e a Igrexa permite disfrutar dun novo lugar ó aire libre cunhas características excepcionais.

O proxecto de recuperación parte do arquitecto luso Álvaro Siza, que cun plano de 1907 reconstrúe na súa imaxinación o antigo Parque de San Domingos de Bonaval. Deste xeito, e seguindo este deseño, a finca de San Domingos recobra con tintes modernos e tradicionais o perdido esplendor de antano, donde non hai moito se celebraban animadas romarías e festas populares.

Encravado no centro histórico de Santiago, a elección dun arquitecto de prestixio –apoiado por Isabel Aguirre como arquitecta e paisaxista- para defini-la actuación do Parque de Bonaval dá unha idea da dimensión do proxecto. En base ó mencionado plano de principios de século, Siza optou por basea-la proxección nos elementos tradicionais que perviven no Parque. Algúns deles estaban á vista, semisoterrados ou soterrados de todo. As obras semellaban unha operación de rescate de vestixios que se incorporaron á actuación, ou que serven precisamente de base para o deseño que se levou a cabo.

Nunha primeira fase acometeuse esencialmente a restauración das ruelas de Costa da Caramoniña e de Costiña do Monte, coa recuperación dos seus valos, e interviuse no cemiterio. Posteriormente entrouse nunha fase de remodelación da carballeira, da horta e do camposanto. No primeiro dos mencionados espazos, as árbores constitúen o ingrediente esencial, pero a repoblación de arborado e arbustos espállase a zonas delimitadas dos outros espazos, creándose un recorrido de interese para os estudiosos ou aleccionados á botánica.

Restos de muros, fontes, escaleiras, aliñacións de árbores, xardíns (recuperouse o antigo xardín monacal), agromaron para realza-la nova figura da horta de San Domingos. Un dos elementos esenciais que figuraban no proxecto de 1907, e que conforma un dos eixes da actuación, é a auga. Fontes e lagoas artificiais pasan a integrarse no novo escenario natural, como un espello de antano. A consolidación dos valos foi outro dos obxectivos trazados polos técnicos. A intervención recolle igualmente toda unha rede de pluviais e saneamento, rede de rego automático e hidratantes, e rede de iluminación pública.

No deseño do novo Parque ten unha gran importancia a inclusión e recuperación plena do cemiterio. Permanecerá para as futuras xeracións co carácter romántico desta parcela, que acolleu ata hai moi poucos anos os restos de galegos tan ilustres como o poeta Aurelio Aguirre. Consérvanse os nichos e cinceiros, aínda que non as lápidas, que permanecen como elemento testemuñal. O recinto converteuse así nun paseo agradable, axeitado para a lectura, meditación e mesmo para oportunas manifestacións socioculturais.

Con esta recuperación, o visitante pode atopar no Parque de Bonaval espazos adecuados a todo tipo de actividades de lecer; disfrutar das extraordinarias vistas sobre a cidade en miradores privilexiados, dispor dun fermoso espazo axeitado para auditorio ó aire libre, etc.

Unha gran escultura de Eduardo Chillida, fundida en aceiro cortén, de 17 toneladas de peso, encadra unha das máis significativas vistas da cidade. O escultor vasco fixo con ela unha homenaxe á Compostela, titulándoa “Porta de Música”. O encrave é excepcional e a súa silueta é todo un símbolo do novo Parque.

O Parque de Bonaval completa, polo tanto, unha importante zona de servizos e usos culturais na que se atopan o Convento e Igrexa de San Domingos –sede do Panteón de Galegos Ilustres, do Museo do Pobo Galego, Salas Municipais de exposicións- e o Centro Galego de Arte Contemporánea, obra esta última tamén do arquitecto Álvaro Siza.

O coste desta intervención , iniciada no ano 1993, foi de 390.777.392 ptas.

3.2.- Parque de Belvís

A urbanización do Parque de Belvís constitúe unhas das máis importantes actuacións de recuperación dun espazo público en desenvolvemento do Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Cidade Histórica. O Proxecto Básico de Urbanización foi redactado pola Oficina de Planeamento coa colaboración do arquitecto José Luis Pérez Franco. O proxecto de urbanización dunha primeira fase é o comprendido entre a rúa Trompas e a Área SUNP-9.

A conversión da valgada de Belvís, antigo espazo de hortas e cultivos, nun espazo de uso público é unha vella idea da cidade, que ten o seu primeiro recoñecemento coa súa consideración como sistema xeral no Plan Xeral e, en segundo lugar, no Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Cidade Histórica que establece unhas determinacións para o seu desenvolvemento, que permita a formalización dun amplo Parque Urbano nunha posición estratéxica dada a súa proximidade á aménodoa murada.

Esta decisión de localización do novo parque encadéase coas restantes decisións estratéxicas da política urbanística e de planificación do conxunto da cidade de Santiago; por un lado a obtención desta ampla zona contribúe o incremento das dotacións de espazos libres na cidade; por outro, posibilita o equilibrio de calidade urbana dos barrios extramuros de Trisca-Belvís e Castrón Douro, encardinándose coas políticas de recuperación impulsadas polo Plan Especial da Cidade Histórica.

Aínda máis, a proposta do Plan Especial da Cidade Histórica incide nun novo entendemento das dotacións da cidade co encadeamento das zonas libres nunha sucesión de espazos (Parque de Bonaval, Belvís, Sar,...) e a recuperación ambiental de espazos naturais deteriorados en consonancia con outras actuacións abordadas na cidade, tendentes á mellora medio ambiental de conxunto.

Entre os obxectivos de ordenación do Parque de Belvís destacaremos:

- Dotar á cidade dun novo Parque Urbano de carácter ambiental valorando a súa posición na cidade histórica, e integrando os elementos materiais e artificiais que conformaron ó longo do tempo a construción do territorio (bancais, muros, regato).
- Enriquece-las relacións entre a amédoa murada e os barrios exteriores da Cidade Histórica (Belvís, S. Pedro, Posigo, Castrón Douro) creando novos percorridos transversais e lonxitudinais que atravesen o Parque, e acondicionando os existentes. Recupérase a Rúa das Trompas como elemento central de accesibilidade.
- A intervención aproxima a rúa do Olvido e o Barrio do Posigo ó Parque Urbano, garantindo unha interrelación que favorece a súa dinamización. A praza do Olvido é un dos accesos ó parque dende o Ensanche.
- Entre os obxectivos particulares está a mellora do nivel dotacional coa implantación de novos equipamentos multiuso nos seus bordos, directamente relacionados co parque e cos barrios colindantes.
- Abórdanse as melloras infraestruturais, viarias e de aparcamento suprimindo a impactante actuación viaria provisional e recuperando o espazo verde que actúa como antesala do Convento de Belvís.

O ámbito do proxecto de urbanización abrangue unha extensión superficial de 29.615 metros cadrados. En continuidade con el sitúanse 25.600 metros cadrados que corresponden as áreas dotacionais e de zonas libres do Plan Parcial SUNP-9, conformando en conxunto unha única peza morfolóxica asociada historicamente á valgada interior leste de San Roque-Bonaval-Belvís.

As características ambientais da valgada veñen singularizadas polo grande formato do espazo, cunha calidade de división interna sinalada pola presenza de grandes muros patrimoniais e cunha particular topografía de bancais e hortas muradas en pendente sobre a canle do rego de Belvís, configurando un ámbito interno, silencioso e relativamente oculto da cidade que recolle nos seus bordos, con naturalidade e boas perspectivas, a implantación dun conxunto de grandes edificacións (Colexio da Compañía de María, Covento de Belvís, Seminario Menor...).

Así pois, leváronse a cabo as obras de urbanización mediante a apertura dunha nova rúa interior e sendas peatonais, a pavimentación das mesmas, o tratamento dos espazos verdes, o arranxo de tódolos muros que delimitan os distintos recintos do parque, así como a reposición e/ou dotación das instalacións de servicios urbanísticos.

Os elementos básicos de que constou a actuación de reurbanización foron os seguintes:

- Renovación do tratamento superficial do espazo público, mediante a construción dunha nova rúa realizada con pavimento e adoquín na calzada e de beirarrúas de costeiros de granito e formigón lavado; adecuación do espazo verde central e dos distintos recintos temáticos mediante plantación de novo arbolado, setos e césped; realización de sendas peatonais e escaleiras de formigón lavado, granito e terra batida; realización dunha plaza enlousada de granito na entrada ó Parque desde o barrio do Posigo e construción de terrazas en formigón lavado no

contacto coa rúa Trompas á altura das antigas vivendas dos traballadores da fábrica de curtidos.

- Consolidación de tódolos muros existentes mediante limpeza, retirada de elementos vexetais, substitución de zonas deterioradas de mampostería... Recuperación dos muros que se atopaban en completa ruína (o muro derruído entre a rúa Belvís e o antigo secadeiro da fábrica de curtidos). Realización de novos muros, creados con mampostería de granito similar á existente no resto do parque. Limpeza e reconstrucción do pilón existente na parte interior da subida da rúa Trompas á Belvís.
- Iluminación pública e subterraneización das conduccións de instalacións de baixa tensión .
- Renovación da rede de saneamento coa implantación de novas conduccións separadoras de recollida de augas pluviais e residuais.
- Renovación das conduccións de abastecemento domiciliario e do parque de auga, incluíndo acometidas. Realización dun sistema de rego automatizado.
- Limpeza xeral de elementos.

O presuposto executado acada a cantidade de **1.155.143,76 euros**.

3.3.- Recuperación da Alameda

A reforma da Alameda, polo seu especial vínculo coa cidade, é xunto coa recuperación de Bonaval e Belvís, a actuación máis salientable na consecución da mellora e ampliación de zonas verdes de Santiago. Por iso a súa remodelación fíxose de maneira respectuosa coas características

históricas e ambientais do conxunto, sen renunciar á mellora e restauración de tódolos elementos que conforman este parque; un parque sobre o que xira practicamente toda a vida cidadá. É por isto que non se podía esquecer que este lugar era xa utilizado como espacio libre para feiras, mercados e actos públicos dende que no ano 1546 os seus propietarios, os condes de Altamira, o cedesen ó Concello.

A súa actual configuración iníciase no período 1835-1850 e o seu trazado está inspirado nas “promenades” francesas e máis directamente na súa versión española de “salón urbano”.

Inicialmente construíronse dous grandes paseos denominados de Madrid e París, paseos que sufren sucesivas reformas no período 1870-1900 ata chegar á actualidade.

No seu estado actual o conxunto da Alameda está formado por catro salóns ou paseos paralelos de 110 metros de lonxitude, pavimentados en terra compacta e separados entre sí por ringleiras de bancos e arbolado.

O aspecto que agora presenta a Alameda é o resultado de dúas fases de remodelación. A primeira tivo lugar nos xardíns lindantes co Instituto Rosalía de Castro e Porta Faxeira a primeiros do anos 1990. Pero ata daquela non se fixera obra neste pulmón urbano dende que no ano 1932 o alcalde López Pol levara a cabo os últimos traballos de recuperación.

Así pois, a primeira das fases de remodelación da Alameda comezou a finais do 89 e rematou a mediados de 1990. Nestes poucos meses tratáronse os xardíns situados á fronte do antigo instituto feminino, pavimentando os paseos que xa estaban contemplados anteriormente. Estes traballos

respectaron así mesmo a fonte e os servicios públicos. Esta primeira fase servíu tamén para sanear toda esa zona, instalando canalización por tódolos puntos; dotándoa de alumeado, moi deficiente ata entón; e reparando toda a xardinería, estragada por varias causas, entre elas o ciclón Hortensia, temporal durísimo de auga e vento que desfixo unha grande cantidade de especies vexetais radicadas na Alameda dende tempos históricos.

Estas obras, levadas a cabo íntegramente polas Brigadas Municipais, consistiron tamén na remodelación do Palco da Música, elemento representativo deste parque que data do ano 1896 e que estaba en moi mal estado. Nesta mesma situación atopábase a balaustrada lindante coa Avenida de Xoán Carlos I e que tamén se reparou. Fixéronse, por último, traballos de adecuación no parque infantil, instalando fontes de auga potable.

A segunda das fases de remodelación comezou no mes de novembro de 1994, emprendida polo Consorcio de Santiago. Foron en total cinco meses, tal e como estaba previsto no seu proxecto inicial. Esta fase, que xa afectou a todo o conxunto do parque, quixo manter en todo momento as características propias da Alameda facendo traballos de mellora e restauración. Foi deste xeito como se levou adiante a pavimentación das tres prazas da Alameda: a do Paseo dos Leóns, a do adro da igrexa do Pilar e a da fonte. As tres fixéronse en granito, material que pola súa textura e composición compaxina á perfección co tradicional parque.

Esta pavimentación en granito extendeuse tamen a todo o resto da Alameda, a xeito de bordo ou estreita plataforma de 50 centímetros que bordea os paseos existentes e que serve para a recollida e evacuación das augas pluviais.

Entre as reformas que máis poden chama-la atención a simple vista figuran os dispositivos de canalización das augas, os novos sumidoiros, a eliminación de todo o cableado eléctrico ou a reestructuración do alumado público, que antes se atopaba oculto entre as follas das árbores, impedindo que a luz alumeara en toda a súa potencia. Como modelo de alumado utilizouse o chamado “típico compostelán”.

A restauración do mobiliario urbano foi tamén punto de interese nesta segunda intervención, prestando unha especial atención ós bancos, que foron feitos nas Reales Fábricas de Sargadelos, na Mariña Luguesa, no pasado século XIX.

De todos os xeitos o que hai que salientar é que tódalas reformas ou intervencións sempre respectaron o tratamento natural e o espírito do que era a Alameda e que tódolos materiais empregados nos traballos de recuperación estiveron de acordo cos seus precedentes, é dicir, granito, fundición, madeira e pavimento natural.

A xardinería e os monumentos non quedaron fora desta segunda fase de remodelación. Amáis de restaurar tódalas diversas especies vexetais, que chegan case á centena, dedicouse unha especial atención á limpeza e coidado dos monumentos instalados como o “Monumento a Rosalía”, “A Leiteira”, “Pais Lapido”, “Manuel Ventura Figueroa”, “Méndez Núñez” ou “As Marías”. Todas estas estatuas viron cambiar para mellor a súa faciana. E para incrementa-lo seu número, inaugurouse unha nova obra en granito de Moraña do artista galego de prestixio internacional, Paco Leiro, dedicada a Castelao. O artista debuxa neste monumento en pedra a fasquía do pensador e galeguista, formando parte da xeoloxía de Galicia. Foi así

como o escultor de Cambados interpretou a magnitude de Castelao, asentando o monumento no cerne de Compostela, e enriba dun antigo castro no que habitan as sombras das xentes que el tanto esculcou, amou e emocionou.

As fontes da Ferradura e do Paseo da Alameda tamén foron reparadas, dotándoas de chafarís contínuo e de iluminación; e o mesmo sucedeu con tódalas edificacións: a Capela de Santa Susana, a Capela do Pilar, e a Escola Infantil de Santa Susana.

No mes de abril de 1995 abríronse de novo as portas desta Alameda remozada. José Luis Pérez Franco foi o autor da obra do seu acondicionamento. O Plan Director da Alameda tivo un custo de 29.449,59 euros. A restauración de camiños peatonais foi de 59.349,95 euros. A restauración de estatuas, fontes e outros elementos: 30.432,25 euros. E as obras de recuperación: 1.936.414,49 euros.

3.4.- Axardinamento da Finca Vista Alegre

A finca “Vista Alegre” ou finca “Simeón”, a vella horta de San Martiño, pertenceu ó Mosteiro de San Martiño Pinarío e no ano 1903 foi adquirida por D. Acisclo Pérez para construír nela a súa mansión de verán, encargando o proxecto ó arquitecto García-Vahamonde.

Rodeada dun imponente muro de pedra que a illa do exterior, no seu interior alberga un delicioso xardín con laranxeiras, camelias, cipreses, araucarias, entre outras especies e unha valiosa carballeira que flanquea un dos seus laterais. Coa súa adquisición en 1995 o Consorcio abriu á cidade

un espacio con valores ambientais e históricos fortemente enraizados no sentir compostelán.

O proxecto trataba de reconverter unha antiga finca de recreo particular nun recinto aberto, transformando o antigo xardín nun parque urbano do que poideran gozar non só os composteláns senón todos aqueles que nos visiten e converte-la finca Vista Alegre nun lugar de encontro para a cultura e a investigación. E así foi, por medio da recuperación do antigo palacete de principios do século pasado, hoxe reutilizado como residencia universitaria para investigadores, acometeuse a construción de dúas novas edificacións, o Centro de Estudos Avanzados e a Escola de Altos Estudos Musicais, inserindo dunha maneira discreta e respectuosa os novos usos nun contorno natural preservado para goce de todos.

Especial coidado tívose co emprazamento das novas edificacións, implantadas en senllos cuarteiróns delimitados por liñas de arbolado e incorporando as aliñacións vexetais existentes, as masas de árbores e arbustos de interese, facendo especial fincapé en non altera-la topografía da finca. Así as dúas novas edificacións aliñáronse con relación ó zócalo monumental e intégranse na masa vexetal cunha clara dominación desta, conseguindo desta maneira unha integración do conxunto edificación-vexetación.

A finca foi pensada seguindo o modelo de pazo galego clásico a pesar de ser moi posterior no tempo á época de seu apoxeo. Partindo desta concepción propúxose mante-lo espírito xeral deste modelo pero sen caer no mimetismo. Así, unha vez establecidas as bases de actuación e partindo da idea de mante-lo espírito palaciano conservouse a estrutura de

ordenación e os espacios iniciais mantendo os elementos característicos de cada un deles.

Considerouse clave mante-lo muro perimetral de pedra que rodea a finca, coas súas portas de entrada actuais, a limpeza e posta en valor da carballeira, as aliñacións de árbores froiteiras que compoñen distintos cuarteis, a aliñación de plátanos do paseo que conservan o eco de antigas conversacións, as palmeiras situadas xunto á escaleira da entrada este que imprimen grandeza e infunden respecto, as grandes árbores do xardín situadas fronte ó palacete, os tileiros e as vellas maceiras que nos falan de tardes pracenteiras de frescor e calma, as sebes con roseiras que acariñaron tantas mans...

Estas accións de mantemento e conservación son totalmente compatibles, naqueles casos nos que se considerou necesario, con intervencións puntuais como foron a poda e o arranxo de varias especies xa que isto só contribuíu ó arranxo das antigas estruturas.

En canto ás novas actuacións, acondicionouse na súa totalidade a zona verde, cunha superficie total de 29.118 metros cadrados, a fin de resolve-la situación de degradación que sufría este singular espacio verde situado no corazón da cidade.

Entre os elementos básicos nos que baseou o axardinamento da Finca Vista Alegre cómpre destaca-los seguintes:

- Formación de pavimento no camiño de acceso principal ata a Casa Europa, incluíndo os seus arredores.
- Arranxo dos paseos existentes.

- Instalación de rego emerxente na totalidade das superficies axardinadas con aspersores, rego automatizado, arquetas e programadores electrónicos de intemperie con 13 estacións de rego e posibilidade de ata tres programas simultáneos de rego.
- Implantación de céspedes rústicos adaptados ás condicións de sol e sombra, previa eliminación de vexetación seguido de fresado e labores posteriores de nivelación.
- Reposición de buxos en forma de bola en liña coas aliñacións de árbores froiteiras da antrada principal do Palacete.
- Subministro e plantación de árbores froiteiras en variedades autóctonas, segundo as plantacións xa existentes, nas aliñacións dos camiños.
- Plantacións de pés de hortensias no perímetro do palacete e no camiño principal de acceso; de roseiras rubideiras, xeranos, etc.
- Instalación de sumidoiros, arranxo e reposición de balizas e taludes, así como reconstrucción da pérgola de entrada na Casa Europa.

O axardinamento realizouse de acordo co proxecto de J.A. Mosquera Rodríguez, sendo o arquitecto técnico Luis Vilar Folla-Cisneros. O 13 de novembro do ano 2002 sacouse a concurso a adjudicación das obras, adxudicándose na data 4 de febreiro de 2003 á empresa Ibersilva Servicios S.A.U.

Dirección facultativa grao medio e seguridade e saúde: 3.536,87 euros

Obra: 144.683,46 euros.

TOTAL AXARDINAMENTO FINCA: 148.220,33 euros.

INVERSIÓN TOTAL NA FINCA VISTA ALEGRE: 10.782.644,09 euros.

Este importe total investido polo Consorcio da Cidade de Santiago refírese á merca de terreos, á rehabilitación do antigo palacete, á construción de novos edificios (o Centro de Estudos Avanzados e a Escola de Altos Estudos Musicais), dos que falaremos máis adiante, así como ó axardinamento da Finca Vista Alegre.

3.5.- Pedroso, Sar e Sarela

O proxecto de reforestación do monte Pedroso, especialmente na Granxa do Sexto, permite o saneamento integral dos cauces e ribeiras dos ríos Sar e Sarela, ao mesmo tempo que a rexeneración do monte co fin de convertelo nun parque forestal.

Unha das intervencións que non se chegaron a levar a cabo foi o proxecto da Torre de Comunicacións, encargado ó arquitecto Norman Foster. A torre pretendía eliminar tódalas antenas que na actualidade están instaladas no monte Pedroso, coa finalidade de minimiza-lo seu impacto ambiental. Para este proxecto destinouse un total de 120.000.000 de pesetas. Outros orzamentos detinados entre os anos 1994 e 1996 foron: 50.756.742 pesetas para o saneamento do Lermo; 55.443.274 pesetas para o acondicionamento urbano de San Lourenzo e 43.940.892 pesetas para a canalización Río Corgo.

3.6.- Xardín Botánico

No extremo Oeste do Campus Sur e a zona máis meridional do Monte Pedroso atópase o que será o futuro Xardín Botánico, cunha superficie de 100.000 metros cadrados, recorridos polo río Sarela. O equipo dirixido polo arquitecto Carlos Ferraté, que elaborou o proxecto de construción , e que partiu dun programa especializado, concebido polo profesor Doctor Izco, prevía un novedoso concepto de Xardín Botánico que inclúe a recuperación de arquitecturas así como a creación dalgúns

pavillóns de nova planta incidindo especialmente na recuperación da cuenca do río Sarela, que con esta e outras intervencións (Val de San Lourenzo, Carme de Abaixo, etc.) vería en boa medida liberada as súas marxes e suprimidos os vertidos contaminantes.

Os obxectivos establecidos polo PXOU para a súa ordenación foron os seguintes:

- Mellora da resolución do trazado viario interno e das súas conexións co exterior, especialmente no que se refire aos accesos da actual estrada de Noia.
- Establecemento de relacións entre o Campus, a área hospitalaria da Choupana e a Facultade de Medicina proposta polo Plan Xeral.
- Disposición dos novos usos das edificacións.
- Reserva dos sistemas de espazos libres, verde e deportivo.
- Dotación de aparcadoiros e servicios complementarios.
- Ordenación da área en contacto co río Sarela, delimitada polo PXOU como Xardín Botánico.
- Ordenación da Ponte de San Domingos.

O Plan xeral prevé, polo tanto, e dentro do ámbito a ordenar polo Plan especial do Campus, a execución, nas marxes do río Sarela do Xardín Botánico.

O Consorcio de Santiago aprobou o día 3 de decembro de 1998 a adquisición dos terreos do Xardín Botánico e acordou solicita-lo Concello o inicio dos trámites para a xestión da adquisición dos devanditos terreos, figurando o Consorcio como beneficiario da expropiación.

O Pleno do Concello acordou o 30 de setembro de 1999 inicia-lo proxecto técnico de expropiación para a execución do Xardín Botánico. O día 1 de xullo de 2002 asínase o convenio entre o Consorcio e o Concello para a adquisición dos terreos na súa primeira fase. O convenio pretende

establece-la colaboración entre o Consorcio e o Concello para a adquisición de 41.204 metros cadrados de terreo comprendido entre o río Sarela e as estradas de Vidán e San Lourenzo, que é unha parte do ámbito que delimita o PXOU para o Xardín Botánico.

O Concello de Santiago actúa como órgano expropiante e o Consorcio aporta, como beneficiario da expropiación, a cantidade de **3.185.364,15 euros**, en concepto de adquisición dos terreos nesta primeira fase.

A superficie total do ámbito delimitado nesta primeira fase é a que afecta a 5 parcelas coa extensión referida de **41.204 m²**. A superficie total obxecto de expropiación, que se completará en fase ou fase seguintes, é sen embargo, de 102.787 metros cadrados, correspondendo a outras 148 parcelas privadas. O resto da superficie corresponde a camiños públicos ou ao propio leito do río polo que non é, lóxicamente, obxecto de expropiación.

3.7.- Mellora de equipamento urbano

Con esta denominación encádranse todas aquelas actuacións orientadas á mellorar tanto o mobiliario urbano como a calidade da urbanización das rúas do Centro Histórico. Algunha delas, como a restauración do Parque da Alameda, xa quedou reseñada anteriormente.

3.7.1.- Mantemento e reparación das rúas con pavimento de adoquín, chapacuña e enlousado da cidade histórica. Esta actuación iniciouse no ano 1993 e rematou tres anos máis tarde.

O custo da intervención foi de 273.725.857 pts. das que 50.031.915 foron satisfeitas no ano 1995 e 20.742.515 pesetas. corresponden o ano 1996.

3.7.2.- Arranxo das rúas Cebreiro, Carreira do Conde, Fraguas, Concheiros, Ponte da Raíña-Batalla Clavijo, Conxo de Abaixo, Ensanche Teo – Praza Almaciga.

O custo destas intervencións iniciadas no ano 1993 é de 188.667.225 das que 91.306.756 corresponden a cantidades satisfeitas no ano 1995 e 50.192.994 ó ano seguinte.

3.7.3.- Arranxo da Rúa das Burgas.

Consiste nunha nova pavimentación da rúa e rebacheo das rúas Avda. das Ciencias e Paseo do Seminario de Estudos Galegos.

O custo desta intervención iniciada no ano 1993 e rematada en 1995 foi de 51.732.832 ptas, das que 12.590.467 foron pagadas no ano 1995.

3.7.4.- Adecuación, renovación e normalización do mobilidario urbano público e privado asociado a dereitos de aproveitamento especial de bens de dominio público, así como a instalación de servizos públicos (aseos, zonas de publicidade, bolardos e recuperación de beirarrúas).

O custo desta intervención estimouse en 11.421.962, que foron satisfeitas no ano 1996.

3.7.5.- Intervención na área de San Roque

Supuxo a restauración da Capela de San Roque (núcleo de Lavacolla), así como a adecuación do entorno, carballeira, ribeiras e ponte sobre o río.

O custo desta intervención iniciada no ano 1993 e rematada no ano 1995 foi de 12.801.971 ptas. das que 284.262 foron pagadas no ano 1995.

3.7.6.- Intervención no núcleo de San Marcos

Arranxo da rúa, fachadas e fincas colindantes, así como a adecuación do entorno, en coherencia coa intervención autonómica do Monte do Gozo.

O custo desta intervención iniciada no ano 1994 foi de 73.496.591 pts. das que 9.038.218 pts. foron pagadas no ano 1995 e 1.499.679 no ano 1996.

3.7.7.- Intervención no núcleo de San Lázaro

Reposición de xardinería e mobiliario urbano no núcleo histórico do Camiño Francés.

O custo desta intervención foi de 49.318.154 pts das que 27.618.963 pts. foron pagadas no ano 1995 e 21.699.176 pts. no ano 1996.

3.7.8.- Intervención na Praza de Abastos

A intervención consistiu na reparación do enlousado e canais. O custo foi de 17.188.176 pts.

3.7.9.- Programa de esculturas

Co fin de incrementar e manter o patrimonio monumental de Santiago enriquecéndoo coa adquisición de obras contemporáneas compráronse unha serie de esculturas que foron colocadas en espacios públicos da cidade.

Así adquiriuse unha obra en bronce do artista alemán Markus Lüpertz, que se colocou na praza de Rodríguez Padrón; unha escultura en granito do galego Francisco Leiro, que se atopa –como xa referimos no apartado anterior- na carballeira de Santa Susana, dentro da Alameda. Tamén se encargou a Camilo Otero unha escultura en granito rosa que foi colocada no Parque de Ponte Mantible. E tamén outra escultura do artista Silverio Rivas para o Parque da Almáciga.

O custe destas obras foi de 89.092.000 pts das que 84.950.000 pts. corresponden a cantidades satisfeitas no ano 1995 e 4.142.000 para o ano 1996.

3.8.- Mellora da escena urbana da Avda. de Lugo

A primeira imaxe que os visitantes e turistas reciben de Santiago segundo veñen polo Camiño Francés é a da Avenida de Lugo. Rehabilitar e trata-las fachadas e traseiras dos edificios desta rúa, que ofrecían unha imaxe considerablemente deteriorada do escenario urbano desta zona, era unha obra ineludible.

O Plan de Embelecemento da Avenida de Lugo céntrase nunha parte desta rúa, a que mira ó Camiño Francés e inclúe todas aquelas fachadas, medianeiras e traseiras visibles dende o mesmo. Non se tratou de lavala cara sen máis. A acción comprendida consistiu nun tratamento de pintura realizado en función dun estudio técnico de cor que singulariza os trazados dos edificios, que lles confire personalidade, coherencia, e orde dentro dun conxunto. Ó mesmo tempo, trátouse de propiciar a conservación da edificacións comprendidas no Plan.

A selección de paramentos a intervir requeriu un concienzudo estudo que se efectuou mediante observacións dende diferentes puntos da escena urbana, tanto dende os puntos máis alonxados, como o Alto de Fontiñas, que permiten unha visión de conxunto da fachada urbana, como dende os máis inmediatos ás construcións. Tamén se estudaron outras ópticas ata entón inéditas da rúa: é o caso da imaxe urbana dende o Polígono das Fontiñas e as novas vistas que se van xerar dende a Avenida de Lugo coas aliñacións previstas no Plan Xeral.

Ó ser de grande envergadura o proxecto, e contar cun prazo de execución relativamente curto, especificouse particularmente o conxunto de actuacións naquelas edificacións que, pola súa alta incidencia ambiental, resultaba prioritaria a rehabilitación exterior. En definitiva, estas propostas de intervención do Plan de Embelecemento viñeron a cumprir dous obxectivos, que son: dotar dun mínimo de hixiene ambiental á zona e conseguila percepción da fronte como un todo coherente, en diálogo coas urbanizacións, como Fontiñas, de recente implantación. Estas actuacións complementaron o proxecto de ampliación e intervención da Avenida de Lugo ó resolve-los encontros co barrio e utiliza-los seus mesmos criterios

constructivos e formais, desenvolvendo ademais dúas zonas libres do Plan Xeral.

Por iso o tratamento das fachadas da Avenida de Lugo non era unha cuestión meramente estética. Hai que ter en conta que esta rúa xogaríu un papel fundamental na posterior trama urbana da cidade, xa que na nova configuración urbanística abandonaba o seu papel de vía de beira ou límite de cidade para redefinirse como unha rúa central da cidade cunha sección de corenta metros.

Así pois, os técnicos distinguiron tres tramos de actuacións claramente diferenciados. En primeiro lugar, un tramo central coa presenza da cidade histórica, caracterizada como un conxunto volumétrico coherente no que salientan as torres das grandes implantacións monumentais. A situación cambia cando nos achegamos á beira da cidade histórica, onde sobre a base de trazados viais históricos se alternan edificacións de tipo tradicional con construcións que só responden ó afán especulativo do *desarrollismo* dos sesenta e setenta, amparadas por ordenacións que unicamente regulamentaban as alturas dos edificios pola altura das fachadas. Isto deu lugar a traseiras que ffacilmente acadaban tres ou catro prantas máis cá fachada da rúa. A ruptura de frontes de edificación, os aproveitamentos baixo cubertas convertidos en áticos de maneira pobre, a adición indiscriminada de saíntes en fachadas e a aparición de grandes panos de medianeiras á vista, eran norma xeral na Avenida de Lugo. Por último tamén existía unha necesidade de adecenta-los revestimentos das cubertas e paredes que presentaban graves problemas de humidade, desprendimento de revestimentos, etc.

Resumindo, o programa de actuación nas fachadas da Avenida de Lugo, traducido nun “Proxecto de cor” comprende un ámbito territorial moi extenso. Unha actuación xustificada, como xa queda dito, por configurar a escena urbana no acceso tradicional á Cidade Histórica polo Camiño Francés. Dentro do proxecto desta mellora da escena urbana contempláronse actuacións sobre a edificación e de urbanización, que corresponderon as Plazas Rúa do Home Santo e Triacastela.

Posteriormente ampliouse o ámbito da mellora ós entornos da Estación de Autobuses, á área de Mallou-Cancelas, á zona de Trisca e a situada no tramo final sur da Avda, co obxecto de responder á demanda xenerada polo programa de actuación e concluir a “rexeneración” das fachadas iniciado coa primeira intervención.

O custo desta intervención, iniciada no ano 1993 e rematada no ano 1996, foi de 289.829.745 pts. das que 93.167.384 ptas corresponden a cantidades satisfeitas no ano 1995 e 26.652.975 ptas ó ano 1996.

4.- Intervencións en espazos públicos

4.1.- Reurbanización do entorno de San Domingos de Bonaval

A reurbanización do entorno de San Domingos de Bonaval trata fundamentalmente de recalifica-lo entorno próximo ó recinto conventual de San Domingos de Bonaval, mellorando os accesos entre o Camiño Francés e a Cidade Histórica, que percorre as proximidades da área monacal.

Con esta reurbanización mellorouse a calidade do espazo público que relaciona a Porta do Camiño, en tanto que acceso ó Camiño Francés, co novo parque de Bonaval, inicio dos itinerarios culturais e peatonais da cidade histórica.

Esta actuación optimizou a calidade do tratamento do espazo público citado, así como a pavimentación completa da Praciña do Cemiterio que dá entrada ó Parque de Bonaval, da Praciña da Rúa do Medio e da plataforma alta do Campo da Angustia. Comprende, igualmente, a renovación das redes de infraestrutura de servizos urbanísticos, así como a dotación daquelas redes de nova implantación.

A zona de reurbanización comprendeu as rúas de Bonaval, Rosario, Angustia e Campo da Angustia, xunto coa Praciña do Cemiterio pola que se accede o Parque de Bonaval, a Praciña da Rúa do Medio e o nivel elevado do Campo da Angustia, cunha superficie total de intervención de 5.194 metros cadrados.

A zona mencionada presentaba unha defectuosa urbanización de superficie motivada, sobre todo, por un tráfico rodado intenso e por unhas deficientes

bases de apoio dos pavimentos para soporta-las aludidas cargas. O pavimento de lousas de pedra existente antes da reforma, tanto nas beirarrúas laterais e nas faixas transversais e lonxitudinais do recercado, como no pavimento de chapacuña, atopabase moi deteriorado, presentando irregularidades e depresións, xuntas deformadas, pouca concertación de materiais, encontros deficientes con paramentos, desgaste das pezas e perda da textura original, desigualdade entre niveis, arranxos superficiais de zonas parcheadas con material asfáltico, frecuentes filtracións de auga co conseguinte arrastre de terreos, tramos de escasa superficie habilitada para o tránsito dos viandantes...

A determinación de acometer esta reurbanización supuxo un reto, tanto no que foi o nivel técnico como ó da rehabilitación, xa que os espazos públicos nos que se interviú son dunha gran importancia por representar, practicamente, o primeiro impacto visual respecto da cidade histórica.

O proxecto foi dos arquitectos Javier Franco e Vicente Pintos. O 27 de febreiro de 2002 sacouse a concurso a adjudicación das obras, resolvéndose o 5 de abril de 2002 a favor da empresa Alea S.L.

TOTAL XERAL: 1.170.772,57 Euros

4.2.- Reurbanización do entorno da Colexiata de Sar

Con esta reurbanización tratouse de mellorar a calidade do espazo público que relaciona a Colexiata de Sar e o entorno da ponte sobre o río, situados no barrio do Sar, remocicando así o trazado dun dos percorridos culturais e peonís da cidade histórica que dirixen os viandantes cara ás proximidades

da catedral. Pois o entorno da Colexiata marca a fin da vía da Prata, verdadeira estrada do seu tempo, polas súas excelentes características, como mostra o seu trazado, e do antigo camiño mozárabe, por onde entraban a Compostela os viños do Ulla e do Ribeiro e os cereais de Castela, e entroniza o peregrino no seu tramo final cara a Compostela, encamiñando cara a unha das entradas á cidade histórica, a Porta de Mazarelos, aberta nas antigas murallas e para o seu encontro final co sepulcro do Apóstolo.

O obxecto da actuación consistiu en articular o espazo público para adaptalo á circulación rodada e peonil, mellorando a calidade do tratamento de superficie do espazo público que supón o percorrido da rúa, a xeración de novos espazos de relación a modo de praza e a adecuación das marxes do río como lugar de lecer e paseo, coa intención de mellorar os percorridos peonís de acceso á cidade. Tratouse, pois, de mellorar ou complementar as infraestructuras de servizos urbanísticos e, á súa vez, adaptalos ás condicións de urbanización do núcleo histórico.

A localización da obra comprende a Rúa do Sar, desde a ponte da Avenida de Lugo ata o río, o comezo da Rúa Ponte do Sar, desde a ponte, ademais das marxes do río, comprendidas a ambos os lados da ponte do Sar.

O paso máis conflictivo para os peóns estaba na Ponte do Sar, xa que non tiña protección e o tránsito de peóns é constante, de aí que se construíra unha pasarela, de estrutura metálica e con pavimento de madeira sobre o río, que evita o paso conxunto de vehículos e peóns pola Ponte do Sar.

A praza de acceso ao Campo do Sar tratouse de maneira que se limitaron as prazas de aparcadoiro nesta, deixándoo só para carga e descarga o para uso

ocasional. Na solución adoptada buscouse resolver o conflito existente entre as zonas de uso peonil e as de acceso de vehículos, marcando e delimitando claramente as zonas de acceso e aparcadoiro nos espazos públicos e dando fluidez ás zonas de tránsito peonil, cun encadeamento das distintas estancias, minimizando na medida do posible as barreiras arquitectónicas.

As marxes do río estaban en mal estado e cos espazos verdes sen coidar. Con esta reurbanización deseñouse unha praza ao chegar ao río para reconvertir este espazo en lugar de encontro e relación que se comunica co outro lado a través dunha pasarela. Nas zonas próximas ao río púxose un pavimento de formigón limitado con bordos graníticos.

A canle do río e a ponte limpiáronse recuperando o lousado existente, oculto pola vexetación e os arrastres de auga. Os servizos urbanísticos estaban en mal estado e incompletos, polo que con este proxecto completáronse e melloráronse as redes existentes, segundo cada caso. As liñas de telefonía, electricidade e iluminación pública subterranizáronse. A superficie total da intervención foi de 7.095 metros cadrados.

A reurbanización levouse a cabo de acordo co proxecto redactado polo equipo de arquitectos Cid, Santos y Parga, SL, que tamén dirixiu a obra. A dirección de execución da obra correu a cargo de Cotecno. O 3 de marzo de 2004 asinouse o contrato de adjudicación da obra coa empresa Obras y Edificaciones Seixo, S.L.

TOTAL XERAL REURBANIZACIÓN: 1.567.110,49 euros

4.3.- Reurbanización do entorno da Rúa das Rodas

A orixe desta antiga Rúa das Rodas sitúase co tránsito exterior ás murallas e co establecemento de vivendas nas súas marxes, entre a Porta do Camiño e a Porta de San Roque. Recibe este nome da Rúa das Rodas por ser o campo onde tiñan as rodas de fabricación de cordas, segundo testemuños de 1889. A súa definición como rúa completárase ao ser derrubados os panos de muralla nesa parte e construírse edificacións, e nalgúns delas, aínda hoxe en día, obsérvase a incorporación a estas, dos antigos cubos defensivos.

A construción da extensa rampla hai que situala no século XIX, xa que se conservan antigas fotografías de 1800 onde aínda se pode observar a rúa sen remodelar e no plano da cidade feito polos enxeñeiros Laforet, Cánovas e de la Gándara en 1908 xa consta a nova estrutura das Rodas coa súa calzada elevada.

A vella Rúa das Rodas foi paso secular de xentes e transportes de toda condición. Por ela entrou en Santiago a comitiva dos Duques de Montpensier, que viñan facer a ofrenda ao Apóstolo en nome da Raíña Isabel II. E por ela entraba e saía a dilixencia A Ferro-Carrilana, ou La Disuelta, dúas veces ao día en dirección á Coruña, coches de cabalos, carros e xinetes dos moitos que por todas as portas acudían ao mercado e a outros mesteres ou que viñan en peregrinación. Foi entrada, como queda dito, de grandes personalidades como o arcebispo Muzquiz, o último arcebispo que ostentou o título de Señor de Santiago, e de curiosos viaxeiros, como Georges Borrow, aquel estraño vendedor de Biblias anglicanas no mesmo centro da Igrexa Católica.

O obxecto da actuación sobre tan delicado espazo público foi trazar unha nova rasante que combinase a funcionalidade á que se destina o espazo rodado coa recuperación e recualificación do espazo público, mediante a ampliación das beirarrúas e a elevación do nivel de urbanización, acompañando á revalorización do patrimonio edificado, libre por fin das antigas ataduras impostas polas contencións da antiga estrada.

O proxecto de reurbanización articulouse en torno a tres eixes que marcaron as directrices do proxecto:

- Nova rasante da calzada e a sección desta
- Recuperación dos materiais de urbanización
- Renovación e reposición dos servizos de infraestructuras

Deste xeito, a calzada acadou unha sección de 5,70 metros ao longo de 130 metros que se amplía no seu encontro con San Roque e coa Porta do Camiño. As novas beirarrúas levan lousas de granito, colocadas á maneira tradicional, sobre cama de area. Así mesmo, subterreneizáronse os servizos urbanísticos coa renovación da condución de abastecemento, tanto as de servizo ás edificacións como a condución xeral que discorre baixo a rúa. Renováronse as condicións de saneamento, implantando conducións para recollida de augas pluviais ás que se conectaron as baixantes dos tellados, así como a renovación da rede de saneamento de augas residuais. Por último, implantáronse prismas de canalización, destinados a albergar os servizos de iluminación pública, rede de baixa tensión e telefonía.

A reurbanización levouse a cabo de acordo co proxecto redactado pola Oficina de Planeamento SA, que tamén dirixiu a obra. A dirección de

execución da obra correu a cargo de Proyfe, SL. O día 21 de outubro de 2004 asinouse o contrato de adxudicación da obra coa empresa Alea, SL.

TOTA XERAL REURBANIZACIÓN: 823.789,17 euros

4.4.- Reurbanización do entorno de S. Lourenzo e Poza de Bar

Con esta reurbanización tratouse de incrementar a calidade do espazo público que relaciona o tramo da Carballeira de San Lourenzo e o Campus Sur coas rúas do Pombal e Hortas, remocicando así o trazado dun dos percorridos culturais e peonís da cidade histórica que conducen os viandantes cara ao Obradoiro ou á Alameda.

O obxectivo da actuación baseose en artellar e cualificar o espazo público para adaptalo á circulación rodada e peonil, mellorando ou, se é o caso, complementando as infraestructuras de servizos urbanísticos e, á súa vez, adaptalos ás condicións de urbanización do núcleo histórico.

Situado entre a Carballeira de San Lourenzo e o Campus Universitario, por un dos seus lados e camiño de entrada da cidade monumental, o seu deficiente estado de conservación necesitaba dunha urxente intervención de superficie, principalmente motivada polas características dos materiais empregados.

Especial importancia tiñan as dimensións das beirarrúas, que no trazado anterior á intervención mantiñan un anchos que dificultaban o percorrido peonil e nalgúns casos presentaban engadidos para salvar as diferentes

aliñacións. Ademais, aparecían deficiencias provocadas entre outros factores polo tráfico rodado e unhas deficientes bases de apoio dos pavimentos para soportar as mencionadas cargas.

O pavimento de lousas de pedra disposto en parte da marxe dereita e o pavimento de chapacuña situado na pequena praciña, ao principio da rúa de Poza de Bar, encontrábanse bastante deteriorados, presentando en xeral arrexuntados e encontros con parámetros deficientes, desgastes e fisuras nas pezas e desigualdade entre superficie. O resto dos pavimentos, ademais de encontrarse en estado deficiente, non respondían a tipoloxía recollida nas condicións de urbanización do Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Cidade Histórica de Santiago, posto que estaba realizado en baldosa hidráulica na zona das beirarrúas e lousa de hormigón na zona da calzada.

Por outra parte, as beirarrúas fóranse realizando con posterioridade e en formigón, co fin de permitir o tránsito peonil en determinados puntos, onde os edificios exceden as aliñacións. Os servizos urbanísticos estaban en mal estado ou incompletos, en xeral, polo que se melloraron as redes existentes e se complementaron de acordo coas esixencias de cada caso. As liñas de telefonía, electricidade e de iluminación público subterranizáronse. A superficie total da intervención foi de 4.708,12 metros cadrados

Algúns dos elementos básicos nos que se centrou a reurbanización do contorno de San Lourenzo e Poza de Bar foron os seguintes:

- Renovación do tratamento superficial do espazo público mediante a construción dun novo pavimento formado por calzadas de formigón

pulido, recercadas perimetralmente por lousas e beirarrúas ou pasarelas peonís, resoltas con lousas de granito.

- Eliminación do pavimento existente.
- Plantación de árbores que acompañan o percorrido peonil, de forma que representen un anticipo do contorno circundante, o Campus Sur, a carballeira de San Lourenzo, a Alameda...
- Renovación das redes de saneamento coa implantación de novas conducións separativas de recollida de augas pluviais e de saneamento.
- Renovación das conducións xerais de abastecemento de auga que discorren polas rúas obxecto da intervención, en fibrocemento.
- Renovación da rede de abastecemento domiciliario de auga, incluíndo acometidas.
- Renovación de mobiliario urbano
- Reurbanización das dúas calellas de acceso ao Campus Sur.
- Dotación de aparcadoiro en liña nas beirarrúas e de dúas paradas de autobuses urbanos.

A reurbanización realizouse de acordo co proxecto redactado por Cotecno. Con data de 29 de agosto de 2003 adxudicóuselle á empresa Xestión Ambiental de Contratas S.L.

TOTAL XERAL REURBANIZACIÓN: 779.192,12 euros.

4.5.- Intervencións en viais públicos do Casco Histórico

4.5.1.- Reurbanización da rúa de San Pedro

O obxecto da intervención foi a reparación da calzada de adoquín, no seu tramo comprendido entre a Porta do Camiño e a Praza de San Pedro, nunha superficie total de actuación de 1.850,29 metros cadrados, dos cales 1.100 corresponden a calzada de adoquín. Os autores do proxecto foron Javier A. Franco Rabuñal e Vicente Pintos Santiago, autores así mesmo do proxecto modificado de reurbanización da Rúa de San Pedro en marzo de 2004 e que consistiu en:

- Saneado e limpeza da calzada existente con eliminación de morteiros, barrido e lavado con auga a presión para eliminar restos soltos e orgánicos.
- Realización dun reforzo e complexión da base rixida existente baixo a calzada.
- Pavimentación da calzada con adoquín de granito colocado sobre morteiro de cemento e area.
- Instalación de dous sumidoiros corridos de recollida de pluviais.
- Illa ecolóxica subterránea para cinco contenedores: 2 orgánicos, 1 de envases, 1 de papel e 1 de vidro.
- Substitución dos bancos existentes na praza.

O custo total da intervención foi de **271.635,10 euros**.

4.5.2.- Reurbanización da Travesía de Santa Clara

A superficie de intervención deste proxecto é de 700,96 metros cadrados e foi realizado polos arquitectos Benigno Jáuregui Fernández e Samuel Folgueral Arias.

O obxectivo do mesmo foi conseguir a accesibilidade neste espazo público, intentando lograr un novo equilibrio entre accesibilidade e ambiente urbano tendente a mellora da calidade do conxunto.

Executouse así a urbanización da Travesía Santa Clara desde o seu acceso na rúa de San Roque ata o seu encontro coas rúas Arzúa e Escultor Asorey, contemplando a redistribución das beirarrúas de ámbolos marxes de actuación e o cumprimento de eliminación de barreiras arquitectónicas de tipo urbanístico na totalidade da travesía.

O traballo prantexouse nunha dobre dirección: por un lado deuse resposta de maneira puntual na rede viaria peatonal como é o caso dos vados, rampas de pequena pendente que permiten o deslizamento polas vías; e por outro as intervencións máis singulares, encamiñadas a dar resposta a problemas de borde que se solaparon con respostas de resolución do espazo público desde unha perspectiva global.

Eliminouse o aparcamento na alineación do lienzo do contador religioso para permitir unha visión máis ampla do espacio urbano. Esta perda de plazas de aparcamento en superficie solventouse coa construción do parking do Colexio de La Salle.

O presuposto de execución foi de **120.725,90 euros**.

4.5.3.- Reurb.Preguntoiro, Caldereiría, Orfas e Bautizados

Os pavimentos contribúen a creación dunha singular morfología urbana que confire valor ambiental ós recintos históricos. Os de Santiago, e en concreto os destas rúas, son notables e valiosos non só pola natureza intrínseca do material granítico e a plasticidade da súa trama, senón tamén polas súas calidades cromáticas. Pois estes mosaicos pétreos conteñen nas súas pezas xustapostas tódalas tonalidades cromáticas da pedra do lugar: dende as máis escasas grises a tódala gama dos pardos e dos ocre, dos máis dourados ós máis vermellos.

Para o arquitecto director do proxecto, Orlando Ledo Araújo, a intervención tivo por obxecto intervir nas patoloxías rexistradas na pavimentación das rúas de Preguntoiro, desde o inicio na Praza de Cervantes, e a súa continuación por Caldereiría e Orfas, ata chegar á Porta da Mámoa. Tamén se incluiu a rúa de Bautizados, situada nas proximidades.

A pavimentación destas rúas está realizada en lousas de granito, despostas en filas case sempre paralelas de pezas rectangulares e coas xuntas contrapeadas. Os tamaños das pezas son moi variables, dependendo de numerosos factores: dispoñibilidade do material e capacidade de transporte, aproveitamento de restos e recortes, reparacións e modificacións ó longo do tempo... Aparecen filas de distintos anchos, desde os 35 ata os 80 centímetros aproximados, sendo as máis numerosas as de valores intermedios, entre 50 e 60 centímetros. O grosor das lousas é considerable, cun canto variable, máximo no centro e decrecendo nos bordes. Espesores

de 20 a 30 centímetros, dependendo das proporcións da peza. Unhas pezas que só están traballadas na cara vista e na parte máis superior do canto a fin de conseguir unha xunta máis ou menos regular.

Alí donde as lesións non alteraron a nivelación, o pavimento está disposto de tal forma que drene pola zona central, alonxando a auga dos edificios e dirixíndoa ós sumidoiros. Nas rúas donde as filas son de pouca dimensión e conteñen poucas pezas, Caldereiría por exemplo, son estas lousas centrais as de maior tamaño. O estado xeral do pavimento destas rúas é moi variable.

Segundo un orde de menor a maior gravidade e segundo a complexidade das solucións utilizadas, as patoloxías tiveron que ver coa suciedade producida por adherencias de corpos extraños, a lesións de rexuntado, defectos na nivelación e lesións nas propias pezas como irregularidades graves da superficie pétreo, bordes deteriorados, fragmentacións e roturas.

Así pois, as operacións levadas a cabo en toda a superficie da área sinalada refírense ó rexuntado das pezas (que é a máis simple das actuacións de reparación), a recolocación e nivelación e a substitución total o parcial das pezas. Finalizadas as reparacións, procedeuse á limpeza das superficies, con retirado mediante espátula ou cepillo de elementos adheridos.

O presuposto de execución foi de **258.052,39 euros**.

4.5.4.- Reurbanización Rúa de Betanzos

A mellora desta rúa comprende unha superficie delimitada de 2.746,87 metros cadrados. O principal obxectivo da actuación é a reurbanización da mesma, articulando e cualificando o espazo público para adaptalo a circulación rodada e peatonal mellorando, ou no seu caso completando, as infraestructuras dos servizos urbanísticos, e a súa vez adaptalo ás condicións de Urbanización do Casco Histórico.

Deste xeito, estes foron os principais elementos da intervención:

- Renovación do tratamento superficial do espazo público mediante a construción dun novo pavimento formado por calzadas de lousas de hormigón negro pulido recercadas perimetralmente por lousas e beirarrúas o pasarelas peatonais resoltas con lousas de granito.
- Eliminación do pavimento existente e prantación de árbores.
- Subterraneización das conduccións de telefonía, baixa tensión e iluminación pública e dotación das novas redes enterradas de usos múltiples.
- Renovación das redes de saneamento coa implantación de novas conduccións separativas de recollida de augas pluviais e fecais.
- Renovación das conduccións xerais de abastecemento de auga que discurre pola rúa, renovando igualmente a rede de abastecemento domiciliario de auga, incluíndo acometidas.

A execución do proxecto dirixido por Emma M^a Viqueira Cruz vai ser de **813.968,89 euros.**

4.5.5.- Reurbanización rúas Home Santo e Angustia

A superficie da actuación na Rúa Home Santo de Bonaval é de 4.390 metros cadrados e na Rúa Angustia é de 768 metros. En total, 5.158 metros cadrados. En toda esta superficie había unha falta de homoxeneidade nos pavimentos que son de distintas tipoloxías. Ademais existía unha deficiente calidade na urbanización de superficie, con defectos da execución orixinal ou de uso, como a falta de compactación adecuada do terreo, filtracións de augas, irregularidades e depresións, etc.

Deste xeito, procedeuse a demolición e retirada de chapaplana e das beirarrúas de baldosa hidráulica, así como do resto dos pavimentos, bordillos, bolardos e demais elementos de mobiliario urbano. En canto os pavimentos, nas calzadas e beirarrúas executouse pavimento mixto sobre base ríxida, formado por unha calzada central de formigón e beirarrúas laterais e franxas transversais de recercado de lousas de granito. Igualmente dotáronse estas zonas con elementos de rexistro de servicios urbanísticos.

O proxecto foi dirixido por María Crecente López a finais de 2005 e acadará un custo de **1.334.012, 28 euros**.

4.5.6.- Reurbanización Rúa Olvido - Avda. Lugo

Trátase da mellora da calidade do tratamento de superficie do espazo público e a xeneración de novos espazos de relación como prazas ou andéns, donde o espazo de circulación se ensancha creando áreas de

relación e esparcemento, mellorando notablemente os percorridos peatonais de acceso á cidade.

O proxecto foi redactado e executado polos arquitectos Ángel Cid Carballo, José Jorge Santos Ogando e José Antonio Parga García. A zona obxecto de actuación comprende a Rúa do Sar, desde a ponte baixo a Avenida de Lugo ata o tramo rúa do Olvido. Esta superficie ten 4.345 metros cadrados.

O obxectivo é a transformación de espazos de circulación peatonal, con beirarrúas realizadas con lousas de pedra nova, eliminando barreiras arquitectónicas e percorridos que garanten a accesibilidade dos minusválidos. Sitúanse catro pasos de peatóns: dous na zona alta e dous na zona baixa da Rúa do Sar. Para salvar o gran desnivel existente no primeiro tramo plantéxanse un par de escaleiras.

Ainda que a zona posee parte dos servizos urbanísticos, incompletos ou en mal estado, mellóranse as redes existentes, completándoas no seu caso. As redes de electricidade, telefonía e alumbrado público van enterradas. En canto ó saneamento, procedeuse á renovación total da rede existente. De maneira similar actúase coa rede de abastecemento de auga.

No primeiro tramo da obra de reurbanización , partindo da ponte, modifícase o muro de contención, trasladando as escaleiras ata o borde inferior, de modo que se amplía a sección da rúa facilitando unha subida máis clara e directa. Por outro lado, engádese unha nova escaleira que conecta directamente co andén do tramo superior.

Neste tramo máis elevado sitúanse unha serie de andens a dous niveis: un contínuo e horizontal que aísla o tráfico peatonal do rodado e serve de nexo de comunicación de escala urbana entre as vivendas, e outros a un nivel máis alto, que partindo de éste dan acceso ás vivendas que o necesitan. Preto do cruce co tramo que sube desde a ponte, o andén baixo ensánchase para formar unha plaza, entendida como un lugar de estancia, de encontro e relación. Como organizadores deste espazo, colócanse cinco árbores de fácil adaptación, creando zonas de sol e sombra.

Os espazos da Rúa do Sar emplazados baixo as pontes da Avenida de Lugo e o ferrocarril perderán ese aspecto de absoluto descuido e abandono, xa que se colocan uns paneis lixeiros de barrotes de madeira de teca en formación de falso teito, dobrados verticalmente no seu encontro cos muros, así como un revestimento vertical na formación de zócalo, de lousas de pizarra ó muro. A iluminación nesta zona consiste nunha sucesión de focos laterais, adosados ós muros e protexidos por paneis de madeira de teca, con especial coidado na súa colocación para que non deslumbren.

O presuposto de execución da obra é de **954.419,54 euros**.

4.5.7.- Reurbanización da Rúa Valle Inclán

A execución da reurbanización da Rúa das Rodas, así como as actuacións realizadas no aparcadoiro do Colexio La Salle, a súa marquesiña asociada, e o acondicionamento do Xardín de San Roque fixo necesaria a intervención que integre e acomode a todas elas en torno ó eixe conductor da Rúa Valle Inclán.

O novo Centro Galego de Arte Contemporánea proxectado por A. Siza Vieira na horta de San Domingos veu a consolidar dunha forma definitiva a aliñación introducida no seu día pola apertura da rúa Valle Inclán na súa parte máis baixa, ata a súa conexión coa Costa de San Domingos. O novo edificio público, coa rotundidade de implantación do volume edificado introduce certas claves e regras de composición na configuración do espazo circundante que, en parte, xa foron estudias no proxecto realizado por A. Siza para a execución do C.G.A.C. e para a recuperación do antigo xardín da horta de San Roque; directrices que en boa medida se seguiron na execución da actuación de acondicionamento do xardín de San Roque realizada no ano 2001.

Con estas premisas, o proxecto desenvolto non só se refire a ordenación do espazo viario existente, senón que tivo en conta a coordinación das distintas actuacións a realizar nos espazos colindantes: Horta de San Domingos, coa implantación do C.G.A.C. e a recuperación da horta como parque público; a Unidade de Intervención do antigo Hospital de San Roque, coa recuperación do trazado do xardín e do muro de cercado consolidando a actuación de acondicionamento abordada, e a implantación do aparcamento público baixo o patio do Colexio La Salle.

Así pois, desenvolvendo os criterios referidos na proposta que o Plan Especial da Cidade Histórica realiza para as distintas actuacións colindantes coa rúa Valle Inclán e os criterios xerais do Plan Especial para a ordenación do espazo público, a reurbanización da rúa Valle Inclán centrouse en:

- Redefinición da sección xeral da rúa Valle Inclán.
- Incorporación dos espazos alterados por actuacións anteriores.
- Recuperación dos materiais de urbanización.

- Reposición e renovación de servicios de infraestructuras.
- Coordinación da actuación coas actuacións realizadas nos espazos colindantes.

O orzamento destinado a tal efecto acada os **1.078.455,89 euros**.

5.- Intervencións en monumentos

Este programa marcouse como obxectivo manter a singularidade monumental de Santiago a través da conservación e rehabilitación do seu patrimonio artístico.

5.1.- Limpeza de fachadas de monumentos

Esta intervención consistiu na limpeza de muros e fachadas de monumentos situados en zonas emblemáticas do Casco Histórico. Entre eles podemos citar a fachada do Obradoiro da Catedral de Santiago, as fachadas dos conventos da Ensinanza, San Paio, Belvís, Mercedarias, San Francisco, San Agustín e do Carme.

O custo desta intervención foi de 10.057.872 ptas. satisfeitas no ano 1995.

5.2.- Rehabilitación Casa do Deán

Coa rehabilitación integral deste histórico edificio da Rúa do Vilar non só se recuperou o carácter representativo do seu contexto urbano senón que se dignificou a función de acollida de peregrinos que desenvolve este edificio.

O carácter emblemático da Casa do Deán, que promove o Cabildo da Catedral de Santiago, como fin do traxecto administrativo para os peregrinos do Camiño de Santiago, xustifica sobradamente a recuperación

emprendida xa que, tan só no Ano Santo de 1999, 154.613 camiñantes, cicilistas ou xinetes recolleron a súa “Compostela” nas dependencias da Oficina do Peregrino.

A importancia do edificio na trama urbana da Cidade Histórica, vinculado ó conxunto catedralicio, fai desta Casa o Palacio compostelano máis emblemático do Barroco galego do século XVIII, sendo ademais o mellor conservado. Daí que a súa rehabilitación e posta en uso supuxo unha extraordinaria contribución ó conxunto histórico da capital de Galicia.

No conxunto, que ocupa unha parcela de 1.017 metros cadrados, nos números 1 e 3 da Rúa do Vilar, poden distinguirse os seguintes elementos característicos:

- Edificio principal da Casa do Deán, con planta baixa e tres plantas, das cales a última ten aproximadamente un 50% da súa superficie desposta nos espazos baixo cuberta. Ten acceso principal desde a rúa do Vilar, nº 1, e ten un patio interior de 24,69 metros cadrados.
- Pequeno palacete anexo con acceso desde a rúa do Vilar nº 3, con planta baixa e dúas plantas, a última das cales accédese desde o edificio principal a través da terraza disposta na fachada á rúa do Vilar.
- Patio da parra, orixinalmente accesible desde a Rúa do Vilar a través dun paso de carruaxes. Ten unha superficie de 162,63 metros cadrados.
- Cobertizo do pozo situado no ángulo sureste do conxunto con fachada ó patio da parra. Ocupa unha superficie en planta de 77 metros cadrados construídos.

Os obxectivos acadados coa rehabilitación da Casa do Deán foron os seguintes:

- Recuperar no contexto urbano o seu carácter representativo da Institución Capitular.
- Dignificar e mellorar a atención e o servizo que se ofrece desde a Oficina do Peregrino aos que atopan na Casa do Deán o último episodio administrativo da súa peregrinación.
- Dotar ás diferentes comisións do Cabildo de espazos que permitan desconxestionar a sede Catedral.
- Recuperar o uso residencial na terceira planta do edificio.

O orzamento total foi de **6.379,14 euros**.

5.3.- Rehabilitación Casa de Vaamonde

A denominada Casa de Vaamonde, edificio de arquitectura civil do século XVIII, sita na Rúa de Vilar, foi rehabilitada co obxecto de servir de sede dos espazos administrativos e institucionais do Consorcio da Cidade de Santiago.

A restauración e adaptación do edificio, que foi cedido polo Ministerio de Cultura para este fin, acadou un orzamento total de: **71.847,73 euros**.

5.4.- Rehabilitación do Pazo de Bendaña. Equipamentos F. Granell

Este edificio realizado no século XVIII por Fernández Sarela está situado nunha das plazas máis emblemáticas da cidade, a Plaza do Toural.

A rehabilitación deste edificio histórico fíxose en dúas fases. A primeira consistiu no acondicionamento da zona de exposicións (salas planta 1ª e 2ª), transformación da vella cafetería e almacén en salas de exposicións, uso dunha escaleira interna que conecta as salas de exposicións da primeira e segunda planta, reparación de baños, pavimentos, paredes e ceos rasos, impermeabilización da terraza con resinas e area de cuarzo.

A segunda fase consistiu na rehabilitación do resto do edificio.

O presuposto total das distintas intervencións foi de **287.928,97 euros**.

5.5.- Rehabilitación do Teatro Principal.

O edificio do Teatro Principal, trazado por Prado y Vallo en 1841, foi desde a súa creación como casa de comedias o centro da vida cultural do Casco Histórico de Santiago de Compostela. As obras de rehabilitación consistiron na mellora do acondicionamento climático, reposición da pintura da sala e pasillos, habilitación do baixo-cuberta como espazo de almacenaxe ou outros usos e dotación de sistemas adecuados de detección ou protección contra o lume.

O presuposto da intervención foi de 39.000.000 de ptas. das que 1.277.704 foron pagadas no ano 1995 e o resto no ano 1996.

Posteriormente, en 2004, lévanse a cabo obras de mantemento, dirixidas principalmente a solventar los problemas de humidade no edificio. Unhas humidades que teñen unha causa distinta en cada parte do edificio, polo que a intervención centrouse nas seguintes zonas do Teatro: os patios traseiros, a zona do escenario, corredores e escaleiras, a sala e os despachos. A fachada e a cuberta do edificio tamén foron obxecto de intervención, segundo a proposta de actuación da arquitecta Idoia Camiruaga Osés.

O orzamento total foi de: **458.745,14 euros.**

5.6.- Rehabilitación da Fundación Gonzalo Torrente Ballester.Equip.

O proxecto de adaptación do antigo edificio de Facenda, situado na rúa do Vilar, nº 7 e 9, para convertilo en sede da Fundación Gonzalo Torrente Ballester, foi redactado polo arquitecto Pablo Tomé Ferreiro en colaboración con Cristina Ezcurra de la Iglesia. Trátase tamén dun equipamento sociocultural nos tres andares do edificio.

O edificio, construído en 1891 polo Mestre de Obras Manuel Pereiro Caeiro, despois de ser utilizado con diferentes finalidades, sufriu unha profunda modificación a principios de 1980, ó pasalo edificio á Delegación de Facenda. Baléirase totalmente, procedéndose a unha nova distribución e respetando tan só a súa fachada. As súas dimensións, 38 metros de longo por 10 metros de ancho, sen patios interiores, fai que o interior sexa moi escuro.

Ainda que o edificio estaba en bo estado físico, estrutural, constructivo, etc. tiña, sen embargo, graves carencias nas cualificacións dos seus espazos internos como é a falta de iluminación e ventilación no centro do edificio. Ó mesmo tempo carece de ascensor e os núcleos húmidos de cada planta non se acomodan ó novo uso. Son pois estas consideracións as que levaron a prantexar o miolo da intervención: a luz e a accesibilidade. Tamén é importante a recuperación do patio-xardin do fondo da parcela, tanto para restituir o espazo baleiro da mazá como para iluminar, ventilar e conseguir unha planta baixa luminosa e alegre.

É, polo tanto, a introducción dun patio cadrado que atravesa o edificio, o elemento que non só da luz e vida ó interior se non que comunica visual e psicolóxicamente as diferentes estancias.

Os espazos fundamentais da Fundación Torrente Ballester son a Biblioteca, que albergará 15.000 volumes, e as súas zonas anexas para a investigación. Organízase o redor do patio na planta primeira e segunda.

A planta baixa, diáfana, pode ser toda ela unha gran sala de exposicións ou pódese subdividir para formar un pequeno salón de actos para 50 ou 100 persoas según as necesidades. A planta terceira, e a parte dianteira da planta segunda, acolle os espazos institucionais do Padroado da Fundación. Fanse novos núcleos de aseos nas diferentes plantas, sendo máis grandes na planta baixa e preparados para o seu uso por minusválidos. Modifícase o sistema de calefacción e introdúcese un sistema de ventilación para o conxunto da biblioteca e as zonas de investigación. Renóvase o pavimento de todo o edificio, poñendo pedra de grá de cor gris escuro na planta baixa e nos aseos, e madeira en tarima flotante de carballo

no resto. Así mesmo, colocáronse falsos teitos no salón de actos da planta baixa, nos aseos e no baixo-cuberta.

Adapación ás necesidades

A Fundación Gonzalo Torrente Ballester ten como obxectivo a conservación, investigación e difusión da obra do seu fundador, o escritor que leva o seu nome. É, polo tanto, o espazo adicado a biblioteca e a investigación o miolo do edificio. Asemade se fai unha gran sala de exposicións temporais na planta baixa que pode dispoñer de toda a planta ou reducirse por medio duns tabiques xiratorios para acoller unha sala de actos. Dita sala, no fondo da planta, pode ser de dous tamaños, según as necesidades, para 50 ou 100 persoas.

Despachos para administración e dirección da institución e para reunión dos membros do padreado, compoñen o fundamental do programa de necesidades que se complementa con aseos nas diferentes plantas, escaleira e almacéns. O patio interior cúbrese como un lucernario con vidro transparente e aillante e na planta primeira fóxase con un chan de vidro translúcido para aillar a planta baixa do resto do edificio. O patio traseiro trátase como un xardin xaponés.

O presuposto de execución foi de : **675.042,92 euros.**

5.7.- Rehabilitación do Salón Teatro

Con data de 8 de abril de 1919 a Sociedade “Liga Mutua de Señoras-Caja de Ahorros y Préstamos- solicitoulle ó Concello licencia para derrubala casa número 34 da Rúa Nova e construír no seu lugar un edificio destinado a Casa Social Católica. Como se afirma na Memoria do Proxecto: dado que *“a necesidade máis importante destes centros é dispoñer dun amplo salón no que poidan celebrarse as xuntas xerais e organizarse conferencias e veladas ou festas para os seus socios, foi esta a idea dominante da distribución, resultando así o proxecto análogo ó que se faría se se tratase dun local destinado a espectáculos públicos, téndose presente, por esta razón, tódalas disposicións... referentes á construción e condicións desta clase de locais”*. O proxecto foi trazado por Jesús López de Rego, un dos principais arquitectos modernistas de Santiago, nacido en 1876 e formado en Madrid dende 1883.

A pesar de todo, as condicións de seguridade do local non eran, nen moito menos, óptimas, e en 1928 un decreto da Alcaldía prohibiu nel todo tipo de representacións en tanto non se verificaran unhas melloras que se fixeron indispensables co paso do tempo: reforma da instalación de alumado, supresión da caldeira de calefacción baixo a escea, establecemento de alumado supletorio, suxeición das butacas ó chan, etc.

Dende os anos 30 pasou a ser explotado pola empresa Fraga, principalmente con funcións de cine. Ademais, en 1949, a súa fachada foi reformada pola Comisaría do Patrimonio Artístico, buscando darlle un aspecto máis digno e noble. Pons Sorolla, Arquitecto Conservador da Cidade Monumental, foi o encargado de retoca-la imaxe externa do Salón Teatro.

A intervención levada a cabo polos arquitectos Rafael Baltar Tojo, José A. Bartolomé Argüelles e Carlos Almuíña Díaz en 1997, e prantexada en dúas fases, propónse destinalo Salón Teatro a sé estable do IGAEM, en

tanto que organismo de produción de todo tipo de eventos escénicos e musicais, conservando así a súa característica de equipamento socio-cultural e o uso recreativo.

Partindo deste obxectivo, abórdase a total remodelación interior do edificio, isto é, a demolición de todo o que non son paredes de caixa perimetral do mesmo (fachada, medianís laterais e parede do fondo lindante coa casa da rúa do Vilar onde está situado o Casino).

A reordenación do espazo resultante despois de efectuada a demolición e a excavación dunha planta de soto permitiu a construción dun teatro co seguinte esquema xeral de distribución:

Planta Soto:

- Aseos de público
- Guardarroupa
- Camerinos colectivos
- Taller de retroescea
- Cuartos auxiliares para almacén, limpeza, instalacións, etc.
- Cuarto para grupo electrógeno
- Acceso para utilidade teatral e evacuación de emerxencia da escea.

Planta Baixa

- Vestíbulo xeral
- Patio de butacas
- Escea
- Camerinos de estrelas
- Despacho de entradas

- Acceso privado a plantas superiores

Planta primeira

- Foyer
- Tribuna
- Cuartos auxiliares para instalacións
- Acceso privado a plantas superiores

Planta segunda

- Biblioteca – Sala de xuntas
- Cabina de proxección
- Cabinas de traducción simultánea
- Cuartos auxiliares para instalacións
- Acceso privado a plantas superiores

Planta terceira (baixo cuberta)

- Oficina de administración e programación estable do teatro

A disposición da sala é similar á que ten ou tiña o teatro orixinalmente, do tipo denominado “a italiana”, coa escea elevada respecto da sala, claramente diferenciada e separada do público por unha embocadura por tras da cal se sitúan os elementos de tramoia e maquinaria escénica. O

acceso á platea será unicamente polo fondo da sala. O aforo máximo do teatro é de 271 espectadores, deles 198 na planta baixa (patio de butacas) e 73 na planta primeira (tribuna).

O orzamento total das obras foi de: **2.659.166,42 euros.**

5.8.- Inter. no conxunto monumental de S. Domingos Bonaval

Integrado por unha igrexa e convento, nos que se superpoñen restos do románico, con elementos góticos e barrocos, une ó seu valor histórico-patrimonial, o ser sede do Panteón de Galegos Ilustres e do Museo do Pobo Galego. Nel proxectáronse as seguintes intervencións:

5.8.1.- Restauración da Igrexa de San Domingos de Bonaval

Este é un dos templos góticos máis fermosos de Galicia, construído no século XVII segundo trazado do arquitecto Domingo de Andrade. A cabeceira coas súas capelas laterais pertencen á parte máis antiga, construídas no século XIV. A Igrexa primitiva foi construída a expensas dos donativos aportados polos condes de Altamira. Xa no século XVIII realizouse a transformación máis drástica do mosteiro, demoléndose as portadas primitivas, reformándose o claustro e realizándose a torre actual. Ampara o Panteón de Galegos Ilustres, sobre o que nos deteremos en capítulo aparte.

A intervención contemplou a corrección de humidades da ábside e a restauración das cubertas, así como unha nova iluminación do Panteón de Galegos Ilustres e o pintado de bóvedas.

Tamén se interviú no proxecto de reparación do retablo da capela de San Vicente Ferrer. A parte a súa función religiosa, esta capela tamén tivo unha función funeraria, xa que nela se enterraron García González de Bendaña, Sancho Xarpa e a súa muller, Leonor de Andrade. Os sepulcros trasladáronse con motivo da reforma de 1699 e perdeuse a súa localización. Logo colocouse o retablo. Un retablo deseñado iconográficamente a partires do resto dun púlpito que parece que se conserva no claustro do convento, desde o que se supón que San Vicente Ferrer predicou na cidade de Santiago. É un retablo de escasa anchura pero moi alto, tratando de adaptarse á capela, típicamente gótica. A medida que sube o retablo bótase cara adiante, producindo ó final un efecto gruta. De feito é moi profundo (case 2,5 metros) e está deseñado como un semicírculo. Lateralmente apóiase en dous basamentos de pedra tallada que enmarcan unha grada e a mesa de altar.

O presuposto total da restauración da Igrexa de San Domingos de Bonaval foi de **368.052,85 euros**.

5.8.2.- Museo de San Domingos de Bonaval

Tras ser declarado Monumento Histórico Nacional en 1912, o convento empeza a rehabilitarse para o seu uso práctico: primeiro foi hospicio, logo “Escola de Arte e Oficios Artísticos” e “Escola de Traballo”. En 1963 converteuse no Museo Municipal de Santiago. En febreiro de 1977, a corporación aproba a súa cesión ó Padroado de Museo do Pobo

Galego, que aborda varias fases de restauración e rehabilitación, baixo a dirección técnica do estudio de arquitectura Baltar-Bartolomé-Almuíña. Así fóronse renovando a estrutura e as cubertas, tanto no corpo conventual propiamente dito como na á sur, e acondicionando interiormente as dependencias para uso das salas de exposición permanentes e temporais, auditorio e outras dependencias e servicios do Museo.

A intervención centrouse na reparación xeral que comprende a limpeza de vexetación que nace sobre o tellado, a recolocación de tellas movidas e substitución de pezas. Ó mesmo tempo, este repaso incidiu na reparación de filtracións de auga de choiva producida en dous puntos: nos encontros do edificio do convento co da Igrexa, especialmente nas proximidades da torre do campanario e a cuberta do recinto que acolle no seu interior a espectacular triple escaleira de caracol. Tamén se incluiu a reparación de desperfectos causados polas filtracións referidas no recebo da parede que rodea as escaleiras de caracol, así como a substitución da carpintería de madeira das ventás e porta superiores da escaleira e colocación dun pasamáns de tubo de aceiro inoxidable que axudara a facer máis doada a ascensión.

O orzamento total de execución da obra foi de **414.667,72 euros**.

5.8.3.- Escolas A Milagrosa e San Xosé de Bonaval

Restauración da cuberta e dos paramentos interiores das Escolas da Milagrosa e San Xosé.

O presuposto tal das obras ascendeu a **35.504,96 euros**.

5.8.4.- Panteón de Galegos Ilustres

Esta capela, orixinalmente do século XIV, exerceu como sala capitular e probablemente foi sede da Cofraría do Rosario. En 1582 aparece co nome de Capela do Cabildo. A capela foi mal construída en 1634 e ameazaba ruína. Entón a Comunidade a reclamou para facer a sacristía e capítulo. No seu lugar, en 1657, reedificouse a Capela de Santo Domingo Suriano, obra de estilo barroco, de planta cadrada e unha cúpula, totalmente reformada no século XVIII. Recóllese a noticia de que ó pé do altar estaban sepultadas a condesa de Maceda e dona Blanca de Anaya.

Trala morte de Rosalía de Castro en 1885, xorde a idea de construír un mausoleo onde os restos da escritora repousaran dignamente. Con tal iniciativa constituíuse entre os galegos de Cuba unha comisión presidida por Juan Manuel Espada e Enrique Novo, que reúne os fondos para a realización do sepulcro. Paralelamente en Santiago, o presidente da Sociedade Económica de Amigos del País, Joaquín Díaz de Rábago, promove outra recaudación para complementa-la obra e establecer no templo de San Domingos o Panteón de Galegos Ilustres. O 25 de maio de 1891 depositáanse dentro do mausoleo os restos de Rosalía de Castro, quedando instituído o Panteón. Máis tarde serán enterrados Alfredo Brañas, Francisco Asorey, Ramón Cabanillas, Alfonso Rodríguez Castelao.

O último proxecto de reparacións no Panteón de Galegos Ilustres, redactado polos arquitectos José A. Bartolomé Argüelles e Carlos Almunia Díaz, data do ano 2005. Neste sentido realizáronse obras na parede oriental, na que se atopa o monumento funerario de Alfredo Brañas, xa que presentaba un deterioro moi evidente nunha área moi concreta e

determinada do revestimento de cal que recubre a obra de fábrica de mampostería. A orixe deste deterioro estaba nas pequenas entradas de auga que se poideron producir polas ventás, que están pechadas con vidros recibidos en puntos mediante pinzas de aceiro inoxidable e deixan o seu perímetro aberto.

O importe total do orzamento destinado a reparación foi de **71.861,49 euros.**

5.-9.- Paraninfo da Universidade

No ano 1769, trala expulsión de España da Compañía de Xesús, o Rei Carlos III expide un Real Decreto polo que se produce a cesión por parte do Estado á Universidade de Santiago dos tres edificios que ocupaba o Colexio dos Xesuitas na cidade compostelana: Igrexa, Casa de Exercitantes (ata hai pouco Facultade de Ciencias da Información) e Convento (sobre o que se construiu o edificio da Universidade que corresponde á actual Facultade de Xeografía e Historia). Estes edificios, con terreos e hortas comprendían o espazo hoxe situado entre a Rúa do Castro, Igrexa de San Fiz de Salovio, Rúa da Virxe da Cerca e a Plaza de Mazarelos.

Cando en 1804 se construíu este novo edificio para a Universidade (a actual Facultade de Xeografía e Historia), contaba na planta baixa cun salón de actos, pero como este resultaba demasiado reducido e pouco adecuado ampliase un século despois e refórmase o edificio. Unha das novidades é a construción dun Salón de Actos-Paraninfo que se ubica no primeiro piso, e que na actualidade consérvase con poucas modificacións; é dicir, tal e como foi concebido a principios de século XX.

Trátase dunha sala de planta rectangular, de aproximadamente 250 metros cadrados e unha altura libre de seis metros, ubicada no primeiro piso, con fachadas á plaza da Universidade e Travesa da Universidade. A estancia ten catro portas; unha delas pechada cun tabique de ladrillo e que anteriormente comunicaba cun despacho contigüo. As outras tres utilízanse como acceso á sala desde o claustro.

O obxecto do proxecto, dirixido pola arquitecta Cristina Ouzande Lugo a finais de 1998, consistiu na restauración deste Salón do Paraninfo. Un salón no que hoxe se celebran os actos académicos solemnes. As obras de restauración tiveron un custo total de **137.909,71 euros**.

6.- Rehabilitación de edificios religiosos do CH e do seu contorno

En distintas fases, o Consorcio de Santiago, en convenio coa Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia, veu financiando e xestionando diversos programas de *Intervención nas Igrexas de Santiago – Plan de restauración de monumentos*. Así o programa de 1998-2003 foi dotado cun orzamento de 3.005.060,52 euros. Este programa continuou o labor iniciado por ambos organismos en 1994 sobre o patrimonio monumental de Santiago e supuxo un novo impulso á protección e conservación de edificios singulares da cidade e do seu contorno cun investimento de 3.455.819,60 euros.

Esta restauración abórdouse desde a consideración das prioridades, optimizando os recursos e evitando actuación finalistas sobre uns edificios mentres existan outros máis danados e deteriorados. Por iso, algunhas das intervencións emprendidas non supuxeron aínda a necesaria posta en valor destes inmobles, mais con todo, a amplitude do programa de restauración asegura en tódolos edificios unha nova fase na súa conservación, instalando baixantes e canos, corrixindo humidades, repoñendo tellas e coidando as súas revocaduras de protección. Tamén avanzando na conservación dos seus retablos, alí onde os ataques da humidade podían producir en curto prazo danos irreparables.

As intervencións contempladas foron as seguintes:

6.1.- Restauración da Igrexa das Ánimas

Este edificio, que foi proxectado orixinariamente por Miguel Ferro Caaveiro, exemplifica a austeridade que en Compostela tivo o neoclásico

por consello da Academia de San Fernando, e precisou de distintas intervencións nos anos 1993-98, 1998-99 e 2002.

Nunha delas, concretamente a do ano 2000, prantexouse a restauración das pinturas murais para a súa conservación. Estas pinturas están situadas nas paredes laterais do presbiterio, en toda a superficie da bóveda e no arco toral que separa a bóveda do presbiterio. O proxecto de restauración desenvolveuse sobre unha superficie aproximada de 170 metros cadrados.

O custo total das diferentes intervencións acadou os **401.510 euros**.

6.2.- Restauración da Igrexa do Carme de Abaixo

Este templo, de estilo barroco clasicista, consta dunha única nave de planta rectangular, e foi levantado entre os anos 1760 e 1773 sobre unha pequena capela anterior. Débese ó arquitecto Lucas Ferro Caveiro. A construción orixinal vincúlase a unha das cofrarías habituais de Santiago nos séculos XVII e XVIII: a Cofraría da Nosa Señora do Carme, que se funda na cidade no ano 1749.

A última restauración é de 2005 e para ela tívose en conta o anterior proxecto redactado no 2002 pola arquitecta María Blanco-Rajoy Sánchez. Esta intervención resumíase na reposición total da cuberta de tella, o engadido de baixantes e canalóns, limpeza, reposición e restauración de carpinterías, así como a reposición do pavimento interior da igrexa e a instalación dun sistema de calefacción mediante suelo radiante.

Así pois, a partir das patoloxías descritas priorizáronse as necesidades de intervención que abrangueron os anos 2002 e 2005. O

arquitecto redactor do proxecto foi Fernando Mingote Rodríguez. O custo total foi de **143.643,64 euros**.

6.3.- Restauración da Colexiata do Sar

Fundada en 1134 é o edificio románico, famoso pola inclinación dos seus pilares, que precisou da restauración das súas cubertas, o claustro, o interior e as ventás.

As diferentes intervencións tiñeron lugar dentro dos programas de rehabilitación de 1993-98, 1998-99 e 2005.

Neste último ano, a actuación centrouse na substitución completa da instalación eléctrica e iluminación, así como na construción dun cortaventos na porta de acceso. Deste modo, creouse unha iluminación indirecta que permitise unha percepción da excepcional volumetría do templo, ponendo en relieve, mediante o contraluz, a deformación existente no interior. Par esto, situouse a luz indirecta sobre bóvedas e paramentos laterais. Tamén se crearon múltiples posibilidades de encendidos creando distintos ambientes en cada un dos usos. En terceiro lugar conseguiu-se unha iluminación homogénea e respectuosa co monumento, tratando que tanto os aparatos como a instalación desaparezan cando sexa posible e se manifesten naqueles puntos necesarios para o normal funcionamento do conxunto da Colexiata.

O presuposto xeral das distintas intervencións, a última das cales foi dirixida polo arquitecto Manuel Carbajo Capeáns, foi de **:295.155,76 euros**.

6.4.- Restauración Convento da Ensinanza

Este convento foi fundado arredor de 1760, ano no que se coloca a primeira pedra segundo o proxecto de Clemente Fernández Sarela, que sería substituído en torno a 1762 por López Freire, aínda que a obra se retrasase ata 1831, ocupándose do final da mesma o arquitecto José Otero. É polo tanto un típico exemplo entre o barroco final e o neoclasicismo.

Está situado na parte baixa do zócalo leste da Améndoa Histórica de Santiago, extramuros da rampa de acceso ao mercado de abastos na rúa da Ensinanza.

A Igrexa do Convento da Ensinanza xa fora obxecto dunha intervención de conservación, amaños e limpeza da súa estrutura física. En concreto, no ano 1999, desenvolvéronse obras de restauración, de acordo co proxecto do arquitecto Juan Manuel Coira López, consistentes na renovación de cubertas, reparación de limas, cumios e babeiros, así como a instalación de canalóns e baixantes de cobre.

A intervención, correspondente a 2003, centrouse nas obras de limpeza de fachada da Igrexa e Convento da Ensinanza, poñendo especial énfase en resolver os problemas de suciedade da pedra granítica da fachada principal, así como a limpeza por restauradores das imaxes da fachada, deterioradas pola contaminación provocada polo intenso tráfico da rúa na que se ubica.

O orzamento total das obras de restauración do convento e da Igrexa da Ensinanza foi de **79.021,07 euros**.

6.5.- Restauración do Convento das Orfas

Fundado arredor de 1600 polo arcebispo San Clemente, o edificio é proxectado por Melchor de Velasco, que non remata a Igrexa ata 1761. O profesor Filgueira Valverde dixo que o edificio é reedificado por orde de Monroy con proxecto de Andrade e Casas. En todo caso, existen documentos de 1740 a 1744 que atribúen a traza a Lucas Ferro Caaveiro. O que é innegable é a influencia de Andrade. Veciña á fachada da igrexa desplégase a do convento, que non adopta a disposición claustral senón que ten dous pequenos patios que lindan ca liña da antiga muralla. Hoxe alberga un colexio de EXB. Está situado na parte baixa do zócalo leste da Améndoa Histórica de Santiago.

A Igrexa do Convento das Orfas non foi obxecto nos últimos anos de ningunha intervención significativa de restauración. Sen embargo si se realizaron como obras menores diversas actuacións de conservación da súa estrutura física, como retellados, reparacións en cuberta, etc.

A restauración de 2003 tivo por obxecto realiza-las obras necesarias para a limpeza da fachada da Igrexa e Convento, poñendo especial relieve nos problemas de suciedade da pedra granítica da fachada principal, así como a limpeza cuidadosa e a restitución das pezas deterioradas pola contaminación e os axentes químicos e atmosféricos. Pretendeuse igualmente substituír o pavimento do acceso á igrexa, actualmente dun granito pulido, alleo ao das fábricas, por un máis adecuado.

O orzamento total das obras, segundo o proxecto de Xosé Santiago Allegue, foi de 22.190,76 euros.

6.6.- Restauración da Capela e Convento de Belvís

Baixo a denominación de Convento de Belvís estrutúrase un conxunto de tres edificios formados polas dependencias conventuais, a Capela da Nosa Señora do Portal e a Igrexa.

De traza barroca, a capela iniciouse en 1694, e non hai constancia de quen poido ser o arquitecto, xa que algúns pensan que poido ser Domingo de Andrade e outros Fray Gabriel de las Casas. Pola súa parte, o convento, dedicado á clausura, está organizado arredor do claustro. Aínda que o primitivo convento levantouse entre 1309 e 1314, non se conserva traza algunha do mesmo e a configuración do actual claustro e as dependencias interiores corresponde á reedificación completa que se realizou en diversas etapas iniciadas en 1664. Polo que respecta á actual Igrexa barroca de Belvís hai que dicir que é a segunda que se construíu para o convento, demoléndose a primitiva igrexa medieval de mediados de século XIV, da que se conservan algúns elementos constructivos.

A rehabilitación do convento abrangueu distintos programas de intervención en 1993-98, 2000, 2002, 2003, 2004 e 2005.

No 2001, e baixo a dirección da arquitecta Cristina Ouzande Lugo, levouse a cabo o proxecto das obras de restauración da capela de Nosa Señora do Portal da Congregación das Dominicás. O obxecto deste proxecto foi suprimir as filtracións de auga de choiva que se producían a través de muros e cuberta.

No ano 2003 lévanse a cabo as obras referidas no proxecto do arquitecto Jorge Barata, obras singularizadas na instalación dunha nova porta do campanario, substitución de ventás, limpeza e rexuntados en pedra, cuberta, revocos, consolidación e rexuntado da cúpula.

O mesmo arquitecto levará a cabo obras semellantes un ano despois, actuando fundamentalmente en cubertas, revocos e carpintería.

No ano 2005, o arquitecto Jorge Barata Martínez dirixe as obras de restauración do convento, con varias intervencións ben diferenciadas: por unha banda, complétase a substitución de carpintería nas fachadas norte e oeste do convento, comenzada durante a intervención realizada no ano anterior. A estas carpinterías a substituír, engádense outras no interior do convento e na planta primeira. Así mesmo procedeuse a restaurar a escaleira de acceso á Capela da Virxe do Portal e levouse a cabo a nova pavimentación da plaza de acceso ó conxunto. Por último, instalouse un cerramento no coro alto da Igrexa, de cara a optimiza-lo uso do sistema de calefacción existente.

O custo total das difrentes intervencións foi de **497.236,08 euros**.

6.7.- Restauración Convento de San Francisco

Ainda que a fundación do convento de San Francisco remóntase ó ano 1214, cando o Santo de Asís chegou a visitar a tumba do Apóstolo Santiago, este mosteiro, o primeiro da orde en España, posee unha igrexa barroca, proxectada por Simón Rodríguez no século XVIII, que é das máis fermosas de Compostela. De estilo barroco, responde o tipo xesuítico, planta de cruz latina inscrita nun gran rectángulo. As torres foron as últimas que se construíron e ramatáronse o 29 de setembro de 1.787. Foi construída co granito orixinario da canteira do Monte Pedroso.

Algunhas das intervencións tiveron lugar dentro dos progrmas dos anos 1998-99, 2000 e 2003. Na primeira delas intervense na fachada e

cubertas da nave lateral occidental. Procédese á limpeza e impermeabilización dos contrafortes e fachada. Colócanse canalóns e baixantes de cobre, impermeabilizando o encontro de muros e cubertas.

Outras obras centráronse nas seguintes partes da Igrexa:

- **Fachada principal:**

Limpeza manual das zonas máis sucias, picado de rexuntados de morteiro de cemento, reparación de pezas rotas e substitución de carpintería de aluminio por carpintería de madeira e vidrios fixos que permitan a ventilación da igrexa.

- **As Torres:**

Limpeza manual, picado de rexuntados de morteiro de cemento, reparación das claves dos arcos, quitar os focos que están atornillados á pedra, ampliación das calas existentes nos muros para a evacuación da auga, así como limpeza e restauración das balaustradas.

- **Interior da Igrexa**

Sustitución das ventás do cimborrio, colocación de vidro fixo que permita a ventilación permanente, abrir ocos de ventilación na bóveda, limpeza manual da pintura en mal estado e restauración de retablos.

- **Fachada Rúa dos Castaños**

Limpeza manual de toda a fachada, substitución dos elementos de evacuación de pluviais existentes por pezas de cobre, colocación de canalóns e baixantes na cuberta da nave central.

A arquitecta deste proxecto foi Julia Álvarez García. As intervencións realizadas no conxunto de San Francisco corresponden os programas 1998-99, 2000 e 2003 cun orzamento total de **259.792,11 euros**.

6.8.- Restauración do Convento de Santa Clara

Arredor de 1260 aparece en Galicia a Orde de Sta. Clara e a primeira fundación localízase en Santiago por iniciativa de frailes menores. Parece que foi dos primeiros conventos femininos en Santiago. Ó longo do século XIV importantes donacións indican que Santa Clara está sendo cita obrigada das damas galegas de apelido de alcurnia e desde 1340 constátase a costume de facerse enterrar no convento.

A fachada é a obra máis expresiva de Simón Rodríguez e exemplo singular da arquitectura barroca española. Nela renúnciase aos elementos clásicos e reemprázanse por outros baseándose en placados xeométricos.

Pois ben, neste edificio, proxectado por Pedro de Arén a finais do século XVII, reparáronse partes da cuberta, carpinterías, ventás, grietas en muros, enfoscados e pinturas nos paramentos con frente á rúa de Santa Clara, e a chimenea da cociña. Tamén se desmontaron e substituíron os soportes e mecanismos das tres campás. Así mesmo, se forraron as caras inclinadas dos contrafortes con planchas de plomo e as caras horizontais das repisas da fachada principal, colocando un drenaxe na fachada interior do corpo principal. Esta intervención foi dirixida polos arquitectos Gonzalo de Pedro Quijano e Celestino García Braña.

As intervencións levadas a cabo comprenderon os programas anuais de 1993-98, 1998-99, 2002,2003, 2004 e 2005.

En 1998 executouse o proxecto para a restauración da Igrexa de Santa Clara, redactado pola arquitecta Ana Debén Rodríguez, actuando fundamentalmente en limpeza e revoco de fábrica, operacións en cuberta e outras operacións na escalinata de acceso.

No 2003 execútase o proxecto de Obras de restauración da Igrexa de Santa Clara, redactado polo arquitecto Jorge Barata Martínez, consistente fundamentalmente na substitución de revocos das fachadas do lado norte da Igrexa e o emplomado dos encontros entre as cubertas do claustro e as fábricas da mesma.

Continuando na liña de intervencións do Consorcio, durante 2004 execútase o proxecto de restauración do convento de Santa Clara, redactado polo arquitecto citado anteriormente. Consistiu nunha intervención sobre a fachada oeste e a parte sur do portal, as máis urbanas do convento, e que consistiu en dota-la de canalóns e baixantes, conexionado coa rede de saneamento e restauración de pezas e elementos pétreos.

En febreiro de 2005, o mesmo arquitecto, Jorge Barata Martínez dirixe as obras de restauración do coro baixo do Convento, que conforma unha estancia de 125 metros cadrados, e no que se realizan os enterramentos das religiosas. Nesta intervención actuouse sobre o pavimento, instalando un novo de madeira, significando os enterramentos, e sobre as instalacións eléctrica e de iluminación, calefacción, carpinterías, mobiliario, muros, reixas, teitos e confesionarios.

A finais deste mesmo ano de 2005 levouse a cabo o proxecto de restauración da primeira planta do claustro sur do convento polo arquitecto citado: Jorge Barata Martínez. A principal operación consistiu na substitución da parte do pavimento de madeira da galería sur, e de parte da estrutura de vigas e pontóns de madeira.

Neste mesmo proxecto prantexouse a posibilidade de completar esta actuación nunha fase posterior, acometendo a renovación daquelas zonas do pavimento que non se substituíron co actual proxecto, así como prantexar unha intervención sobre o aseo da pranta primeira. Do mesmo modo recoméndase realizar unha intervención na escaleira que comunica ámbalas dúas prantas, eliminando aqueles elementos e materiais alleos e que non son adecuados ó monumento.

O orzamento total foi de **512.632,67 euros**.

6.9.- Restauración do Convento do Carme

A orixe do Convento do Carme débese a Flavia Antonia Pereira de Andrade, natural de Cuntis, Pontevedra, que introduce en Galicia a Orde de Carmelitas da Reforma de Santa Teresa. Co nome religioso de M^a Antonia de Jesús consegue o apoio de Bárbara de Braganza, do Rei Fernando VI e do Bispo de Santiago Cayetano Gil Tabeada para a fundación do Convento de Clausura en 1747. En 1753 comeza a cimentación do novo edificio que habería de rematarse no 1792.

No ano 1998, e baixo a dirección da arquitecta Carolina Alvarez Míguez, levouse a cabo a restauración do Convento do Carme, centrándose

na reparación do pavimento da Igrexa e do trasdosado e saneamento do zócalo interior da Igrexa.

No 2001 o obxecto da restauración foi o Coro baixo, que tivo como restauradores a José Manuel Rey Aguiño e Charo López Díaz.

No 2002 tivo lugar o rexuntado parcial das fachadas da horta, segundo o proxecto realizado por Santiago Pintos Pena.

No 2004 o arquitecto citado, Santiago Pintos Pena, seguindo unha orde de prioridades ante a imposibilidade de acometer nesta fase tódalas obras necesarias para unha rehabilitación completa, interviú na limpeza perimetral da base dos muros, repasando e repoñendo os conductos en mal estado ou mal dimensionados e eliminando a entrada de auga de filtración.

O custo total das intervencións foi de **444.997,27 euros**.

6.10.- Restauración da Ermida da Virxe da Fonte

A Ermida da Virxe da Fonte atópase ao final do barrio de Pelamios no límite co Parque da Música, a escasa distancia do río Corvo, afluente do Sarela. O emprazamento que conxuga a presenza do río co da fonte fai pensar na fundación cristianizadora de ritos paganos, como sinala López Vázquez. A fundación é medieval e dátase polo menos unha reconstrucción a finais do século XIV.

O proxecto de restauración de 2001 ten por obxecto realiza-las obras de reparación das deficiencias observadas, sendo o principal problema o da humidade, segundo o arquitecto Juan Manuel Coira López.

Esta intervención e a de 2003 acadou un orzamento total de **85.950,93 euros.**

6.11.- Restauración Igrexa de César

As obras de rehabilitación da Igrexa de Santa María de César centráronse na reparación da cuberta, incluíndo a estrutura. Con esta reestructuración conseguiuuse unha mellora substancial na cantidade e calidade do espazo da nave, o prescindir do falso teito. Ao mesmo tempo, facilitouse o acceso ó campanario, o cal permitiu a eliminación desa estrutura metálica existente, co conseguinte desequilibrio da fachada. Estas obras tamén obrigaron a substitución da instalación eléctrica.

Tamén se procedeu a substitución de carpinterías por outras fixas, sen divisións e con anclaxes e cristais de seguridade. Así mesmo, procedeuse a substitución da estrutura do coro, gardando unha certa concordancia coa da cuberta.

As obras no interior da igrexa rematáronse co raspado e pintado dos paramentos verticais.

No exterior, agás unha canalización das augas da cuneta, fronte a igrexa, só se procedeu a unha limpeza e saneamento de muros e terreos circundantes.

As obras levadas a cabo segundo o proxecto elaborado polo arquitecto Javier Fernández Muñoz en 1994 acadaron un orzamento de **47.600,16 euros.**

6.12.- Restauración da Igrexa de Figueiras

Trátase dunha igrexa románica da segunda metade do século XII, de unha única nave e unha capela maior. Dispón dunha sacristía, que é un engadido posterior. A fachada, de estilo neoclásico, foi realizada durante as reformas realizadas no século XIX.

A Igrexa de Figueiras está situada no lugar do mesmo nome ou tamén chamado “Xiro da Rocha”, en dirección leste, accedéndose pola estrada que conduce ó Monte Pedroso.

A Igrexa é unha edificación de pranta rectangular, estreitándose na ábside. Ten altos muros e está cuberta con tellado a dúas augas. As transformacións posteriores a súa orixe románica, especialmente as máis recentes desenvolvidas nos anos 1978-79, desvirtuáronna en gran medida.

A restauración levada a cabo polo arquitecto Jorge Barato Martínez no 2003 por encargo do Consorcio ten por obxecto solventar los problemas de humidades, revestimentos, cuberta e drenaxes. Deste xeito, substitúense tódalas carpinterías, agás as portas norte, oeste e da sacristía; instálanse as baixantes e os canalóns; realízase un drenaxe perimetral nos tramos necesarios; píntanse os revocos interiores; realízanse limpeza e consolidacións en pedra; e revísanse os encontros entre cubertas e fábricas que poidan introducir auga.

A partida presupostaria destinada a esta restauración acada os **46.068,83 euros.**

6.13.- Restauración da Igrexa das Mercedarias

A Igrexa e o convento están situados fronte a porta de Mazarelos entre as rúas de Pexigo e Patio de Madres, dando fronte á rúa de Fonte de Santo Antonio – Virxe da Cerca.

A Igrexa dunha soa nave posúe planta de cruz latina con dous tramos: a capela maior recta entre as dúas sacristías e a do cruceiro. Un pequeno claustro do convento proporciona luz as celdas e demais dependencias.

O esquema xeral da fachada é de estilo manierista e hai que situala na primeira etapa do barroco compostelán. Os cambios máis notables que sufríu posteriormente a fachada datan do século XVIII, cando se construíu o campanario, e o peche da portada da igrexa cegándose os dous arcos laterais e convertíndose o central en porta.

O Consorcio de Santiago promoveu diversas obras na Igrexa das Mercedarias dentro dos programas dos anos 1993-98, 1998-99, 2000, 2002 e 2003.

En 1999 reparáronse reixerías e carpinteirías, rexuntáronse fábricas e substituíronse revocos interiores na Igrexa e sacristía, ademais de retellar e instalar canalóns.

A intervención de 2002 centrouse na reparación do campanario e de algunhas carpinteirías interiores.

En canto os aspectos da intervención realizada en 2003, hai que dicir que se centrou en resolver os problemas principias referidos, sobre todo, o saneamento e repintado dos revocos interiores da sacristía, así como a renovación de revocos no pano interior da portada da Igrexa. Tamén se realizaron catas na Bóveda, analizando a pintura existente no tímpano da porta da Igrexa.

O orzamento total das distintas intervencións foi de **241.193,11 euros.**

6.14.- Restauración Igrexa de Guadalupe

Esta igrexa está marcada por un grave incendio, ocorrido hai anos, tralo que se reconstruiu, perdendo nesta operación a maior parte do seu interés arquitectónico. Está situada no barrio de Vite. Trátase dun conxunto formado pola Igrexa inicial, á que se agregou posteriormente unha zona de sacristía na fachada nordeste e posteriormente no resto da fachada norte construíuse unha ampliación da nave na planta baixa e local social na planta alta. Diante da fachada atópase unha plaza pechada, de proporción cuadrada, mentres que os arredores foron urbanizados. No terreo sobre o que se asenta ten unha gran pendiente no sentido da nave, baixando ata a fachada, polo que o presbiterio e a sacristía están practicamente enterradas, o que provocou problemas de penetración de humidades no interior, deteriorándose a pintura.

A intervención levada a cabo, segundo o proxecto dirixido polo arquitecto Ricardo Saez Diaz en 1998, consistiu fundamentalmente no recambio de tellas de tódalas cubertas e de placas de fibrocemento (uralita) que estaban en mal estado. Tamén se colocaron pequenas gárgolas de zinc-

titanio no remate final de desagüe dos canalóns, procedendo así mesmo a correxi-las deficiencias de ventilación e substituindo o sistema de impermeabilización da terraza da espadaña, asegurando o sistema de desagüe.

Outras intervencións tiveron lugar en 1999 e 2005. O custo total desta intervención foi de **54.297,29 euros**.

6.15.- Restauración da Igrexa do Pilar

Situada dentro do Paseo da Alameda, a Igrexa da Nosa Señora do Pilar foi construída no primeiro tercio do século XVIII, nun momento no que o arcebispo Frei Antonio de Monroy estaba a impulsa-lo culto pilarista na cidade.

A capela foi fundada polo coengo compostelano Juan Sánchez Vaamonde, que solicitou a licencia ó concello en 1703. Sen embargo a obra non se debeu iniciar de forma inmediata, tendo en conta que non foi consagrada ata 1717. Este atraso explicaría que as súas trazas, quizais realizadas por Domingo A. de Andrade, fosen profundamente alteradas trala súa morte. A igrexa organizase cunha planta de cruz latina, cunha única nave e sacristía posterior.

En 1998, e patrocinado polo Consorcio, realizouse un proxecto de restauración redactado polo arquitecto Rafael Mingote Rodríguez, consistente basicamente na substitución de revocos, operacións na cuberta,

substitución de carpinterías, operacións no atrio exterior, drenaxes e limpeza de fábricas.

No ano 2003 leváronse a cabo novas obras de restauración, baixo a dirección do proxecto do arquitecto Jorge Barata Martínez, actuando na limpeza completa de canalóns, no arranxo das ventás de madeira e nos revocos afectados por desprendimentos, manchas e trazas de humidade. Tamén se arranxaron desperfectos nas torres provocados pola presenza das palomas.

No ano 2005, e baixo a supervisión de Francisco Javier Novo Sánchez, actuouse sobre o Retablo Maior da Capela da Nosa Señora do Pilar.

O custo total foi de **116.619,25 euros**.

6.16.- Restauración da Capela da Orde Terceira Franciscana

Esta obra de restauración na Capela da Orde Terceira consistiu na disposición dunhas pezas especiais para resolve-lo paso dos tirantes de aceiro inoxidable a través dos catro panos da cuberta. Estas pezas permitiron o traballo independente do atirantado, e o mesmo tempo constituiron unha xunta impermeable e elástica. O material empregado foi o aceiro galvanizado e pintado. As xuntas resolvéronse con planchas de chumbo e sellado de silicona.

A obra foi levada a cabo porlo arquitecto Ricardo Aroca Hernández-Ros no 2001.

O custo total foi de **302.853,92 euros**.

6.17.- Rehabilitación da torre sur da Igrexa de San Agustín

A Igrexa de San Agustín foi realizada segundo trazado de G. De Araújo e F. Lechuga, pero debido a morte do primeiro, pódese dicir que ós poucos meses Lechuga levantouna ó seu gusto. As obras concluíron en 1648. Dispón dunha planta de cruz latina inscrita nun rectángulo, unha só nave de tres tramos, con capelas laterais, cruceiro e capela maior entre dúas sacristías. O seu alzado é de pilastras de orde toscano con arcos de medio punto. A nave principal, con coro alto no seu primeiro tramo, está cuberta de bóvedas de cañón, mentres que as capelas laterais, de grande altura, están cubertas por bóvedas de arista.

As intervencións máis significativas dos últimos anos foron dentro dos programas de 1993-98, 1998-99, 2002 e 2003.

En 1996 desenvolvéronse obras de restauración segundo proxecto redactado polo arquitecto Javier Vizcaino Monti, realizándose obras de renovación de cubertas, de recuperación de revocos e reparación de fisuras e grietas, limpeza de cantería, substitución das redes eléctricas e sistema de alumado, mellora da ventilación interior e eliminación de humidades.

En 1999, segundo o proxecto redactado polo arquitecto Benito Jáuregui Fernández, realízanse novas obras para a limpeza xeral da fachada e torres, reposición de rexuntados con morteiros de cal e reparación de elementos de cantería danados. Realizáronse tamén obras para favorecer a ventilación interior, renovación de carpinterías, evacuación de augas e reparación de cubertas das torres.

No 2003, e baixo a dirección do arquitecto Iago Seara Morales, leváronse a cabo obras de restauración e rehabilitación da torre da Igrexa de San Agustín. Esta intervención centrouse na adecuación dos espazos da torre, así como das dependencias que dan acceso á mesma, a fin de face-la torre accesible ó público. Os diferentes niveis adecuáronse para a exposición de diferentes obxectos de uso litúrxico, buscando a posibilidade de musealización dos propios espazos arquitectónicos.

As obras en cuestión contaron cun presuposto total de: **293.150,36 euros.**

6.18.- Restauración da Igrexa de San Bieito

As trazas que definen a Igrexa de San Bieito, situada na Praza de Cervantes, inscríbense dentro dos criterios promovidos pola Real Academia de San Fernando, entidade promotora do Neoclasicismo dende a súa fundación. A igrexa orixinal é, segundo Otero Pedrayo, das máis antigas da cidade, construída no século X por San Pedro de Mezonzo, reedificada dúas veces, a primeira por Xelmírez e a segunda e definitiva polos arquitectos Juan López Freire e Melchor de Prado, que é a que permanece. A primeira noticia que temos sobre a derradeira edificación está relacionada coa visita do arcebispo de Santiago en 1787, que ordea a demolición do edificio vello. Segundo Manuel Murguía, abriuse de novo ao culto en 1804, sendo o seu bisavó o primeiro que se enterrou baixo as súas bóvedas.

No ano 1999 desenvolvéronse obras de restauración promovidas polo Consorcio e dirixidas polo arquitecto Alberte González Rodríguez, consistentes na impermeabilizacións da cuberta, restauración de pinturas e iluminación.

A nova intervención do ano 2003, coordinada polo arquitecto Xosé Santiago Allegue, centrouse na restauración de aspectos parciais da Igrexa, destacando a mellora da iluminación interior, así como a instalación de canalóns e baixantes de cobre, limpeza de plantas e musgos das súas fachadas, cornisas e zócalos. Tamén se instalou ventana fixa ventilada no oco da escaleira norde de subida ao coro. O orzamento total das obras de restauración ascendeu a **80.884,21 euros**.

6.19.- Restauración da Capela de San Caetano

Situada na parte alta do barrio de San Caetano, entre o Edificio Central das Consellerías da Xunta de Galicia e o barrio de Vite, a capela foi rematada arredor de 1700 por autor descoñecido. Trátase dunha capela de planta de cruz latina sendo a nave principal un pouco máis longa que a de cabeceira. Forma parte dunha colonia de 21 casas desaparecidas a principios dos anos setenta pola construción dos accesos á cidade. Foi fundada por Bartolomé Vázquez Berea e Angela de Ponte y Andrade. En 1970 fúndase a Capellanía de San Caetano que, finalmente, acaba dependendo de San Miguel dos Agros ata que en 1970 constitúese en Parroquia.

No ano 2002 desenvolvéronse obras de restauración promovidas polo Consorcio, de acordo co proxecto redactado polo arquitecto Juan Carlos

Linares. As obras consistiron na renovación das cubertas e drenaxe exterior dos muros.

O último proxecto de intervención, levado a cabo no 2003 baixo a dirección do arquitecto Xosé Santiago Allegue, tivo como obxectivo a restauración das fachadas, poñendo especial énfase en resolver os problemas de filtracións de auga dende a xardinería perimetral así como dende as baixantes de cuberta que verten directamente a eles. Tamén se renovou o enfoscado de cemento por un revoco de cal en dúas capas acabado con pintura ao silicato.

O investimento total foi de **52.292,59 euros**.

6.20.- Restauración da Igrexa de San Fructuoso

No inicio da Rúa Hortas, que toma o seu nome polas moitas hortas que se estenden á ámbolos lados, e fronte a unha das antigas portas, da que tan só se conserva un cubo, aquel sobre o que se levanta o mirador do actual Hostal dos Reis Católicos, alzábanse dúas capelas cos seus correspondentes cemiterios: a da Santísima Trindade, demolida en 1934, e a da Nosa Señora da Angustia de Abaixo (actual Igrexa parroquial de San Fructuoso), unha das xoias da arquitectura compostelana do século XVIII, de excepcional valor arquitectónico, histórico e cultural.

O estado actual da Igrexa de San Fructuoso pode considerarse en liñas xerais como bo, sen deficiencias estruturais. No obstante levouse a cabo unha obra de rehabilitación dentro do programa 1998-99.

Os danos máis graves foron os producidos por unha infiltración de auga de choiva, procedente do campanario durante o inverno de 2000, producíndose un estancamento da mesma dentro do recinto xa que os aliviadoiros estaban completamente obturados pola vexetación. Esta infiltración deteriorou os revocos da bóveda e paredes do coro.

A intervención de 2002 hai que entendela como unha segunda fase da anterior, e polo tanto máis encamiñada á solución de aspectos puntuais como:

- Eliminación de augas de filtración do campanario
- Reparación e pintado dos revocos dañados do coro
- Limpeza e reparación de cubertas con substitución de tellas
- Limpeza da pedra
- Restauración porta lateral e do cortaventos da porta principal

O presuposto de execución das obras de restauración acadou a cantidade de **113.343,85 euros**.

6.21.- Restauración da Igrexa de San Lázaro

A Igrexa está situada na entrada norde do Camiño de Santiago á Cidade na estrada de San Lázaro. De porte modernista tardío, foi construída entre 1924 e 1927, proxectada por Jesús López de Rego. Trátase dun templo con planta rectangular dunha soa nave. Cuberta a dúas augas co corpo da sacristía máis baixo na cabeceira e resolto a tres augas. Fachada con espadaña. Constructivamente, os muros son de sillares graníticos reforzados con estrutura de formigón.

No ano 2002 leváronse a cabo polo Consorcio obras de restauración que afectaron sobre todo á cuberta e drenaxe do muro sur.

Posteriormente, en 2003 e baixo a dirección de Xosé Santiago Allegue, interviuse con obras de restauración da cuberta, substitución de baixantes e canalóns, así como a drenaxe perimetral.

No 2005, no que tamén se pavimentou con lousa de grán o entorno da igrexa, actuouse sobre aspectos parciais, poñendo especial énfase en resolver-los problemas do interior como o cambio de pavimento de terrazo por un de pedra de grán, reposición de instalación eléctrica e iluminación, así como renovación de carpinterías de ferro en ventás e madeira en portas.

O orzamento total de tódalas intervención acadou os **69.340,06 euros**.

6.22.- Restauración da Igrexa de San Marcos

A Capela de San Marcos ten unha especial significación, moi vinculada co Camiño de Santiago. Trátase da última capela do Camiño, antes de entrar en Compostela, e sitúase no Monte do Gozo, lugar de aloxamento e concentración de moitos peregrinos.

No proxecto de intervención de 2003 trátase non só de recupera-la imaxe exterior senón de recupera-la pureza e sinxeleza do seu espazo interior, xa que permanece pechada a maior parte do tempo. Neste sentido, o principal problema é a humidade e o mal estado da cuberta. En canto a esta prantexouse desmontala, agás da estrutura principal, a fin de saneala

completamente. A solución pasa por realizar canalóns. Respecto ós revestimentos dos muros preténdese sustituilos na medida do posible por enfoscados tradicionais de cal e area, tanto no exterior como no interior. Neste proxecto tamén se propón asentar un pavimento de pedra.

Ó mesmo tempo prantéxase tamén a colocación de mobiliario litúrxico imprescindible: un altar en material noble, digno e duradeiro, pedra e madeira. Un ara de leñas sinxelas e carente de decoracións supérfluas, en consonancia coa arquitectura da capela. O custo da intervención, dirixida polo arquitecto Jorge Barata Martínez, foi de: **45.267,30 euros.**

6.23.- Restauración da Igrexa de San Martín de Aríns

A Igrexa de San Martín de Aríns foi construída no século XVIII cunha fermosa sillería i é dunha soa nave. Cunha capela na fachada norde e, enfrentado a esta, un retablo no muro sur lembran a planta de cruz latina. Unha fermosa torre-campanario de planta cuadrada no centro da fachada oeste sinala a súa presenza no val de Aríns. En torno a Igrexa está o atrio, o cemiterio, os restos da casa de fábrica con cuadras e a casa reitoral. A cabeceira e a sacristía cúbreanse con bóvedas de sillería.

A cuberta, de tella sobre planchas de fibrocemento, foi rehabilitada polo Consorcio no 2003 segundo o proxecto dos arquitectos Juan Manuel Doce Porto e Dulcemaría Trigo Cousillas. Ademais nesta fase tamén se substituíron canalóns e baixantes, executados en cobre. Por outro lado a actuación incluíu obras de limpeza, enfoscado e pintado de paramentos,

acometendo así mesmo un drenaxe no exterior da zona norde, a altura do muro perimetral que pecha o atrio da igrexa.

Continuando con esta intervención, no 2005 apróbase o proxecto de restauración dirixido polo arquitecto Pablo Tomé Ferreiro, consistente en:

- Substitución da instalación eléctrica
- Pintado do interior
- Substitución da bóveda da nave, de escaiola
- Reparación de carpinterías de ventás
- Substitución da porta principal
- Construcción dun novo altar
- Reparación de pavimentos e nas sillerías dos arcos

O custo total das diferentes intervencións foi de **77.763,43 euros**.

6.24.- Restauración da Igrexa de San Martin de Laraño

O atrio de San Martin de Laraño foi destinado antigamente á cemiterio. O conxunto está rodeado por un muro de pedra e forma parte do mesmo unha pequena edificación de dúas plantas, a Casa da Fábrica. A Igrexa consta de nave principal de planta rectangular. Adosado á fachada sur, unha pequena capela e a sacristía, comunicadas respectivamente con nave e presbiterio, este último refeito a principios do século XVIII.

A intervención levada a cabo, segundo o proxecto da arquitecta Elizabeth Abalo Díaz, no ano 2002, está relacionada co saneamento

horizontal (drenaxe de todo o perímetro), a restauración da cuberta, coro, limpeza de muros interiores e exteriores, pavimentos, carpintería e electricidade.

O presuposto total dedicado a esta intervención foi de **114.880,10 euros**.

6.25.- Restauración da Igrexa de San Martín de Eixo

A Igrexa de San Martín de Eixo é un templo de cruz latina, de grandes dimensións e con torre. A portada data de 1850 e está presidida por unha imaxe en pedra de San Cristóbal. No ángulo oposto á torre hai un pináculo rematado por unha bola. Sillería en fachada principal e torre. Mampostería no resto dos muros. A nave está dividida en tramos lonxitudinais marcados por pilastras sobre as que asentan arcos de medio punto que sosteñen a bóveda de cañón que a cubre enteira.

O proxecto de restauración, levado a cabo pola arquitecta Elizabeth Abalo Díaz en 2003, intervén naqueles aspectos que frenen o deterioro dos elementos constructivos, tales como saneamento horizontal (procedendo o drenaxe de todo o perímetro), cuberta, revoques, pavimentos e carpintería.

O custe da actuación foi de **45.841,78 euros**.

6.26.- Restauración de San Martín Pinarío

O Mosteiro de San Martin Pinario é o máis importante conxunto constructivo de Santiago de Compostela despois da Catedral. A súa orixe está no oratorio de Santa María da Corticela, hoxe incorporado ó conxunto catedralicio. Foi precisamente o Bispo Sisnando o que, no ano 912, construiu o oratorio de San Martin, ampliando a vivenda que os monxes tiñan no contiguo lugar de Pinario. En 1102 Xelmírez consagra o altar da nova igrexa que, concluída no 1105, foi crescendo en importancia relixiosa ata o século XVI. No seu recinto aloxáronse persoaxes como Felipe II. Desaloxado pola desamortización, salvouno da ruína o arcebispo García Cuesta, trasladando a el o Seminario fundado polo P. Vélez no Colexio de San Clemente.

A fachada na que traballou o mestre Benito González Araujo tivo o seu comezo no século XVI e foi concluída en 1738 en tempos de Casas y Novoa. Atribúeselle ó beneditino Fray Manuel de los Mártires a construción do arquitectónico corpo central coa súa monumental portada. O interior está organizado arredor de tres claustros ou patios. Pola súa orixinalidade cómpre destacar a bóveda do refectorio, de 34 metros de largo, concluída por Gutiérrez de Lamora en 1669.

Na primeira fase da restauración da Igrexa de San Martin Pinario, promovida polo Consorcio de Santiago no ano 1998 e realizada en 1999, a actuación principal consistiu na limpeza de paramentos e reparación de babeiros de plomo na fachada principal da igrexa. Outra das actuacións realizadas neste proxecto contemplou a ventilación da nave da igrexa, xa que un dos problemas máis importantes manifestados no seu interior é a presenza de humidades provocadas pola condensación e pola falta de ventilación da nave. Pois hai que ter en conta que non se trata dunha igrexa de culto diario e, polo tanto, permanece pechada gran parte do ano.

Nunha segunda fase, a comprendida baixo a dirección do arquitecto Juan Manuel Doce Porto a finais de 2001, retomouse a actuación anterior de limpeza de paramentos, concentrándose na portada de acceso rodado ó Mosteiro, á dereita da fachada principal, tanto pola súa parte exterior como interior. Tamén se pretendeu mellora-lo sistema de ventilación, substituíndo o vidro inferior das carpinterías por outros que permitan o tránsito de aire. Por outro lado tamén se actúa na restauración da cuberta da nave principal da Igrexa, completando esta intervención coa reposición dunha luna na trampilla de acceso ás terrazas das torres.

Posteriormente, no 2003, e baixo a dirección de Idoia Camiruaga Osés, levouse a cabo unha nova actuación que podía definirse como de mantemento ordinario. Fundamentalmente consistiu na substitución de canalóns e baixantes de augas pluviais na fachada á Val de Deus; reposición de gardacaños na mesma zona; limpeza de pedra en fachada; así como substitución ou reparación, segundo os casos, dalgunhas das carpinterías.

Nesta liña de restauración actuouse novamente baixo a dirección arquitectónica de Víctor M. Hermo Sánchez no ano 2004. Así, a intervención centrouse nas actuacións necesarias para a reparación da cuberta e fachada, substituíndo os elementos danados por outros de iguais características, sen alterar en ningún caso a estrutura orixinal do edificio. Deste xeito, desenvolvéronse as obras de rehabilitación das cubertas, afectando ós tramos adxacentes á Praza da Inmaculada e Rúa das Campás de San Xoán. Por outra parte procedeuse á restauración do grupo escultórico realizado por restauradores especializados, consistente na eliminación de prantas superiores e inferiores (líquens, musgos, etc.) e

limpeza de toda a superficie granítica mediante cepillado suave e auga desionizada.

E seguindo con este proceso de restauración, e co proxecto do arquitecto mencionado anteriormente, actouse de maneira similar no 2005. Pois trátase de continua-los traballos de restauración levados a cabo na fachada principal de San Martin Pinario, aproveitando a existencia de andamios necesaria para sanear o faldón da cuberta correspondente á rúa Moeda Vella, así como a limpeza de muros de sillería granítica.

O custo total das diversas actuacións acadou os **497.207,25 euros**.

6.27.- Restauración da Igrexa de San Miguel de Afora

A igrexa, de traza clasicista, complementábase exteriormente cun cruceiro e un palco de música. Descoñécese a época da súa construción , se ben se sabe que a súas instalacións foron utilizadas pola Orde Franciscana en distintos eventos ó longo do século XX. Na actualidade, a Igrexa atópase aberta ó culto e consta dunha soa nave. Unha nave que se ilumina a través de dúas pequenas ventás situadas a media altura. Tamén dispón dun pequeno campanario coronando a fachada principal ó que se accede a través dunha escaleira de formigón ubicada no coro.

Segundo o proxecto de intervención, dirixido polo arquitecto Pablo Costa Buján no 2003, as obras fundamentais levadas a cabo na Igrexa de San Miguel de Afora consistiron na reparación do tellado, na limpeza da fachada e das pezas de cantería da torre do campanario, dotándoa de novos

canalóns, baixantes e arquetas de recollida de augas, así como unha nova accesibilidade a través dun acerado de granito.

O custo total das intervencións levadas a cabo foi de **45.353,84 euros.**

6.28.- Restauración da Igrexa de San Miguel dos Agros

Situada na Plaza de San Miguel, e próxima ó Convento de San Martin Pinario, a Igrexa da parroquia compostelana de San Miguel dos Agros é unha das máis antigas de Santiago. A primeira edificación foi destruída por Almanzor e posteriormente reedificada por Xelmírez. Ó longo da súa dilatada vida parece que foi obxecto de numerosas modificacións. A construción actual data da segunda metade do século XVIII. Unha intervención que xa se axusta ás directrices artísticas da ortodoxia neoclásica.

As actuacións máis importantes contempladas na súa restauración tiveron como obxectivo mellorar o seu estado reparando a cuberta, restaurando as pinturas murales e as obras de saneamento. Foron dentro do programa 1998-99. Posteriormente, na intervención de 2002, dirixida pola arquitecta Luisa Serrano García, contemplouse unha actuación dirixida a eliminar as humidades por filtración, corrixindo os defectos observados na cuberta e frontón da fachada principal.

O custo das intervencións levadas a cabo ascende á **216.878,51 euros.**

6.29.- Restauración de San Paio de Antealtares

O Mosteiro de San Paio está enmarcado polas rúas de San Paio, Rúa da Conga, Vía Sacra e Praza da Quintana. O mosteiro xurde como consecuencia do descubrimento da tumba do Apóstolo. Foi fundado por Alonso II o Casto, que establece nun terreo próximo á primeira basílica unha comunidade que atenderá o culto e velará pola tumba do Apóstolo. O mosteiro sufriu moitos avatares, destruíndose e reedificándose en numerosas ocasións, situándose sempre no entorno da cabeceira da Catedral. Daí o nome de Antealtares. Debido ó seu prestixio foi adquirindo propiedades lindantes e acometendo contínuas obras ó longo de máis de douscentos anos. Así construírse o maxestoso muro que da á Praza da Quintana, e para posteriormente extender a edificación cara a Rúa de San Paio, creando os dous claustros interiores. Sucedéronse mestres como Mateo López, Jácome Fernández, Fernández-Lechuga e Melchor de Velasco, autor da fachada da portería.

Rematadas as obras do convento, as obras oriéntanse cara a renovación da Igrexa que se atopaba en estado ruinoso. En 1699 a comunidade decide derrubar o vello templo para construír un novo lo lugar do anterior.

As distintas actuacións concéntranse nos anos 1998-99, 2000, 2002, 2004 e 2005.

No 2001 lévanse a cabo obras de restauración da Igrexa segundo o proxecto da arquitecta Rosa Ana Guerra Pestonit, dando prioridade as seguintes actuacións:

- Eliminación da causa da humidade, proxectando as reparacións precisas na rede de alcantarillado.

- Eliminación dos danos causados nos muros, aplicando un morteiro deshumificador e modificando as ventás para acadar unha ventilación permanente que axude a eliminar a humidade retida.
- Mellorar o aspecto da sacristía, limpando os revocos existentes e pintándoa.

Posteriormente, e baixo a dirección arquitectónica de Iago Seara Morales, levouse a cabo a restauración de fachadas do Mosteiro. A intervención atendeu á limpeza previa de tódalas superficies, eliminando depósitos de plantas e materias orgánicas, tratamentos de xuntas e fisuras, reintegración de volúmenes e tratamento da pedra.

Así mesmo, e baixo a súa dirección, no 2004 executáronse os traballos necesarios para a recondución das instalacións eléctricas, a retirada de revocos en mal estado e a súa posterior reposición e pintado, así como a ventilación da Igrexa mediante a modificación do acristalamento de catro ventás.

Órgano de San Paio

Unha das xoias restauradas polo Consorcio foi o Órgano da Igrexa de San Paio de Antealtares. Pois se trata dunha obra de arte, unha obra mestra instrumental barroca que, tras longos anos en silencio, volveu co seu son barroco orixinal a evocar rezos e cánticos melodiosos.

Construído na segunda metade do século XVIII, este órgano é un dos mellores expoñentes que se conservan da época dourada do órgano ibérico. A riqueza da súa composición de rexistros, así como a existencia dun segundo teclado, pouco habitual nese período, mostra por un lado os

grandes recursos dos órganos barrocos e por outro lado a importancia e representatividade do órgano na vida musical do convento.

Todo o esforzo da restauración do Consorcio ten como finalidade a recuperación non só dun marco incomparable donde se realiza unha cuidada liturxia, senón tamén a recuperación dun magnífico instrumento para a interpretación da música dunha época tan rica e importante para o órgano. Baixo a dirección de Gerhard Grenzing, un dos máis prestixiosos constructores e restauradores de órganos, participaron neste traballo de restauración: Jordi Andujar, Antonio Castro, Michael Geigant, Daniel Grenzing, Angelina González, José M^a González, Jaume Ferre, Oscar J.Laguna, Pedro Martínez, Karl Mayer, Andreas Mühlhoff e Marc Theo Schwartz. A recuperación do esplendor desta xoia tivo o seu acto de inauguración o 27 de xullo de 1996.

En conxunto, o orzamento dedicado polo consorcio de Santiago ó Convento e Igrexa de San Paio de Antealtares foi de: **529.262,13 euros.**

6.30.- Restauración da Igrexa de San Fiz de Salovio

A Igrexa de San Fiz de Salovio, coñecida tamén por San Felix, está considerada segundo algunhas fontes como a máis antiga das edificadas en Santiago de Compostela. Aínda que se descoñece a data da súa fundación, López Ferreiro sitúaa nos sécalos V o VI.

A comezos do século X, segundo algunhas fontes, Santiago é arrasada no 997 por Almanzor, sendo derruída esta igrexa ó igual que o resto, volvendo ser edificada esta vez polo bispo San Pedro de Mezonzo. Para López Ferreiro só se conserva desta época ó tímpano da porta de entrada, que ostentaba unha sinxela cruz de brazos iguais. No ano 1122, o

arcebispo Xelmírez levará a cabo a renovación desde os seus cimentos dalgúns igrexas de Santiago e, entre elas, a de San Fiz. Esta será a última reforma da que temos noticia ata o ano 1625. Ao longo do século XVII engádense capelas á igrexa medieval que, cos engadidos do século XVIII, dóctanna de tres naves. No ano 1701 proxéctase a reedificación da igrexa, encargándose da mesma Simón Rodríguez.

As obras de rehabilitación da Igrexa de San Fiz de Salovio foron levadas a cabo segundo o proxecto de María Blanco-Rajoy Sánchez en 1999. Unha vez iniciadas estas obras, observouse que, ao levantar a cuberta existente da nave central, había que utilizar uns tirantes de aceiro para substituír aos de madeira previstos no proxecto. Así mesmo, na demolición da cuberta observouse que era preciso retirar unha cornisa de ladrillo e cemento colocada encima da orixinal de pedra, executada na última reforma da igrexa. Tamén nas naves laterais retirouse unha tela asfáltica baixo a tella existente e encintouse parte da sillería do campanario, entre outras actuacións.

O importe total da obra foi de **118.149,52 euros**.

6.31.- Restauración da Igrexa de San Pedro de Busto

Trátase dunha igrexa de planta de cruz latina á que se engadiu a sacristía no muro norde da ábside. O libro de fábricas da Igrexa de San Pedro de Busto data de 1600.

Dentro dos proxectos de recente intervención cómpre destacar o elaborado por Mercedes Rosón Varela a finais de 1998. Neste proxecto

previase a demolición da cuberta de tella curva, o levantamento do falso teito de madeira de teka para sustituílo por un entramado que resolvese a ventilación da cuberta e os problemas de condensación; a realización dun novo acceso ó campanario, a reparación da pintura do portal principal e a estrutura de madeira do coro. Pero os cambios máis significativos da obra con respecto ó proxecto son a execución de taladros no falso teito de madeira e no alero para ventilar a cuberta, a solución de carpintería exterior con lunas incoloras e fixas de bronce.

Posteriormente, a finais de 2001, a arquitecta M^a Elena Parajó Calvo leva a cabo un novo proxecto de restauración, con actuacións destinadas sobre todo a impedi-la entrada de auga, impermeabilizando os muros da fachada da Igrexa, así como reparacións de carpintería nas ventás, con pletinas de bronce nas que a ventilación se resolve coa disposición de dous vidrios.

O custo da intervención na Igrexa foi de **56.960,89 euros**.

6.32.- Restauración da Igrexa de San Roque

O conxunto formado polo hospital e a Capela de San Roque fundouse extramuros, aínda que próximo á muralla e a Porta da Peña, nunha época –século XVI- na que a cidade sufría os ataques contínuos da peste e outros males contaxiosos. O acordo de construción da primitiva capela dedicada a San Roque de Montpellier e a San Sebastián data do ano 1517. Unha especie de exvoto que as institucións compostelanas quixeron agradecer como fin da peste. A súa construción foi contratada en 1520 ó arquitecto Martín de Blas, mestre que traballou na portada do Hospital Real

pero que, faleceu dous anos despois sen que poidese construír a obra proxectada. A conclusión da primitiva capela foi de 1576, un ano antes de que o arcebispo Francisco Blanco decidise fundar o Hospital de San Roque, adxunto ó templo.

A capela foi rehabilitada en 1996 polo Consorcio de Santiago con proxecto do arquitecto José Pérez Franco. No momento da intervención en 2005, a capela contaba con defectos producidos pola humidade do chan, no revestimento exterior e no pavimento de madeira. Na tarima apreciábase o fundimento nalgúns zonas debido á pudrición dos rastreis.

A obra consistiu fundamentalmente nas seguintes actuacións:

- Arranxo de pavimentos, revocos e pinturas.
- Levantamento da tarima cos seus respectivos rastreis.
- Instalación dunha nova tarima aproveitando, no posible, a vella.
- Colocación dunha nova tarima con rastreis de castaño e tratamento contra a humidade. Os rastreis foron dobles e deixáronse ventilados.

O presuposto de execución, dirixido polo arquitecto Pablo Tomé Ferreiro, ascedeu á **198.727,57 euros**.

6.33.- Restauración da Igrexa de San Xoán de Fecha

De estilo barroco do século XVIII. Ten pranta rectangular con ábside diferenciado. Ventana con moldura plana e espadaña de dous vanos. No seu conxunto inclúense, por un lado, o recinto murado casi circular formado

pola propia igrexa parroquial, o cemiterio e o cruceiro; e, por outro, a casa reitoral, de 1584.

Entre as obras realizadas cómpre destacar a substitución da cuberta, incluíndo nova estrutura, planchas de fibrocemento, aillamento térmico, tella curva tradicional e falso teito de madeira. Tamén a limpeza do entorno e dos muros.

As obras do proxecto, dirixido polo arquitecto Javier Fernández Muñoz en 1995, acadou os **23.976 euros**.

6.34.- Restauración da Igrexa de San Xulián do Carballal

Trátase dunha típica igrexa románica (S.XII), con importantes reformas posteriores. De planta rectangular, está formada por unha única nave, ábside de cabeceira plana e sacristía adosada ó lateral do ábside. O paso da nave ó presbiterio realízase a través dun arco de medio punto. Os muros son de sillería e as cubertas a dúas augas de tella. A espadaña é de nova construción, froito dunha intervención de 1996, na que se substituíu por unha existente de formigón armado. As pezas labráronse seguindo o modelo orixinal barroco.

Na intervención do proxecto redactado pola arquitecta Cristina Ansedo Viz destaca o tratamento das patoloxías derivadas da humidade, como o desconchamento interior dos muros por filtracións directas da fachada ou cuberta. Así mesmo, tamén se realizan obras de conservación e mantemento no coro, no pavimento e na deficiente instalación eléctrica.

O presuposto de execución material foi de **56.200 euros**, aínda que meses despois a propia arquitecta modificou o proxecto ó incluír cambios no pavimento da Igrexa; unha variación que supuxo un incremento dun 20 % respecto ó presuposto de adxudicación.

6.35.- Restauración da Igrexa de Santa María de Conxo

O conxunto monacal de Conxo foi fundado por D. Diego Xelmírez en 1129 e conta cunha igrexa do XVIII atribuída a González de Araujo. A Capela do Cristo obra de Simón Rodríguez (1737) é a obra mestra do conxunto.

Este conxunto contou con distintas fases de rehabilitación, tendo en conta o proxecto redactado en 1997 polo arquitecto Alfonso Penela, así como os informes previos prantexados no ano 1994 polos arquitectos Victoria Rodríguez Solórzano e Alberto Balez Filgueiras. No ano 2004 realízase unha fase das obras, similar a de 2005 e que se describe a continuación segundo o proxecto elaborado por Pablo Costa Buján.

O obxecto desta intervención foi completa-las obras de limpeza e eliminación- evacuación de augas pluviais, mesmo de substitución de carpinterías exteriores en mal estado por outras que permitan unha correcta impermeabilización e ventilación ó uso. Eran, pois, obras complementarias a outras previas executadas por distintos técnicos para a conservación da cuberta, toda vez que foran detectadas filtracións de auga e humidades na Igrexa, localizadas na fachada Oeste, facéndose necesaria unha limpeza xeral na fachada principal da Igrexa.

As distintas intervencións contaron cun presuposto total de **519.320,35 euros**.

6.36.- Restauración da Igrexa de Santa María de Marrozos

O edificio actual data de final de século XVIII e principios de XIX. É de estilo barroco tendente ó clasicismo, o que queda patente polas súas proporcións e sobriedade nos elementos ornamentais. O seu autor non é coñecido, aínda que a traza da Igrexa é noble, as súas naves están ben proporcionadas e a construción é de excelente calidade. Alomenos, a Igrexa de Santa María de Marrozos tivo dúas fases de construción próximas no tempo, pois aínda que desde o exterior os elementos arquitectónicos, como a base ou cornisa, son idénticos ós do resto da Igrexa, o corpo da sacristía non está trabado co muro do presbiterio e só hai unha porta de paso entre ámbolos dous espazos.

A arquitecta Idoia Camiruaga Osés dirixiu o proxecto, elaborado a finais de 2002, que abordaba a restauración da Igrexa de Santa María de Marrozos no referente á substitución total da cuberta e tellado, recollida e condución de pluviais, picado e substitución de revocos, así como a drenaxe perimetral do edificio.

O presuposto total foi de **72.172,43 euros**.

6.37.- Restauración da Igrexa de Santa María do Camiño

A Igrexa medieval nace como capela relacionada co Camiño de Santiago e estivo dedicada en tempos medievais á hospedaxe de peregrinos.

Adosada ó presbiterio atópase unha capela de dous tramos de bóvedas oxivais, probablemente de principios do século XVI. Nela hai un sepulcro con estatua orante dos marqueses de Camarasa. O actual templo de Santa María do Camiño edificouse sobre o solar da igrexa medieval, aproveitando parte dos sillares de derribo. O templo, deseñado por Miguel Ferro Caaveiro nos primeiros tempos do rococó, foi ramatado no ano 1770.

As intervencións centráronse nos anos 1998-99, 2002 e 2003. Nas primeiras acometeuse a reparación da cuberta e a corrección de humidades segundo o proxecto de Pablo Costa Buján. Posteriormente o mesmo arquitecto levou a cabo a segunda fase da restauración, incidindo nos problemas xerados na cuberta da Igrexa, nas bóvedas da nave, muros e capela de Camarasa por mor, sobre todo, das humidades provocadas por filtracións de auga.

O presuposto total das intervencións habidas na Igrexa acadou os **149.621,37 euros.**

6.38.- Restauración da Igrexa de Santa María de Salomé

A Igrexa de Santa María de Salomé está situada na Rúa Nova, a carón do soportal nº 29 da cidade. Foi fundada cara 1140 por un tal Pelagius Abbas, antor, moi probablemente encadrable no cabildo catedralicio compostelán renovado polo arcebispo Diego Xelmírez, segundo consta na lápida fundacional situada no coro.

Así pois, a igrexa levantada no século XII da que apenas queda máis que a fachada e parte do muro meridional coa súa colección de canzorros

debía ser unha igrexa de pequenas dimensións, de nave única e cuberta de madeira; como é típico nestes casos, o presbiterio, a zona máis noble do templo, estaría cuberto por unha sinxela bóveda.

Esta típica estrutura do románico galego apenas sufriría modificacións ao longo dos séculos medievais, fora dalgún aditamento escultórico, como a chamada Virxe da porta, unha imaxe do gótico denominado “ourensán” polo profesor Moraleja, datable no século XIV, e que perdura pendurada sobre o arco románico. Máis importancia tiveron certas actuacións realizadas a finais do século XV e quizá a comezos do XVI, que sen afectar á igrexa, significaron un enriquecemento dos seus espazos adxacentes; isto é, a construción do claustro-cemiterio, situado no lateral sur, e ao porche levantado para albergar o pórtico románico.

O porche podémolo seguir contemplando pero o claustro foi pechado (podería constituir unha fonte de gastos ó estar á intemperie) e aproveitado arredor de 1660 para levantar unha serie de casas e tendas que a parroquia arrendaría para aumenta-los seus ingresos. A esta mesma actuación débese a colocación das figuras da Virxe da Esperanza e do Arcanos San Gabriel, sobre cadansúa peana, na fachada da igrexa. Trátase de dúas figuras que toman como modelos dúas imaxes hoxe exportas no museo da Catedral, unha das cales incluso daba nome a unha das naves da basílica: “Nosa Señora a Preñada”, datables no século XV.

A tónica dos escasos cambios na época medieval rompeuse na segunda metade do século XVI, ó incorporar dúas capelas privadas pechadas con reixas, situadas no muro sur, no lado onde estaba o claustro-cemiterio.

A última das actuacións constructivas do século XVIII tivo lugar no 1788 baixo a dirección de Tomás del Río, e foi obra de igualación con vistas a dar cara ao exterior un aspecto máis uniforme da igrexa; prolongouse a nave da epístola, o muro sur, ata deixalo ao mesmo nivel que

o cerramento do muro norte, imitando incluso o seu estilo e elementos decorativos.

En canto as obras de restauración hai que dicir que se acometeron aquelas máis precisas para a conservación e mantemento da Igrexa. Agora ben, deuse preferencia a todas aquelas obras encamiñadas a recuperar e/ou mellorar a envolvente do monumento; é dicir, o conxunto de fachadas e cubertas.

Dentro desta intervención desuelle prioridade ás tarefas encamiñadas á eliminación de humidades e saneamento do monumento, establecendo a seguinte orde:

- Intervención na cuberta
- Limpeza das fachadas e restauración da portada
- Restauración de reixas e carpinterías
- Restauración de retábulos
- Reposición de fábricas
- Tratamento dos revocos interiores e xuntas de sillería
- Acondicionamento do interior e iluminación.

A dirección de proxecto foi do arquitecto Daniel Beiras García-Sabel dentro do programa 1998-99. O custo total da intervención foi de **69.831,13 euros**.

6.39.- Restauración da Igrexa de Santa Susana

Esta Igrexa levántase arredor de 1105, a raíz da chegada das reliquias da Santa á Santiago en 1102. Desde o punto de vista relixioso foi Igrexa do

Santo Sepulcro ata que o “roubo piadoso” das reliquias de Santa Susana por parte de Xelmírez na cidade de Braga (1120) e o traslado das mesmas á igrexa fixo que ésta adoptase o nome da Santa. Esta circunstancia non cambiou no tempo a pesar do traslado dos restos da Santa á Capela das Reliquias da Catedral.

A súa estrutura sufriu numerosas reformas ó longo do século XIX. O templo primitivo debeu contar cunha única nave e una única ábside, das que apenas se conservan algúns restos diseminados polo corpo de ésta.

A situación da igrexa vai marcar nos sécalos XIX e XX novos espazos para a cidade. Xa de antigo, e ata os anos sesenta, foi lugar de feiras e mercados. A construción do Paseo da Ferradura e a Alameda configuraron o seu actual aspecto e a igrexa foi tomada como eixo ordenador do proxecto da cidade universitaria.

En 1998 executouse un proxecto de restauración, promovido polo Consorcio, e redactado polo arquitecto José Luis Pérez Franco, consistente básicamente na execución de revocos, substitución de carpinterías, pinturas, limpeza de fachadas en encintado da cantería, limpeza de arcos interiores e de pavimento, mellora de entarimados, instalación eléctrica e de iluminación. Tamén se acometeu a restauración da cuberta, incluíndo a substitución da cubrición de tella, etc. Unha nova intervención tivo lugar no ano 2000.

A actuación de 2003, con Proxecto do arquitecto Jorge Barata Martínez, centrouse na substitución das carpinterías danadas e na búsqueda de solucións que eviten a futura rotura dos vidrios. Tamén as ventás das zonas máis domésticas (sacristía e baptisterio) e as da fachada principal substituíronse por novas ventás de madeira. Así mesmo fíxose necesario realizar operacións de limpeza, axuste e restauración en varias portas; de

pintado na porta de acceso á escaleira de subida ó coro e torre, procedendo ó levantamento da porta de reixa de acceso ó baptisterio. En canto ós revocos interiores foi necesario o raspado e preparación do soporte das zonas manchadas pola humidade e nas que se detectou desprendimento de pintura. No coro procedeuse ó acoitelado e barnizado do pavimento de madeira da balaustrada, protexéndoos contra posibles humidades. Finalmente procedeuse ó desmontado de pináculos e cruz situados no pórtico da entrada ó atrio, procedendo a súa consolidación mediante a introducción de varillas de aceiro inoxidable co obxecto de que queden anclados ó muro de pedra.

O presuposto global da intervención foi de **125.642,82 euros**.

6.40.- Restauración da Igrexa da Pastoriza

A Capela da Divina Pastora foi construída a mediados de século XIX e posteriormente restaurada en 1996.

A intervención de 2005, levada a cabo segundo o proxecto do arquitecto Pablo Tomé Ferreiro, tivo por obxecto a reparación de dúas partes. Por un lado as fachadas, nas que se tratou de evita-las humidades nos muros, e a reparación da tarima no interior da capela.

A actuación nas fachadas consistiu en:

- Repara-la vella gárgola da fachada norte.
- Impermeabilizar con chumbo o frontón para impedi-la entrada de auga de choiva. O revestimento con chumbo fíxose nas partes horizontais.
- Repintado das fachadas co mesmo color co existente.

- Reparación da tarima no interior.

O presuposto global das intervencións realizadas foi de **145.127,28 euros**.

6.41.- Restauración da Igrexa da Peregrina

A Igrexa da Peregrina está situada no lugar da parroquia do mesmo nome, pertencente ó Concello de Santiago. O conxunto está composto pola Igrexa e as edificacións rectorais que delimitan unha carballeira que contén un kiosco no seu interior. Na parte posterior da Igrexa sitúase un pequeno cemiterio. O templo, de finais do XVIII, é de estilo rococó.

As obras máis salientables tiveron lugar dentro das programacións correspondentes os anos 1998-99, 2002 e 2005.

A obra de restauración que xurde do proxecto dirixido polo arquitecto Manuel Suárez Bermúdez no 2002, está encamiñada a resolver fundamentalmente os problemas de humidade que presenta, sobre todo na fachada principal, como consecuencia da filtración de auga desde o chan do campanario e desde as xuntas da sillería. Ademais dos problemas de humidade, tamén se procedeu ó retocado e limpeza do revestimento do muro baixo o coro, mellorar a iluminación e ventilación, e pavimentalo atrio na zona de acceso á Igrexa para facer máis practicable a entrada.

O custo total da intervención foi de **126.868,61 euros**.

6.42.- Restauración da Igrexa da Quinta Angustia

A Igrexa da Quinta Angustia pertence á parroquia de San Pedro. Está situada entre as rúas de Campo da Angustia e rúa da Angustia. Dunha soa nave e con ábside rectangular e arco triunfal de medio punto, a igrexa ten adosadas unhas dependencias de dous niveis destinados a sacristía e outros usos parroquiais. A nave ten unha tribuna ou coro de recente construción executada con estrutura de hormigón armado. A porta de entrada é de estilo gótico isabelino, probablemente da segunda metade do século XV, do tempo da construción da ermida. Tal e como a coñecemos hoxe, a Igrexa é o resultado da transformación no século XVII da antiga ermida, construída a mediados de século XV. A fachada sufriu modificacións, probablemente no século XIX.

As humidades centraron de novo as actuacións do proxecto de restauración levado a cabo pola arquitecta Rosa Ana Guerra Pestonit, a mediados de 2002. Humidades no interior da nave, na parte superior do muro oeste e na zona das escaleiras do coro. A prioridade dos criterios de intervención abrangueu os espazos do coro, fachadas e cuberta, teito, muros interiores e instalación eléctrica.

O custo da intervención foi de **78.502,10 euros**.

6.43.- Restauración Igrexa da Compañía (Igrexa da Universidade)

Fundada polo arcebispo Francisco Blanco garda no seu interior o retablo compostelano máis desbordante, máis imbuido de romper as lóxicas

do espazo e a gravidade. Nos programas levados a cabo polo Consorcio de Santiago, con motivo da celebración do V Centenario da Universidade, esta igrexa tivo un papel destacado xa que foi sede de exposicións. Nela realizáronse obras de restauración na cuberta, campanario, fachadas, paredes e teitos interiores, pavimentos, carpintería e instalacións, dentro dos programas anuais de 1993-98, 1998-99 e 2003.

O custo total das difrentes intervencións foi de **137.909,71 euros**.

6.44.- Restauración da Igrexa de Santa Lucía de Sabugueira

Situada no Camiño de Santiago, no núcleo de Sampaio, parroquia de Sabugueira, en Labacolla. Trátase dun templo dunha soa nave rectangular elevada sobre unha plataforma oval elevada sobre o camiño. Non se coñecen datos históricos da capela, pero pola súa fritura simple e estrutura decorativa da espadana, podería datarse a súa construción a principios do século XIX.

En 1999 levouse a cabo unha restauración da Igrexa promovida dentro do Programa de Restauración de Monumentos promovido polo Consorcio, de acordo co proxecto redactado polo arquitecto Xosé Lois Pérez Franco. Nesa actuación realizáronse obras de renovación de cubertas, de recuperación de revocos e reparación de fisuras e fendas, limpeza de cantería, substitución das redes eléctricas e sistema de alumeadado, mellora da ventilación interior e eliminación de humidades.

A intervención de 2004, dirixida polo arquitecto Xosé Santiago Allegue, foi consecuencia da caída dun raio o 9 de setembro do citado ano, polo que resultou danada a súa cuberta e sillares da espadana.

Neste sentido optouse pola reprodución literal da espadana existente previa medida dos sillares depositados no adro da Igrexa para refacelos idénticamente e remontar a estrutura recolocando a campá. En canto ás obras de canteiría e albañeiría hai que destacar:

- Fabricación de sillares e remontaxe de espadana.
- Desmontaxe de tramos de cuberta deteriorados, substitución de láminas de fibrocemento e emplomados danados e retellado.

O custo da intervención foi de **15.783,49 euros**.

7.- Rehabilitacións conxuntas de Igrexas

7.1.- Grixoa, Busto e Berdía

- Santa María de Grixoa

A Igrexa parroquial de Santa María de Grixoa atópase no Lugar de La Iglesia, Santa María de Grixoa. O conxunto formado pola mesma, o cemiterio parroquial, o cruceiro, o palco da música e a casa parroquial, con hórreo e palomar, está catalogado como obxeto de interese Histórico-Artístico, de Protección Non Integral o conxunto, e Integral a Igrexa e o cruceiro.

A Igrexa, construída nos anos 30, ten planta de cruz latina. Componse dunha única nave, con dúas pequenas capelas laterais e con sacristía adosada a unha destas capelas laterais.

A actuación comprende a demolición da cuberta da estrutura de madeira e tella curva por unha nova estrutura. Tamén se demoleu a estrutura de madeira do coro e levantamento de barandilla de balaustres torneados, levantamento de ventás e realización dunha nova carpintería exterior de madeira de cedro, entre outras reparacións.

- San Pedro de Busto

A Igrexa parroquial de San Pedro de Busto atópase no Lugar da Iglesia, San Pedro de Busto. O conxunto formado pola mesma, o cemiterio anexo e o entorno inmediato, incluíndo o cruceiro, está catogado así mesmo

com obxecto de Interés Histórico-Artístico, de Protección non Integral o conxunto, e Integral os elementos.

A Igrexa ten planta de cruz latina con sacristía engadida no mesmo corpo . Ten unha torre no testeiro central, con catro vanos, campana, tambor e cúpula.

Entre as actuacións levadas a cabo cómpre destacar a demolición da cuberta de tella curva sobre placas de fibrocemento en cumbreira e aleros. Realización de ventilacións de cuberta, substitución do falso teito por outro de madeira de teka maciza, obras de carpintería exterior, pintado de portas e verxas, realización de revocos e limpeza de paramentos interiores, entre outras obras.

- Santa Mariña de Berdía

A Igrexa Parroquial de Santa Mariña de Berdía atópase no Lugar de la Iglesia, Santa María de Berdía. O conxunto formado pola mesma, o cemiterio parroquial e o entorno inmediato, así como o cruceiro e a zona verde colindante, están catalogados como obxecto de Interés Histórico-Artístico, de Protección non integral o conxunto, e Integral a Igrexa e o cruceiro.

A Igrexa é de planta rectangular con ábside e sacristía. Do románico consérvase un arco triunfal do século XII e o muro ata a ábside. A fachada e o corpo son do século XVIII, barroco tardío.

As reparacións afectaron ó coro e a escaleira de acceso, á cubrición de tella, substitución de canalóns e baixantes, as carpinterías existentes de aluminio e limpeza de fachada.

O custo total do proxecto de restauración conxunto das tres igrexas, dirixido pola arquitecta Mercedes Rosón Varela en 1998, foi de **137.959,82 euros**.

7.2.- *Santas Mariñas do Sar, Sabugueira e Bando*

- Santas Mariñas do Sar

Atópase situada na Rúa do mesmo nome, ó leste da cidade de Santiago. Trátase, como no caso das Igrexas de Santa Lucía de Sabugueira e Santa Eulalia de Bando, de edificacións modestas.

As obras desta intervención centráronse no entorno (limpeza e desbroce, drenaxe perimetral, reconstrucción de muros, revestimento con madeira do muro de contención e substitución da barandilla); na cuberta (rasanteado da cornisa, substitución da cuberta e suxección de tellas con ganchos); así como nas fachadas da igrexa (limpeza da cantería, cámara de aire ventilada, instalación eléctrica, novos revestimentos, substitución de carpinterías de portas e ventás, colocación de entarimado e execución dun novo altar).

- Santa Lucía de Sabugueira

Igrexa anteriormente referida con actuación aparte. Esta intervención centrouse así mesmo no entorno (con limpeza e rexuntado dos muros de mampostería, novas escaleiras e camiño de acceso á Igrexa e construción dunha rede de drenaxe perimetral); na cuberta (limpeza, recolocación e substitución de tellas deterioradas); nas fachadas (limpeza de cantería e tapiado da porta traseira con acabado idéntico ó do resto dos muros); e no interior (derribo da escaleira de formigón de acceso ó coro, pavimentación do coro con entarimado de castaño, substitución de carpinterías en portas e ventás, limpeza e rexuntado do pavimento pétreo).

- **Santa Eulalia de Bando**

Esta Igrexa atópase enclavada no núcleo de Bando de Abaixo ó que se accede desde a estrada de Santiago-Lugo e, de forma peatonal, desde o Camiño de Santiago que discurre polo veciño núcleo de San Marcos. Desde o punto de vista arquitectónico, o conxunto é modesto. Ten unha planta única, sendo o máis destacable o entorno paisaxístico que forma coa casa rectoral e as súas dependencias anexas.

En canto ó entorno, a intervención requeriu da limpeza e rexuntado dos muros de pedra, da construción dunha rede de drenaxe perimetral, da reconstrución das primitivas escaleiras de acceso desde o camiño e a rectoral, así como a iluminación do conxunto.

En canto á cuberta levouse a cabo unha limpeza xeral e o derribo do casetón de ladrillo de acceso ó campanario e a súa substitución por un lucernario, procedendo así mesmo á limpeza da cantería das fachadas da Igrexa.

No interior da mesma, elimináronse xuntas de morteiro de cemento no pavimento de pedra do presbiterio con reposición de lousas; execución de falsos teitos de madeira en presbiterio e coro, reposición de pavimento de pedra nas portas de acceso á Igrexa, execución dunha tarima de castaño en nave e coro substituíndo a escaleira actual por outra deseñada en aceiro e madeira, restauración e protección con anticarcoma do artesanado de castaño, substitución de lámparas e carpinterías das ventás, limpeza de cantería, etc.

Estas intervencións responden o proxecto elaborado polo arquitecto José Luis Pérez Franco en 1998. O seu custo total foi de **127.445,99 euros.**

7.3.- Sta. Cristina de Fecha, S.Cristobo de Eixo e S.Pedro de Busto

- **Santa Cristina de Fecha**

Conxunto eclesiástico formado pola Igrexa, o cemiterio, unha construción auxiliar e un cruceiro. Todo o conxunto atópase pechado por un muro de mampostería que o separa do lugar de Gamil. Ten unha soa nave abovedada rematada polo ábside, igualmente abovedado, Aos pés atópase o coro elevado ao que se accede por unha escaleira de forte pendente. Aínda que orixinariamente é do século XIII, a construción é recente.

A intervención consistiu na substitución da cuberta, limpeza, encintado, enfoscado e pintado das fachadas, substitución das portas exteriores de madeira por outras similares, colocación de novas carpinterías e reparación dos altares. Tamén se interveu no entarimado do coro e da escaleira, e no tratamento do entorno da Igrexa e cemiterio consolidando o muro de peche.

- **San Cristobo de Eixo**

Esta igrexa está situada na metade da ladeira norte do val do río Arins. A parroquia pertence ó Arciprestazgo do Xiro da Rocha. A planta é dunha soa nave rematada na súa cabeceira pola sacristía e con dúas capelas laterais. Tanto os muros como as bóvedas, arcos e pilastras dos primeiros tramos e capelas laterais son de sillería ben labrada. O edificio tivo varias reformas ata hoxe desde finais do século XVII, época da súa construción.

As actuacións máis importantes refírense á substitución de canalóns e baixantes de pluviais existentes de P.V.C. por outras de cinc presatinado; reparación de vidrieiras e construción dunha nova; limpeza e encintado de fachadas, pintado do interior e pavimentado do contorno da Igrexa.

- **San Pedro de Busto**

Conxunto parroquial formado pola Igrexa, o cemiterio antigo no seu entorno inmediato, o cemiterio moderno ampliado en varias etapas, e o cruceiro. Todo o conxunto está illado respecto do núcleo rural. A Igrexa é de planta de cruz latina coa sacristía adosada á fachada norte. De orixe medieval, como se pode ver no Altar Maior con arco triunfal apuntado, o resto é fundamentalmente do século XVIII.

As intervencións máis concretas apuntaron á instalación de recollida de pluviais, enfoscados e pintados de fachadas, renovación de carpinterías exteriores e pinturas interiores, así como o acondicionamento do entorno.

O proxecto dirixido polo arquitecto Pablo Tomé Ferreiro en 1995 tivo un custo conxunto de **64.770,21 euros**.

7.4.- San Paio de Casas Novas, Guadalupe e Agualada de Marantes

- San Paio de Casas Novas

A capela de San Paio de Casas Novas atópase situada na falda sur do Pedroso, integrada nun conxunto formado pola propia Igrexa, a sacristía, local social, un atrio dianteiro con cruceiro de pedra. O edificio consta de nave e capela, con proporcións cuadradas. A fachada é moi sinxela, de sillería de granito, practicamente sen ornamentación.

As obras levadas a cabo localizáronse na zona do atrio (limpeza de plantas, encintado e remate dos muretes baixos e os seus bancos, así como a formación de escaleiras de acceso na parte interior); e na cuberta (substitución de tellas deterioradas). No interior saneouse e pintouse a parte engadida de mampostería do muro de separación da sacristía e capela, colocouse un pavimento de tarima de madeira na sacristía e nas dúas plantas do local social, repoñendo pinturas e barnizando os elementos de madeira da estrutura e cuberta e chan. Tamén se modificou a instalación eléctrica.

- Guadalupe de Vite

Nesta igrexa, da que xa dixemos anteriormente que estivo afectada por un grave incendio, interviuse en diferentes partes. No primeiro grupo de traballos instalouse un drenaxe perimetral no exterior. O segundo grupo refírese á caseta que hai detrás da espadaña, que se demoleu ata o seu nivel do piso. Por último, o terceiro grupo de traballos centrouse nos acabados interiores e exteriores, donde se pintou a zona da capela, estropeada pola humidade; pintouse tamén a zona enfoscada da fachada Norte, con pintura

antimoho; e desmontouse o falso teito da zona da sacristía para substituílo por outro de escaiola.

- **Agalada de Marantes**

Está situada na estrada de Santiago á Coruña, a uns cen metros da mesma, no lugar de Agalada. Trátase dunha pequena Igrexa, situada dentro dun recinto pechado cun murete baixo, de forma case cuadrada, co edificio formado pola igrexa original, de nave e capela de proporcións cadradas. A orixe da construción parece que data do século XII. A parcela está pechada por un muro de mampostería de granito, con entrada de porta de reixa de ferro forxado.

En canto a intervención levada a cabo no conxunto, cómpre destacar o proceso de limpeza do muro de peche da parcela; reparación e axuste da porta de entrada ó recinto, pavimentando unha zona da parte da fachada con lousas de granito. Tamén se procedeu a unha limpeza xeral das fachadas exteriores con chorro de auga, picando o revoco da bóveda da capela para un posterior encintado; se levantou e revisou a totalidade da cuberta, repoñendo tellas. Polo que respecta ás carpinterías, anováronse na súa totalidade, salvo a porta de entrada. Así mesmo, renovouse a pintura do exterior na zona da sacristía e repintouse a totalidade do interior, incluídos os teitos.

O arquitecto que dirixiu as obras en 1995 foi Carlos Otero Schmitt e o orzamento destinado á totalidade das obras das tres igrexas foi de **64.759,05 euros.**

7.5.- San Xián de Carballal, San Cristobo de Enfesta e San Andrés de Barciela

- **San Xián de Carballal**

A Igrexa parroquial de San Xián de Carballal atópase no lugar do mesmo nome. O conxunto está formado pola mesma, o cemiterio anexo, o atrio e o post-atrío, no que se inclúe un cruceiro. A igrexa é de orixe románico do século XII, do que se conserva a cabeceira. O resto é barroco compostelano, século XVIII.

En canto as intervencións levadas a cabo no conxunto hai que destacar a drenaxe perimetral no exterior da igrexa; o retellado da cuberta, enfoscado de muros da sacristía, limpeza de muros exteriores e substitución da espadaña existente de formigón armado por espadaña de pedra granítica. Tamén se levou a cabo o repicado de xuntas de mampostería no interior da igrexa, así como a recuperación da textura de pedra no muro que vai desde a escaleira de acceso ó recinto ó local social, picando o enfoscado existente.

- **San Cristóbal de Enfesta**

A Igrexa parroquial atópase no lugar da Igrexa, Enfesta. O conxunto está formado pola mesma, o cemiterio parroquial, situado ó lado da mesma e as dúas zonas verdes situadas fronte as edificacións anteriores e lindantes coa estrada de acceso ó lugar, (campo da festa). A igrexa ten elementos do barroco compostelano e elementos dos sécalos XIX e XX.

A obra de restauración centrouse tanto no interior como no exterior da igrexa. En canto ó primeiro espazo, substituíuse a escaleira existente de acceso desde o coro á espadaña por outra de madeira de pino. No exterior substituíronse os canalóns e baixantes de PVC existentes por outros de chapa de cinc. Ó mesmo tempo pintouse ó zocalo perimentral, intentando iguala-lo tono de pedra existente. No que poderíamos denomina-lo contorno demoleuse o palco da música, limpouse o cruceiro e rehabilitouse o hórreo.

- **San Andrés de Barciela**

A Igrexa parroquial de San Andrés de Barciela atópase no lugar do mesmo nome. O conxunto está formado pola mesma, o cemiterio parroquial, situado detrás da mesma e separado dela, a zona verde que adxunta ambas edificacións e que contén un cruceiro e o kiosco da música, e finalmente a ponte de Sigüeiro dos sécalos XIV-XIX. A Igrexa, de estilo modernista, foi construída en 1.910.

Das actuacións acometidas destacar, entre outras no interior da igrexa, a demolición do falso teito existente de entablado de madeira e substitución do mesmo por falso teito de madeira maciza de tecka, formado por tablas canteadas. No exterior da igrexa realizouse a substitución dun ventanal con cerco fixo.

A intervención fíxose segundo o proxecto da arquitecta Mercedes Rosón Varela en 1995. O custo total da obra levada a cabo nas tres igrexas foi de **64.770,21 euros**.

8.- Outras intervencións

8.1.- Restauración de campás

O proxecto de restauración de campás en igrexas, mosteiros e capelas de Santiago abórdase dende a consideración da campá non só como un obxecto artesanal de uso litúrxico, senón tamén como elemento arquitectónico, con valor socio-cultural e de peza histórica. Deste xeito, as campás pódense clasificar en tres tipos, segundo a relación entre o diámetro e a altura:

- Campás “Romanas”: o diámetro é maior que a altura.
- Campás de “Entretallas”: o diámetro e a altura son semellantes.
- Campás de “Esquilón”: a altura é maior que o diámetro.

Todas as campás que foron obxecto de restauración, dentro deste proxecto dirixido polo arquitecto Xoán Carlos Malvárez Rodríguez en 1998, pertencen o tipo de “entretallas”.

En total contáronse 104 campás distribuídas en 39 igrexas, e catro igrexas sen campás. O estado de conservación é moi variado. Ás veces as campás son a causa de quebraduras nos muros nos que se apoian, debido ao aumento de volume por corrosión das ferraxes de apoio do eixo da campá. Neses casos restaurouse tamén o muro.

Das 43 igrexas da cidade de Santiago, non se incluíron todas neste proxecto de restauración, ben por atoparse éstas en bo estado ou por motivo de limitacións presupostarias que obrigaron a empregar un criterio selectivo. Así, quedaron fora deste proxecto, por estar en bo estado as súas campás, as seguintes igrexas:

- Igrexa de S. Antonio das Fontiñas. Ten un campanario do século XX con 1 campá en uso.
- Convento de Sta. Clara. Campanario barroco con 3 campás restauradas no ano 1996.
- Convento da Nosa Sra. de Conxo. Espadaña de seis arcos do primeiro tercio do século XVIII con 5 campás en uso.
- Igrexa de S. Lázaro. Espadaña modernista de 1.924 con 2 campás en funcionamento.
- Igrexa de San Roque. Espadaña do primeiro tercio do século XVIII con 2 campás recentemente restauradas.
- Capela da Pastoriza. Espadaña do século XIX con 2 campás recentemente restauradas.
- Igrexa de S. Xoán Apóstolo. 2 campás novas, fabricadas a partir da refundición no ano 1998 das campás da espadaña da rúa Campás de S. Xoán, que eran do século XVIII. Tocan por sistema electrónico.
- Catedral. 5 campás en bo estado: A Berenguela e 4 na torre das campás (restauráronse as dúas da pequena espadaña da Praza da Inmaculada).

Por limitacións presupostarias, optouse polo criterio de dar preferencia as campás que existen antes de facer campás novas donde desapareceron as vellas. Afectadas por este criterio, non entraron no proxecto, por non contar con campás, as seguintes igrexas:

- Mosteiro de S. Martiño Pinaro. Tiña 3 ou 4 campás nun campanario do século XVII.
- Igrexa de Fátima. Século XX

- Igrexa de Sa Fernando. Século XX. Ten campás novas fabricadas en 1997.
- Igrexa de San Francisco de Asís. Século XX.

As igrexas con campás que foron obxecto de restauración neste proxecto foron as seguintes:

- Convento de Santo Agostiño: 2 campás.
- Capela da Quinta Angustia: 2 campás
- Capela das Ánimas: 3 campás.
- Igrexa de San Bieito do Campo: 3 campás.
- Igrexa de San Caetano: 2 campás.
- Igrexa do Carme de Abaixo: 2 campás.
- Convento das Carmelitas Descalzas: 2 campás.
- Corticela da Catedral: 2 campás.
- Convento de San Domingos de Bonaval: 2 campás.
- Convento das MM Dominicas: 4 campás
- Igrexa de San Fiz de Salovio: 2 campás
- Capela da Nosa Señora da Fonte: 2 campás
- Convento de San Francisco: 3 campás
- Igrexa de San Fructuoso: 2 campás
- Capela de Guadalupe: 2 campás.
- Capela do Hospital Real: 3 campás.
- Convento da Compañía de María: 4 campás.
- Igrexa de Sta. María do Camiño: 2 campás.
- Igrexa de Sta. María a Maior (Sar): 3 campás.
- Igrexa de Sta. María Salomé e S. Andrés: 2 campás.
- Capela de Sta. Mariña (Sar): 1 campá
- Igrexa de Santa Marta: 1 campá

- Convento das MM Mercedarias: 3 campás
- Igrexa de S. Miguel dos Agros: 6 campás
- Convento das Orfas: 2 campás
- Mosteiro de San Paio de Antealtares: 4 campás
- Capela de S. Paio do Monte: 1 campá
- Igrexa de S. Pedro Apóstolo: 2 campás
- Capela do Pilar: 3 campás
- Igrexa de Santa Susana: 2 campás.
- Igrexa da Terceira Orde: 2 campás
- Igrexa da Universidade: 3 campás.

Resumindo, podemos dicir que:

- Entraron no proxecto 80 campás distribuídas en 32 igrexas.
- Non entraron no proxecto 24 campás distribuídas en 8 igrexas (contando as cinco da catedral)
- Hai 4 igrexas sen campás.

O presuposto total da restauración ascendeu a: **107.997,38 euros.**

B) NOVAS INFRAESTRUCTURAS

1.- Ampliación da Avenida de Lugo

2.- Parking e remodelación Avda. Xoán XXIII

2.1.- Parque de San Xoán de Vista Alegre

2.2.- Polideportivo Lorenzo de la Torre

3.- Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia

4.- Pavillón Multiusos Fontes do Sar

5.- Piscinas do Sar

6.- Reurbanización da Finca Vista Alegre

6.1.- Casa de Europa

6.2.- Centro de Estudos Avanzados

6.3.- Escola de Altos Estudos Musicais e equipamento

7.- Albergue de Peregrinos de San Lázaro e equipamento

1.- Ampliación da Avenida de Lugo

Comprende as obras de reordenación e ampliación da Avenida de Lugo, entre o nó de Fontiñas Sur e a rotonda de Romero Donallo. Este tramo, que ten unha lonxitude de 1.340 metros, forma parte da nova vía periférica inaugurada o 31 de xaneiro de 1995. A intervención abórdouse para adaptar o tramo da estrada N-550 ó novo concepto de funcionalidade viaria, derivada do seu carácter netamente urbano ó producirse a súa substitución como estrada nacional pola nova circunvalación.

A Avenida de Lugo convertiuse deste modo nunha autovía cunha calzada central, capaz de absorber-lo tráfico que ten a súa orixe e destino fora dos barrios circundantes, e 2 calzadas laterais, directamente vinculadas ó tráfico local de acceso, aparcadoiro e tráfico peatonal. Para isto, o ámbito de actuación completouse ampliando o ancho da Avenida ata 40 metros, feito que requeriu un proceso expropiatorio que incluíu a varias vivendas.

A execución das obras deste espazo pasou por reordenar puntos estratéxicos da cidade, como as entradas e saídas do Ensanche, o enlace co barrio do Sar e a Estación de Ferrocarril, de maneira que todo o eixe queda perfectamente intercomunicado de cara á súa conexión posterior coas áreas de crecemento da cidade, como son as zonas de Conxo, Paxonal, etc.

A reordenación deste tramo da Avenida de Lugo abrangueu algunhas intervencións de especial complexidade. Por un lado, acometeuse a

excavación do muro do talude do Seminario de Belvís para incorporar dous novos carrís de circulación. Durante o tempo desta intervención , o tráfico foi desviado mediante a incorporación de dous carrís provisionais na marxe contraria, de forma que a propia avenida seguiu contando en todo momento con catro carrís en servicio, dous en cada sentido de circulación. A excavación fíxose polo sistema de cortes lonxitudinais de pouca anchura, co fin de eliminar o risco de posibles desprendementos.

Por outra parte, coa construción dunha glorieta subterránea na Ponte de Cancelón quedou comunicada a Avenida de Lugo con Sar, así como coa rúa Ulla, en Pontepedriña. Isto permite abrir un punto de comunicación directa entre o Castiñeiriño e a Avenida de Lugo, feito que permite desconxestionar o tráfico da rotonda de Galuresa. A conexión coa rúa Ulla é a través dun caixón subterráneo que pasa por baixo das vías do ferrocarril.

Entre as obras complementarias hai que destacar os derribos que se acometeron nos bordes deste tramo, entre Galuresa e o muro de Belvís, para gañar capacidade, así como a construción dunha beira voada de 260 metros de lonxitude no muro da Estación de FF.CC.

O investimento da intervención , desde o seu inicio en 1993 ata a súa finalización en 1995, foi de **617.632.716 pts**. Esta cifra inclúe coste do suelo, honorarios de Redacción do Proxecto, Dirección Facultativa e Honorarios de xestión de SEGIPSA (Sociedade Estatal de Gestión Inmobiliaria de Patrimonio S.A.).

2.- Parking e remodelación da Avda. Xoán XXIII

Como acceso directo ao Centro Histórico da cidade, Santiago conta coa Avda. de Xoán XXIII, entrada simbólica e principal da cidade para turistas, visitantes e peregrinos.

A intervención nesta avenida consistiu en reelaborar este acceso como un área de recepción dos visitantes, recompoñendo a ruptura que se produxo no tecido urbano tradicional cando se executou a Avenida na década dos anos 60. A intervención incruíu a creación dunha dársena definitiva de autobuses para turistas con servicios complementarios, a ampliación do aparcadoiro subterráneo existente (contemporáneo da Avenida) e a reposición das áreas de esparcemento (incluíndo un polideportivo cuberto) do colexio colindante en cuíos terreos creouse a nova dársena. As actuacións que se levaron a cabo foron:

A) Remodelación da funcionalidade da Avenida, que consta das seguintes intervencións:

- Ampliación e mellora do aparcadoiro subterráneo existente, que conta con 309 novas prazas, engadidas en horizontalidade. O aparcamento resultante, en varios niveis, ten unha superficie de 8.223 metros cadrados.
- Rediseño da sección da Avenida mellorando a súa funcionalidade peatonal, enfatizando o seu carácter de acceso emblemático e dimensionándoo para os grandes

fluxos de visitantes. O tráfico rodado mantívose, ao ser ronda da Cidade Histórica, pero priorizando o uso peatonal. Neste sentido, a principal mellora é a que permitiu ampliar a beirarrúa da marxe que dá ó Burgo, ó quedar reducida a calzada de catro a dous carrís de circulación. A superficie da avenida recibiu un tratamento en pavimento granítico con enlousado nos pasos peatonais. Unha marquesiña con cuberta de vidro e lamas de aceiro “corten” percorre lonxitudinalmente a avenida, o tempo que serve de protección da choiva e do sol. Esta discorre practicamente desde o inicio da Avenida en San Francisco ata a conexión coa baixada ó Auditorio de Galicia.

- Reurbanización superficial adecuada á nova funcionalidade (materiais acordes co Centro Histórico, mobiliario urbano, etc.).

B) Dársena provisional de Autobuses

- No ano 1993 púxose en servicio unha dársena provisional para a subida e baixada de visitantes e peregrinos, con capacidade para 31 autobuses que permitía o acceso peatonal de viaxeiros, cómodo e rápido á Cidade Histórica. Para a súa construción ocupáronse os terreos das pistas escolares do colexio “López Ferreiro”, polo que foi necesario ofrecer ó centro educativo un espazo alternativo,

construindo unhas pistas novas repoñendo nas inmediacións das preexistentes sobre un espazo tamén público (Finca Lois), intervención que se denomina “Parque Xixón”.

C) Paso peatonal

- A nova ubicación das pistas escolares ó outro marxe da Avenida, no denominado Parque Xixón, obrigaba aos escolares a cruzar unha vía con circulación intensa, polo que se fixo necesario a reposición do paso subterráneo que permitía aillalos do perigo do tráfico rodado.

D) Praza San Xoan

- A insuficiencia da Dársena para acoller o fluxo de visitantes no ano xubilar fixo necesario habilitar un espazo complementario, para o que se arranxou un espazo público, adaptandoo como aparcadoiro de espera de autobuses nas inmediacións da Dársena que se coñece como Praza de San Xoán.

2.1.- Parque de San Xoán de Vista Alegre

Intervención complementada pola empresa que acometeu o proxecto da Avenida, OCP, e que tivo por obxecto paliar o deterioro producido polo masivo movemento de autobuses durante o Ano Santo de 1993.

O acondicionamento dos terreos públicos do parque de San Xoán, no barrio de Vista Alegre, posibilita a configuración dun novo espacio para o lecer, con destino para campo de festa, actividades deportivas e axardinamentos.

A zona remodelada ten unha superficie de 7.025 metros cadrados e está situada entre a rúa de Vista Alegre e a Avenida de Castelao, fronte á Facultade de Filoloxía, rodeada ó mesmo tempo por outras pequenas rúas como as de Noia, Santa Comba ou San Xoán, que lle da nome ó parque.

A intervención realizada tivo en conta as características ambientais do polígono de Vite, onde se encadra, contribuindo o embelecemento dunha das máis características zonas urbanas de Compostela.

Hai que lembrar que o polígono de Vite foi construído hai 25 anos sobre o que era o extrarradio da cidade, onde só existían campos de labradío e pequenas casas unifamiliares. O polígono xurdiu, como outros da época, a raíz da lei sobre Réxime do Solo e Ordenación Urbana de 1.956, xeradora de grandes conxuntos de vivendas a nivel de barrio. Así, nos tres primeiros anos da década dos sesenta, trala aprobación do Plan de Vivenda, edificáronse en España 470.194 vivendas de protección estatal. En setembro de 1968 aprobouse o Plan Parcial de Vite, que incluía dotacións como aparcamentos, parques e zonas deportivas que non chegaron a materializarse. Desde entón o polígono arrastraba a etiqueta de barrio artificial, concibido como unha cidade dormitorio, sen a penas servicios. Houbo que esperar a aprobación do Plan Xeral de Ordenación

Urbana para que o barrio acadase unha harmonía na súa estrutura urbana, diferente do feito producido polo crecemento desordenado dos anos 60 e 70.

O Parque de San Xoán é un lugar funcional e polivalente. Neste sentido deseñáronse espazos que poden ser utilizados para distintas actividades, como pista de baile, zona reservada para as famosas cacharelas do barrio, pistas deportivas con bancadas de formigón, e outros lugares de maior acougo e ambiente máis sosegado. No proxecto de axardinamento tívose en conta a adecuación ó contorno, tanto coas especies vexetais como na selección de pavimentos naturais: céspede, grava, granito, etc. Así mesmo, os bancos realizáronse con pé de pedra de Santiago e sillares de granito. Tamén se instalaron ó longo dos seus paseos transversais outros asentos con pés de fundición e madeira.

O obxectivo deste espazo é mellora-la calidade de vida da cidade a través do incremento de puntos de encontro e reunión dos cidadáns, integrándoos no contorno do polígono. O parque e o moderno templo levantado nas inmediacións en honor de San Xoan son un exemplo de integración cos edificios lindantes, no que se tivo en conta a unidade ambiental.

2.2.- Polideportivo Lorenzo de la Torre

Construcción dun edificio polideportivo que cubre tanto as necesidades da Comunidade Universitaria do Campus Norte, como as do colexio “López Ferreiro” e que está situado nun solar da Universidade, xunto á Facultade de Económicas. Así mesmo proxectouse a construción

dun parking para servicio da Facultade de Económicas e o propio polideportivo.

O investimento de toda a intervención desde o seu inicio en 1993 ata a súa finalización en 1997 é de **2.836.500.171** pesetas.

3.- Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia

Proxectado polo arquitecto Alberto Noguerol del Río, o Pazo de Congresos e Exposicións de Galicia atópase situado xunto ao acceso norte da Autoestrada do Atlántico nun importante nó de comunicacións que facilitan o acceso ó mesmo (Acceso Autoestrada Atlántico, Estrada ao Aeroporto e Cinturón Periférico). Trátase dun contedor especializado para facilitar o desenvolvemento de congresos e exposicións, así como o uso complementario para concertos e outros actos socio-culturais.

O volume edificado é de 15.000 metros cadrados e a superficie dos servizos complementarios (accesos, aparcamentos e urbanización) ocupan 32.500 metros cadrados. O aparcamento da praza sur foi deseñado para servir tamén como área de feiras e exposicións. Asimesmo acometeuse a construción dunha rede de suministro eléctrico que partindo do transformador de Ponte Sar conecta coa rede de Fontiñas e coa subestación de Santiago Norte (San Caetano) para resolver a precaria situación que viñan sufrindo tanto o Pavillón de Galicia na Expo como o Estadio de San Lázaro. A distribución do Pazo de Congresos e Exposicións é a seguinte:

- Auditorio Principal

O Auditorio Principal está composto polas salas Santiago e Compostela unidas, e estas son as súas características:

- Capacidade para 2.100 persoas
- 16 cabinas de traducción simultánea con monitor de TV e receptores de infravermellos.
- Escenario central para espectáculos de todo tipo (300 m²).

- Pantalla de proxección frontal de 15 x 9 metros.
- Equipo de proxección de 35” e 17”.
- Montacargas hidráulico (4 x 2,40 metros) para mercadorías situado no centro do escenario.
- Proxección de vídeo, retroproxección, diapositivas...
- Mesa de mesturas, ecualizadores dixitais...
- Microfonía sen fíos, de lapela, de mesa...
- 120.000 watos de potencia eléctrica no escenario.

- Sala Santiago

Ademais de contar coas mesmas características descritas anteriormente para o Auditorio Principal, esta sala caracterízase por ter:

- Capacidade para 1.580 persoas
- Posibilidade de acoutar a sala para 500 ou 1000 prazas
- Altura desde o escenario a teito: 9,22 metros.
- 8 cabinas de traducción simultánea con monitor de TV e receptores de infravermellos.

- Sala Compostela

Esta sala destaca polas seguintes particularidades:

- Capacidade en patio de butacas de 520 persoas.
- Altura desde tarima ó teito: 7,90 metros
- 8 cabinas de traducción simultánea con monitor de TV e receptores de infravermellos.
- Escenario de 124 metros cadrados ata 300 metros cadrados

- Pantalla de proxección frontal de 15 x 9 metros
- Equipo de proxección de 35” e 17”
- Montacargas hidráulico (4 x 2,40 metros) para mercadorías situado no centro do escenario.
- Proxección de vídeo, retrospección, diapositivas...
- Mesa de mesturas, ecualizadores dixitais...
- Microfonía sen fíos, de lapela, de mesa...
- 120.000 watos de potencia eléctrica no escenario.

- Sala Obradoiro

Caracterízase sobre todo por ter:

- Capacidade para 400 persoas
- Altura desde tarima ó teito: 3,65 metros
- 5 cabinas de traducción simultánea con monitor de TV e receptores de infravermellos
- Espacio para presentacións comerciais
- Proxección de vídeo, retroproxección, diapositivas...
- Microfonía sen fíos, de lapela, de mesa...
- Posibilidade de acoutar a sala (panelable) a 200 prazas.

- Salas de reunión

Tódalas salas teñen as seguintes características:

- Toma de teléfono

- Os catro bloques de salas están rodeados de corredores ideais para exposicións de paneis.
- Nas salas 4-5, 8-9, 15-16 e 19-20, as salas de 36 metros cadrados pódense converter nunha soa sala de 72 m².
- Nas salas 13-14 e 23-25, as salas de 72 m² pódense converter nunha soa sala de 144 m².
- Microfonía sen fíos, de lapela, de mesa...

- Zonas de exposicións

Sobre a planta edificada, aproximadamente 120 x 65 metros e ata un total de 15.640 metros cadrados construídos, queda aberta, nas dúas plantas do edificio, unha superficie para zona de exposicións de 4.250 metros cadrados en dous halls e corredores laterais.

A situación destes espacios é inmejorable e está disposta para todo tipo de eventos, ben sexan complementarios á actividade congresual, presentación de produtos, feiras monográficas, exposicións culturais, etc.

Como zona de exposicións descuberta, ó aire libre, existen 3.500 metros cadrados perfectamente acondicionados para a celebración de acontecementos especiais con posibilidade de montaxe de toldo.

- Restauración / Catering

O Palacio conta co equipamento axeitado para a prestación de tódolos servizos de restauración:

- Cociña propia
- Cafetería
- Restaurante para 600 comensais
- Salas VIP-Restaurante para 25 persoas
- Salas privadas en disposición para 30, 60 e 90 comensais.
- Ceas de gala, ata 1.500 comensais
- Área para montaxe de espectáculos.

- Tódolos servizos

- Servizos audiovisuais: Está a disposición toda a tecnoloxía e os sistemas máis avanzados do mercado audiovisual.
- Alugueiro de mobiliario e equipamentos necesarios para calquera evento que se celebre no recinto.
- Outros servizos como telefonía, rotulaxe, servizos de azafatas, prensa, etc.

En definitiva, como continuador da secular tradición compostelá de hospitalidade e grazas á súa profesionalidade e calidade de servizos que ofrece, o Palacio de Congressos e Exposicións de Galicia é un referente nacional e internacional no sector da organización e acollida de eventos.

A súa infraestrutura innovadora, como queda de manifesto, concebida con carácter polivalente, e a súa situación privilexiada ó final do Camiño de Santiago, nunha das urbes con máis tradición cultural e turística de Europa, convérteno nunha das mellores infraestructuras da Capital de Galicia.

O coste do Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia (incluído suelo, honorarios de xestión da Sociedade Xestora, Redacción do Proxecto e dirección facultativa) foi de **3.111.345.201 pesetas**.

A Plaza Norte, que se concebiu como área de acceso principal e aparcamento tivo un custo de **115.000.000 (excluído suelo)**.

4.- Pavillón Multiusos Fontes do Sar

Representa un dos máis ambiciosos proxectos realizados en canto á dotación de infraestructuras públicas baixo a dirección arquitectónica dos arquitectos Pujol e Arenaza (Altis Arquitectos Asociados). Ubicado nun entorno de especial encanto e perfectamente comunicado a través da autoestrada e a circunvalación, con el dótase a cidade, non só dun gran espacio para espectáculos multitudinarios cuberto senón dun recinto que, pola súa capacidade, permite acoller ó mesmo tempo as máis variadas disciplinas deportivas. Os redactores do proxecto concebiron o pavillón de forma circular; unha forma marcada polo meandro que fai nesta zona o río Sar.

Un dos elementos máis sorprendentes é a súa cuberta, de trama feita en madeira filandesa. O teito mide 90 metros de diámetro, é dicir, a lonxitude dun campo de fútbol. A arquitectura xorde entón do terreo respectándoo ó máximo e baseándose en solucións que se compaxinan e integran coa situación ambiental e a paisaxe. O mesmo tempo, o pavillón representa unha continuación do Polígono de Fontiñas, a través do cal enlaza co centro de Santiago. A carón do complexo da Cidade da Cultura, polo sur, está perfectamente comunicado co barrio do Sar.

A versatilidade e estrutura funcional do edificio ten a virtude de facer compatible o seu uso diario como centro lúdico e deportivo coa realización de grandes eventos sociais e culturais. Os máis de 10.000 metros cadrados de superficie que compoñen as instalacións do Multiusos Fontes do Sar (con piscinas ó aire libre, Edificio Multiusos e as 500 prazas de aparcamento situadas no exterior) foron creadas baixo un criterio ben definido: a multifuncionalidade.

Para as prácticas deportivas o Multiusos pon ó servizo do cidadán un espazo de preto de 2.000 metros cadrados. Para elo conta cunha sala cardiovascular, fitness e musculación, 9 salas de actividades dirixidas e unha gran pista polideportiva, todas elas co máis moderno equipamento.

4.1.- Características da instalación como zona deportiva

- Unha sala de fitness de 300 m² con 64 postas
- Unha sala de cardiovascular de 150 m² con 42 aparatos
- 9 salas de actividades dirixidas de 120 m²
- Vestiarios no nivel 1 con 90 taquillas (masculino) e 95 (femenino).
- Vestiarios no nivel 2 con 95 taquillas (masculino) e 105 (femenino).
- Saunas nos vestiarios do nivel 2 (masculino e feminino).
- Unidade médica e de fisioterapia.
- Solarium
- Pista polideportiva de 600 m².
- Pista central de 1.200 m².

4.2.- Espacio para eventos e Espectáculos

- 6 camerinos equipados con liña de voz e datos
- Sala de Prensa
- Hall de entrada para espectáculos e eventos de 1.000 m².
- Zona V.I.P.

- 5.065 localidades con asento
- Aforo total de 10.000 persoas
- Cabina para locutores
- Oficina de produción totalmente equipada
- Cociña
- Almacén de 1.800 m2.
- Taquillas
- 2 postos de venda de entradas
- 2 postos equipados para poder utilizar como cafeterías
- Amplia zona de aparcamento para 700 coches.

4.3.- Lugar de encontro

- Na gran pista central do Multiusos Fontes do Sar, cunha dimensión de 80 x 50 metros, non só se realizan todo tipo de actividades deportivas e cuberto (baloncesto, balonmano, fútbol sala...) senón que as súas características o converten no marco máis apropiado para a realización de espectáculos: Trial indoor, Karting indoor, Windsurf indoor, Patinaxe sobre xeo, e actividades de tipo profesional e social (congresos, convencións, encontros, feiras de mostras, etc.). Tamén é sede dos encontros de competición deportiva de equipos da cidade como o Rosalía e o Lobelle.
- O hall central de 1000 m2 pola estrutura e funcionalidade, é un luminoso espacio de especial beleza,

moi axeitado para o desenvolvemento de actividades culturais e exposicións de todo tipo.

- Recentemente dotouse ó Complexo dunha moderna cafetería-restaurante de carácter público donde se pode degustar unha ampla variedade de produtos gastronómicos e mesmo dispoñer de comida rápida para domicilio.

4.4.- Recinto para eventos musicais

Ademais de ser unha das cidades máis fermosas e espectaculares do mundo, Santiago caracterízase por ser unha das poboacións europeas onde a arte e a cultura forman parte da paisaxe cotiá. A xuventude dos seus habitantes, o espírito universitario e a súa especial ubicación como centro xeográfico e administrativo de Galicia converten a Compostela no escenario ideal para a celebración de grandes eventos musicais. As modernas instalacións do Multiusos Fontes do Sar, o converten nunha referencia no noroeste da península para dar cabida a todo tipo de espectáculos.

O amplo aforo para 10.000 espectadores, os cómodos accesos de entrada e evacuación do edificio, as modernas medidas de seguridade, e os servizos prestados (rede de voz e datos en camerinos, salas de reunións, zona Vip, sala de produción...) son garante de éxito para a organización e produción de espectáculos.

Os estudos realizados por empresas especializadas en acústica ofrecen valores de reverberación a frecuencia intermedias e co recinto vacío de

4.66-4.25 segundos, que descenderá a 1.9-2.3 segundos ante a presenza de público.

O pop, o rock, o Fol., a música dance...teñen no Multiusos Fontes do Sar un escenario excepcional. De feito artistas de talla mundial como Sting, Bob Dylan, Noa, Roxy Music, Placebo, Saint Germain, Maná, Suede, Sabina ou Manolo García, por exemplo, xa elixiron Santiago para os seus concertos.

Costes da intervención

O coste da intervención, incluído suelo, honorarios e xestión da Sociedade xestora, honorarios de redacción do Proxecto e Dirección Facultativa é de **3.489.996. 257 pts.**, das que 954.820.432 pts. foron satisfeitas en 1995 e 1.017.668.959, están presupostadas para o ano 1996.

5.- Piscinas do Sar

Complementariamente construíronse dúas piscinas exteriores do Pavillón Multiusos Fontes do Sar. Segundo o proxecto dos arquitectos Pérez de Arenaza, Pujol Ferrer e Casabella López, o edificio ten un aspecto final liviano que establece un necesario contrapunto volumétrico, polo que a súa forma exterior é cuadrangular, en clara oposición á circular do Multiusos.

Polo que se refire estrictamente ás piscinas, éstas teñen importantes dimensións, tanto á destinada ó baño e lecer dos adultos –que está formada por dous corpos- como a ideada para os máis novos, amais da praia interior pavimentada que rodea estas dúas piscinas e conforma unha terceira zona de esparcemento.

Dentro das instalacións hai varios espazos destinados a prestar cada un deles un servizo moi definido tanto para os usuarios como para os traballadores das piscinas: vestiarios, servicios administrativos...

Nos vestiarios, independentes para homes e mulleres, hai un espazo xeral con cabinas e taquillas individuais, dependencias destinadas ás duchas e servizos hixiénicos. As instalacións están dotadas dun soto destinado a albergar os necesarios equipos para o control de calidade de auga, como a depuradora, o depósito de regulación e filtrado da auga das piscinas, ou o depósito para quentar a auga no inverno.

As novas piscinas do Sar permiten disfrutar da auga durante todo o ano grazas á instalación dun globo presostático durante a tempada de inverno e a súa climatización. Este proxecto corresponde a unha ampliación da obra. A superficie total da actuación foi de 375 metros cadrados de ampliación

de edificación en formación de vestiarios e de 1440 metros cadrados na colocación dun globo presostático de cubrición da piscina. As superficies e áreas de actuación do proxecto executado consta das seguintes partes:

- Vestiarios de inverno

Consta dun edificio que alberga as instalacións para os vestiarios de inverno da piscina existente. Este edificio construíuse contiguo ó frontal da piscina para poder dispoñer dun acceso directo a través dun pasillo climatizado. Nestes vestiarios podemos atopar dúas zonas diferenciadas: o vestiario dos homes e o das mulleres, a partir dos que se accede a unha zona común, previa entrada á piscina.

- Cuberta Presostática

Na piscina existente exterior colócase durante a tempada de inverno unha cuberta presostática de 60 x 24 x 10 metros de altura. Así mesmo colocáronse dous tipos de accesos, un de porta xiratoria e tres de saída de emerxencia. Tamén se fixo un túnel de conexión que se conecta na porta xiratoria e vai directa ós vestiarios. Esta obra está dotada coas instalacións de climatización pertinentes e alumeado.

O presuposto de execución referido ós vestiarios de inverno, climatización e cubrición das piscinas foi de **88.144.651 pesetas**.

6.- Reurbanización da Finca Vista Alegre

O predio Simeón, tamén coñecido como Vista Alegre, está encravado en pleno corazón do casco antigo, e desde el pode contemplarse unha perspectiva da silueta da cidade histórica. A súa conversión de propiedade privada en patrimonio público foi posible polo impulso do Real Padroado da Cidade, a través do Consorcio, con motivo do cumprimento do 500 aniversario da Universidade compostelá. Unha operación urbanística e á vez de restauración da nosa memoria histórica e cidadá para disfrute colectivo.

Este predio amurallado, dunhas tres hectáreas e media (exactamente cunha superficie de 24.700 metros cadrados) ten forma rectangular e aparecía xa no plano da cidade debido a López Freire, situándonos en 1796, cunha configuración moi semellante á que mantivo ata hoxe, e co nome de “Hortas de San Martiño”, o que indica a súa pertenza orixinaria ó veciño mosteiro de San Martiño Pinario, como xa se dixo anteriormente. Pasados os anos e modificado o réxime da súa propiedade, a principios do século XX, concretamente en 1903, don Acisclo Pérez Sánchez encargoulle a construción dun chalé unifamiliar ó arquitecto Daniel García Vaamonde.

Trala reurbanización actual e a dotación de novos equipamentos, o predio acolle diversas instalacións con vocación de uso docente, universitario e cultural: a Casa de Europa, o Centro de Estudos Avanzados e o Centro de Altos Estudos Musicais. A primeira delas ocupa o antigo chalé de uso familiar, que o arquitecto César Portela e Arata Isozaki rehabilitaron e adecuaron ás súas novas funcións con absoluto respecto e procurando rescatar o hálito romántico que aínda impregna o recinto intramuros. Portela e Isozaki realizan tamén a segunda das instalacións referidas, así como a urbanización xeral do predio. Un lugar no que se

poden distinguir, desde unha perspectiva histórica, botánica e arquitectónica, as seguintes partes:

- A Quinta, un palacete construído en pedra, de arquitectura ecléctica con clara influencia “caribeña”, e o seu contorno axardinado, de inspiración barroca, característico dos pazos galegos.
- A Casa dos Caseiros, e o seu contorno de hortas, viñedos, árbores froiteiras, hórreo...
- Unha rede de paseos de trazado ortogonal, flanqueados por longas ringleiras de árbores froiteiras, que acoutan entre si panos de herba, nos que medran unha gran variedade de arbustos e plantas floridos.
- As zonas baixas, de pradeiras húmidas, próximas ó río.
- A carballeira, unha masa arbórea que crea o seu propio espazo nun dos ángulos do terreo. A súa presenza introduce unha faceta boscosa e ruralista no rico e refinado conxunto.

Os criterios adoptados polos arquitectos César Portela e Arata Isozaki para a reurbanización deste espazo foron os seguintes:

- Respecta-los valores de todo tipo: históricos, topolóxicos, urbanísticos, arquitectónicos, constructivos, botánicos, paisaxísticos, ambientais, típicos... que contén o conxunto e cada unha das súas partes.
- Recuperar e restaurar valores de todo tipo existentes en épocas pasadas e hoxe danados ou desaparecidos.

- Introducir novos valores, compatibles cos anteriores, como consecuencia das novas actuacións que os novos usos demandan.

Desde unha perspectiva urbanística, o propio arquitecto considerou que o principal obxectivo era reordena-lo predio para acomodalo ós novos usos, inserindo nel novos volumes edificatorios, sen que se resentira a estrutura do conxunto e a de cada unha das partes, preservando os valores ambientais e paisaxísticos. Para acadalo, optouse por:

- Respecta-lo antigo muro perimetral de pedra, conservándoo, restaurándoo e reconstruíndo panos deste, desvirtuados co paso do tempo.
- Preservar toda a ordenación orixinal existente en canto a zonificación, trazados, volumetrías, especies botánicas...
- Dota-las novas edificacións dunha volumetría acorde coa súa función, pero tamén co lugar que se lles asigna, tratando de integralos no conxunto, e de aproveitalos, mesmo, para oculta-la presenza de actuacións urbanísticas recentes e pouco afortunadas, situadas no contorno máis próximo.

6.1.- Casa de Europa

No referente á arquitectura, en opinión de César Portela, *“o reto principal tiña orixe análoga ó dito anteriormente: cómo rehabilitar un edificio, transformando de quinta familiar nunha residencia, cos requerimentos espaciais e tecnolóxicos que isto leva consigo, sen afectar á*

súa tipoloxía, sen cambia-lo volume nin as fachadas, sen altera-la súa imaxe histórica, sen perder co cambio a súa harmonía compositiva, o seu equilibrio co contorno, o seu carácter intimista, a súa peculiar atmosfera, ese aire decadente, un tanto ecléctico, de principios de século, que fai deste palacete un típico exemplo de arquitectura mestiza, da coñecida vulgarmente como indiana, tan distante e o mesmo tempo tan nosa”.

Deste xeito, o nobre edificio converteuse na Casa de Europa; unha residencia para os profesores procedentes doutras universidades do mundo enteiro que, cada vez con maior frecuencia, acoden a Santiago de Compostela para participaren en actividades docentes e investigadoras. Pois hai que lembrar que, sendo rector da Universidade de Santiago Darío Villanueva, promoveuse a creación, en setembro de 1994, do “Grupo Compostela”, a máis ampla rede universitaria europea, con máis de setenta universidades pertencentes a unha vintena de países europeos.

Así, e co propósito de reafirma-la decidida vontade europeísta da Universidade de Santiago de Compostela, precisamente cando se cumpriron os cinco primeiros séculos de existencia da súa andaina académica en 1995, rehabilitouse a Casa de Europa e acondicionouse e urbanizouse a Finca Vista Alegre. Unha obra iniciada en xaneiro de 1999 e rematada en novembro do ano 2000 pola empresa ACS cun investimento de **378.003.504 ptas.**

6.2.- Centro de Estudios Avanzados

Pero se a Casa de Europa, ca amplitude dos seus salóns e a beleza do seu contorno, ofrece o mellor escenario para ese club de encontro entre

os membros da Universidade de Santiago e os profesores e investigadores visitantes, o edificio do Centro de Estudios Avanzados serve sen duda de comfortable complemento.

Trátase doutro proxecto dos arquitectos César Portela e Arata Isozaki & Asociados, construído no mesmo parque universitario de Vista Alegre, e que foi concebido cunha dobre finalidade:

Por unha parte representa un foro de intercambio de experiencias, métodos e proxectos entre os investigadores galegos e os internacionais. Por outro, facilita a conexión entre a universidade e os centros de decisión, ofrecendo de maneira áxil e rigorosa respostas científicas ós grandes retos da nosa sociedade.

Esta edificación organízase en tres niveis: O primeiro é moi público polo que se buscou tamén que fora moi permeable, xa que este pavillón polo seu emprazamento se mezcla cun dos eixos principais de circulación peatonal dentro do Parque. Neste nivel dispónse dun vestíbulo con cabina de Control e Guardarroupa, aseos, zona de administración, dous despachos de profesores, un aula de Seminario, unha sala informatizada.

O segundo nivel, a planta primeira, é a planta noble, donde se atopa a Sala de Debate, con capacidade para oitenta plazas dispostas en plano igualitario, é dicir, sen xerarquía algunha. Este espazo a dobre altura é o máis característico e representativo dentro do Pavillón. Está equipado con catro cabinas de traducción simultánea e de proxección de medios avanzados, situadas no seu nivel superior. Tamén dispón dunha Sala de Xuntas con capacidade para vinte persoas, un Aula de Seminarios, e dous despachos máis para o profesorado.

O terceiro nivel é o máis reducido e está formado por un Aula de Seminario, dous despachos de profesores, aseos para homes e mulleres, un pequeno almacén e cabinas de traducción.

A edificación de base cuadrangular construíuse mediante un sistema estrutural sobre a base de muros portantes de fábrica de pedra de granito dun metro de altura e de corenta centímetros de espesor. Consta de dous volumes que se unen mediante una caixa transparente no que vai a escaleira.

As obras correspondentes á construción do Centro de Estudios Avanzados ascenderon á cantidade de 194.068.760 ptas. de execución material e **267.892.517 ptas.** de execución de contrata.

6.3.- Escola de Altos Estudios Musicais.

A Escola de Altos Estudios Musicais nace con vocación de constituir un centro docente de formación en técnicas musicais de alto nivel, complementando, como estudos de post-grado, a experiencia e formación musical adquirida polos usuarios nos diferentes conservatorios existentes. Nela, os profesores, integrantes da Real Filharmonía de Galicia, comunican ademais da técnica a súa experiencia de estar tódolos días na Orquestra, colaborando con directores e solistas.

Segundo o proxecto de Antón García-Abril, a escola, situada na Finca Simeón, está formada por un volume pétreo de planta cadrada, cúa

disposición de fachada da unha imaxe de grande abstracción no amplo parque axardinado resultante da adecuación e urbanización da finca.

A superficie de ocupación do edificio é de 479 metros cadrados e ten tres plantas sobre rasante. A estrutura plantexa unha separación entre os usos. Os que se destinan baixo rasante son os de maiores requerimentos acústicos como a Sala de Cámara e Orquestra, as salas de percusión e electroacústica, e os que van sobre rasante como a planta de acceso que se destina a usos públicos como vestíbulo e cafetería con amplos espazos abertos, e as tres plantas superiores que están reservadas á aulas e despachos tanto de profesores como de alumnos. Tódalas plantas dispoñen dun núcleo de baños con cuartos independentes e un aseo diferenciado para minusválidos. Nas plantas segunda e terceira existen dous amplos espazos de descanso para o persoal docente e alumnos, e unha terraza exterior accesible desde a planta segunda.

O presuposto inicial de execución ascendeu á **217.226.576 pesetas** .
Corresponde á OHL.

Equipamento

O proxecto de equipamento xurde como iniciativa do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (I.G.A.E.M.). Este proxecto recolleu unha partida de reforma de albañilería nas plantas 1ª e 3ª. A planta 1ª destínase para uso administrativo e de oficina, e a planta 3ª alberga a Biblioteca.

As pezas elixidas para amoblar ós espazos públicos están deseñadas polos grandes mestres da Arquitectura contemporánea como Le Corbusier,

Mies Van Der Rohe ou Arne Jacobsen, que armoniosamente combinaron a arte, a artesanía e a produción industrial, creando unha completa colección de mobles producidos e distribuídos no noso país por ALIVAR.

Desta forma, definíronse con claridade os seguintes ambientes: Sala-Auditorio, vestíbulo, cafetería, biblioteca, aulas, despachos, zonas de descanso e reunión de alumnos e profesores, etc. adecuándoos á estrutura que presenta o edificio e obtendo un resultado máximo en confort e uso do espazo.

Todo o mobiliario utilizado para amoblar a Escola é de gran calidade tanto estética como funcional, realizado con materiais de gran calidade como o aceiro, vidro, aluminio, coiro ou madeiras nobles, e foi elidido especificamente para realzar os espazos nos que se colocou.

Presuposto: 72.594 €

7.- Albergue de Peregrinos de San Lázaro e equipamento

A residencia de Peregrinos de San Lázaro está situada nunha zona da cidade que está a gozar dunha moderna transformación, pasando do seu carácter rural a unha nova área urbana de grandes equipamentos como son o Estadio de San Lázaro, o Palacio de Exposicións e Congresos e outros edificios administrativos e Hosteleiros. Todo isto unido a novos bloques residenciais de vivendas de planta baixa e tres superiores. A transformación complétase coa proximidade das grandes vías de comunicación como son a autoestrada e o periférico de Santiago.

A residencia está próxima tamén a unha das vías de penetración como é a estrada de Lugo que neste último tramo ten xa un marcado carácter urbano e que o mesmo tempo coincide co Camiño de Santiago, o que facilita o acceso de peregrinos.

Así, a construción da Residencia de peregrinos está formada polo seguinte equipamento, seguindo o proxecto redactado polo arquitecto Arturo Campanero García.

- Dormitorios (56 plazas)
- Sala de actividades
- Comedor
- Cociña
- Aseos
- Almacén de material
- Oficina – Recepción

En canto os espazos para actividades dos mozos en tempo libre, destacan:

- Tres salas polivalentes para actividades
- Biblioteca – Sala de reunións
- Oficinas

O edificio deseñouse con dous módulos lonxitudinais e outro transversal. Os dous primeiros acollen as dependencias da residencia e das asociacións da mocidade. O módulo transversal acolle os servizos sanitarios, o almacén e a sala de instalacións, ao mesmo tempo que serve

para comunicar exteriormente e baixo cuberta os tres módulos. O módulo destinado á mocidade está dotado dun porche nun dos seus extremos que pode acoller actividades no exterior e servir tamén como zona de secado de roupa. O equipamento sanitario sobredimensionouse a fin de que as instalacións poidan acoller 80 plazas máis en réxime de acampada.

O presuposto de execución da obra foi de **846.224,43 €**